

Que lle pide ao goberno a xente da cultura?

(Páx. 24-25)



Presentarán o programa o 18 e o goberno o 24 PSOE e BNG na fase final

(Páx. 9)

Atentados de Londres Os primeiros suicidas británicos


(Páx. 20)

O Festival Celta abríuse a novos ritmos Música mediterránea en Ortigueira

(Páx. 31)

A NOVA XUNTA DEBERÍA TER CLARO QUE O NOSO PAÍS é un territorio específico do Estado e que o Goberno central debe mudar a súa política con Galiza. Se nacionalistas e socialistas teñen que renunciar a diferenzas semánticas que o fagan. Porque o importante non é denominación "débeda histórica", senón o acordo sobre os déficits que arrastra a economía galega, tanto en infraestruturas, como en educación, emprego ou sanidade, froito, entre outras cousas, das negociacións á baixa duns gobernos anteriores que crían pouco na autonomía. PSOE e BNG deben pactar tamén a necesidade de que o Estado se comprometa a dar o diñeiro necesario para que Galiza poida converxer cos outros territorios peninsulares e europeos. Igualmente deben quedar claros os mecanismos de reclamación, de modo que non pareza que o que se reclama para Galiza vai parar a un ente abstracto e non aos cidadáns galegos. A mellora da nosa calidade de vida esixe, por último, a reforma do Estatuto de Autonomía, o que significa un novo marco xurídico de relación, interna e externa, máis adaptado aos novos tempos. Se existe coincidencia sobre isto, por que retrasalo?♦

MELODÍA DE DÍAS USADOS Anxos Sumai



A MÚSICA DA VIDA.
Música e vida van da man no novo libro de Anxos Sumai. Narrar a propia vida con personaxes e feitos que nacen do mundo cotiá para logo medraren co alimento da imaxinación, velai o acerto de Anxos Sumai. Un libro no que a música da vida convértese nun son que dá acougo e promete felicidade.

PACO VILABARROS

Entramos nun piso de 'relax'

'A soidade e o medo son o máis duro da prostitución'

Unha Xunta onde case todos eran parentes O clan Fraga

(Páx. 12)

'A soidade e o medo sempre nos acompañan'


Prostitutas de pisos de relax contan a súa historia dende o lugar de traballo

RUBÉN VALVERDE

Un piso de contactos dende dentro é un lugar incómodo que recende a ambientador barato e soidade. Custa varias semanas gañar a confianza dunhas prostitutas para que nos deixen ver como é o seu día a día. Cando se consegue que falen, descóbrese que son as propias prostitutas as que rachan con moitos tópicos que se reproducen a diario.

“Cheguei a Galiza hai algo máis de catro meses. Xa sabía ao que viña. Miña tía levaba traballando aquí dende había tres anos e mandaba moitos cartos para Brasil. Eu tamén quería unha vida mellor para os meus fillos e decidín adicarme á prostitución porque co que gañaba en Brasil non podía pensar en sacalos adiante”, sinala Eduarda mentres espera xunto coas súas compañeiras na cociña a que chegue algún cliente. Ten dous fillos, un neno de dos anos e unha nena de sete, de distinto pai.

O seu primeiro “marido”, como di ela, aínda que nunca estivo casada formalmente, traballa na Petrobras (compañía de petróleos do Brasil). “Deixeiño despois de moitos anos porque era moi mullereiro. Antes dábame algunha axuda para criar á miña filla, pero agora hai tempo que non dá nada. Como siga así vou ter que ir á xustiza, aínda que é difícil”, continúa Eduarda. “O máis normal é que os homes non axuden a sacar adiante aos fillos, por iso que as mulleres temos que facer todo o esforzo”, explica outra rapaza dunha cidade pequena preto de Río que se fai chamar Michelle, de 25 anos, que tamén ten dous fillos. A segunda relación de Eduarda aínda acabou peor. O pai do seu segundo fillo morreu hai dous anos nun accidente de mo-



Eduarda posando na cociña da súa casa.

Reportaxe Fotográfica: PACO VILABARROS

to, “co cal quedei soa e con dous pequenos”, engade Eduarda. Ambas as dúas comezaron traballando xuntas nun coñecido piso de Vigo, chamado *La Casita de Elena*, “pero as condicións non eran demasiado boas, tiñamos pouco tempo libre, tan só os domingos e a comisión que se quedaba a dona era moi alta”, explica Michelle. Os pisos de relax foron substituíndo nos últimos anos os locais de estrada e aos chamados barrios chinos como lugares preferentes de prostitución.

“As condicións nun club son

moi duras. Tes que estar metida alí todo o día, sen poder saír para nada. Non tes opción de elixir os clientes e tes que prestarte a facer de todo. Ademais, polo xeral cóbrase menos, a non ser que sexa un club selecto, como o Hotel Peinador, por exemplo, e a comisión que se queda o dono é maior”, conta Bianca Blonde. Esta loura de máis de corenta anos traballaba como actriz de reparto en varias series da famosa Rede Globo brasileira. Ten unha filla de máis de vinte anos que estuda unha carreira. Na co-

ciña da casa situada nun barrio céntrico de Vigo saca as fotos da súa filla e comeza a gabarse do estudosa que é e da boa vida que ten agora. “Está nunha Universidade privada facendo *Publicidade e Marketing* e vive coa súa irmá nunha mansión de Roberto Carlos ou Ronaldo”, explica Bianca. Durante moitos anos foi parella “dun home que tiña moitos cartos”. Cando a relación acabou viu probar sorte a Vigo para manter o nivel de vida. “Gañamos entre 3.000 e 4.000 euros

cada mes. Ás veces máis. Cambiando iso en reais é unha fortuna porque danche tres por cada euro”, asegura Bianca.

O piso está decorado sobriamente. É pequeno. Ten unha habitación, un baño e unha cociña. Na mesma cama durmen tres mulleres. Todo recorda a esa soidade da que falan. Na cociña, onde nos invitan a pasar, hai unha pequena mesa, unha cociña dos anos sesenta, unha campá extractora da mesma época e que ten os cables por fóra como se non funcionase dende hai sécu-

los e unha neveira que semella sacada dunha película de Paco Martínez Soria. Os únicos elementos ornamentais en toda a casa son unhas figurinas de todo a cen, unha réplica da Torre Eiffel e unha flor de plástico dentro dun xarrón de cristal sobre a neveira. Ademais, na entrada tamén hai un moble de espellos, de eses que había nos baños de antes, con dúas fotos enriba. Como contraste, enriba dunha encimeira da cociña están pousados seis móbiles de última xeración que sonan a cada pouco. ♦



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE: Xosé Fernández Puga.

VOCAIS: Césario Sánchez Iglesias, Xosé M. Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordinación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores: GAUZA: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Baniobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia

Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Ladrís, Xosé M. Anel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.

SOCIEDADE: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.

ECONOMÍA: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.

PENINSULA: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.

MUNDO: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.

DEPORTES: Manuel Pampín.

CULTURA: Ramiro Fonte, Vitor Viqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López

Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbelo, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalain, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.

FIN DE SEMANA: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Izolda dos Vinhos, Xosé Miranda.

LEER: Xesús Vaamonde Cid.

ÚLTIMA PÁXINA: X.R. Pousa, X.A. Gacío, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Samartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidada@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga subscripciones@anosaterra.com

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfono: 986 433 886 - 222 405. Fax: 986 223 101.

CORREO ELECTRÓNICO: info@anosaterra.com ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIBCIÓN E PUBLICIDADE: 986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

'A maioría dos clientes son xente nova e moitos están casados ou teñen parella estábel'

Bianca está deitada nun sofá de espuma que ás veces fai de colchón improvisado cando hai máis dun cliente na casa. "Pasen, nunca deixamos entrar a ninguén aquí se non é cliente, pero, cando damos confianza, os que entran nesta casa son ben recibidos. No Brasil sempre dicimos entren e busquen sitio". Ten cara cansa. Os seus brazos están pousados sobre a cabeza. "Acabo de traballar agora e estou intentando coller folgos". Ofrecen algo de comer ou de beber. Sacan esa simpatía natural dos brasileiros e explican que "aquí cando podemos estamos de brincadeira".

O piso está situado nun baixo. Xunto á fiestra está sentada a irmá de Bianca, Fátima, que malia ser máis nova ca ela parece exercer como *madame*. "En serio, apétecelles algo? Unha galleta, un vaso de viño... Aquí compartimos todo o que temos. Somos xente normal que falamos de cousas normais", enfatiza Fátima. Explican que no Brasil son moitos irmáns e que alí había pouco traballo. Tamén Fátima ten fillos e amosa con orgullo as fotos. Chama a atención que todos son distintos. "Son de diferentes país. Pero mira que guapos son todos", engade. Chama a atención os ollos azuis que teñen tanto a filla de Bianca como os dous cativos de Fátima.

A conversa comeza con tópicos sobre o Brasil: comida, clima, música... Máis adiante falan da situación económica do seu país. "Non confío moito en que as cousas cambien. Non me gusta moito Lula —explica mentres fai burla do dedo que lle falta na man ao dirixente brasileiro—. Eu son *Pedetista* (do Partido Democrático dos Traballadores)", explica Fátima. "Pois a min gústame e penso que o está a facer ben", rebate Bianca.

Cando collen un pouco de confianza comezan a describir a profesión. "Os clientes que veñen son moi variados, aínda que adoitan ser maioritariamente xente nova. Veñen aquí porque piden facer cousas connosco que non se atreven a facer coas súas noivas ou mulleres. A nós danos igual se son vellos ou non. É un traballo e o único que queremos é que nos paguen", sinalan mentres traen da habitación unha colección de consoladores de todos os tamaños e cores. Ante a cara de sorpresa Fátima explica que

"non son para nós. Son para os clientes. Aquí facemos dende os servizos máis simples até o *sado*.

traballando na rúa". As prostitutas xogan coa versión da clientela. "Agora a

'Preferimos traballar en Galiza antes que en Madrid ou Barcelona porque alí hai moita competencia e tes que degradarte máis'

miña sobriña Eduarda e máis eu puxemos un anuncio no Faro dicindo que somos nai e filla para que nos chame máis xente". E o teléfono sona. "Ola cariño. Estamos tres rapazas neste piso..." e comezan a relatar os servizos como se dunha liña erótica se tratase e as tarifas que leva aparellado cada un". Pouco despois soa o timbre da casa. ♦



Bianca gaña entre 3 e 4.000 euros ao mes por estar dispoñible as 24 horas.

'Devólvelle os cartos que estes dous querren infectarme'

No momento en que chegan os clientes o rostro semi-relaxado das mulleres —nunca perden esa mirada perdida de tristura e saudade— torna inmediatamente. Íspense axiña pedindo por favor que non miremos. Van saíndo ao pequeno recibidor unha por unha. Son dous homes de algo máis de trinta anos. Dende a cociña escóitase a súa voz. Nun principio as prostitutas pensan que imos ter que marchar da casa porque van ter que botar man da cociña xa que só contan cunha habitación. Pero finalmente os dous homes deciden quedarse con Bianca. Na cociña hai que falar máis baixo.

Aos poucos minutos Bianca entra con velocidade na cociña. Ten cara de espanto. "Axiña, dáme os cartos que che deixei para que os gardases que llos vou devolver para que se vaian. Estes dous querenme infectar". Escóitase unha pequena conversa e péchase a porta. "Menos mal que marcharon. Un deles quería facelo coa luz apagada porque dicía que lle daba vergoña. Puxen unhas velas pero cando o fun tocar apre-

Garda Civil sinala que máis do 90% das mulleres que traballan en clubs de estrada en todo o Estado son estranxeiras e delas, o 58,5% son latinoamericanas e un 34% proceden de Europa do leste. As mesmas fontes calculan que nos pisos a situación é semellante, aínda que en Galiza a presenza de sudamericanas é superior e baixa a de mulleres procedentes do leste europeo. Segundo o informe, a maior parte non teñen regulada a súa situación.

Ningunha das prostitutas ás que tivemos acceso están "legais", aínda que "coa última regularización houbo moitas que puideron conseguir os papeis dándose de alta como camareiras ou limpadoras do fogar. Aínda que é certo que esa regularización acadárona máis as mulleres que traballan en clubs de estrada, especialmente os máis selectos, que os que fan en pisos privados", explica un brasileiro chamado Rená, que se define como "amigo" de varias prostitutas e que explica como é o proceso para traer a mozas dende os países sudamericanos.

"Case ningunha muller que vén de Brasil ou de Sudamérica faíno enganada. Saben que veñen a prostituírse. Alí

un home contacta con elas, búscalle traballo nun local ou nun piso e págalle o billete. A cambio, a rapaza que gaña no primeiro mes ten que darlle entre mil euros máis o billete até tres mil euros", explica Rená. En semellantes termos fala Bianca. "Eu traballei nun club durante máis dun ano e sei que case ningunha rapaza vai enganada. O que pasa que como queren deixar o negocio para poñerse pola súa conta e gañar máis falan de mafias e de enganos. Pero menos dun 10% veñen en contra da súa vontade". Rená matiza dicindo que "en Europa do Leste penso que as cousas funcionan de xeito distinto. Alí, polo que sei, os contactos moitas veces dínlle ás rapazas que van vir traballar coidando neños ou facéndolle a comida a algún e acaban metidas en prostíbulos sen poder saír". ♦

'Case ningunha muller que vén do Brasil ou de Sudamérica faíno enganada. Saben que veñen a prostituírse'
BIANCA BLONDE.

ciei que tiña dous cortes enormes no seu membro, como se lle fose a caer e desprendían pus. Dixerlle que así non o facía porque aínda mesmo poñendo o preservativo, que sempre o usamos, pode contagiarme se rompe ou o quita. Hai moita xente que contrata os nosos servizos só para transmitírnos algunha doenza por xenreira ou algo que lle aconteceu a eles", explica Bianca.

O medo é outro dos grandes compañeiros de traballo das prostitutas: a que non lles paguen, a que as rouben, a ser localizadas pola policía e extraditadas ou a ser contagiadas. Unha gran parte das prostitutas que traballan aquí nos últimos anos son estranxeiras. Nun recente informe elaborado pola Unidade Técnica da

Infectadas que seguen a traballar

A recente morte dunha prostituta no Hotel Peinador de Vigo supostamente por meningite, segundo a versión oficial, trae a actualidade o debate sobre a necesidade de control da profesión. "Nós adoitamos ir facer controis ao xinecólogo cada dous meses, mais sempre tes o medo de que che transmitan algunha doenza", explica Eduarda. "Dende que pasou o da rapaza os donos dos pisos e dos

locais tratan de incrementar os controis sanitarios, aínda que a ninguén se lle escapa que hai xa mulleres infectadas que seguen traballando", asegura Rená.

Segundo E.M., fornecedor de artigos sexuais en diversos prostíbulos, "hai moitas rapazas que queren gañar máis cartos e quedan cos clientes fóra dos prostíbulos ou dos pisos. Alí un cliente paga o duplo ou o triplo

por facelo sen preservativo e aí chega o problema de contaxios. Coñezo casos de rapazas que se contagiaron de sida por facelo fóra do seu traballo por 300 ou 500 euros". De feito, esta mesma fonte e outras próximas á rapaza que morreu no prostíbulo vigués aseguran que a meningite estaba precedida dunha infección anterior "dunha enfermidade máis grave". ♦

Vinte e un días nun piso de relax ou nun prostíbulo

“Ola son Michelle. Son brasileira, fago todos os servizos, traballei xa en tres pisos e quero mercar unha praza no seu piso”. Este é o inicio dunha conversa entre o dono dun piso en Ourense e unha prostituta que quere traballar alí. Os contratos fanse por 21 días, “agás cando se trata dunha rapaza que acaba de chegar do Brasil traída polo dono do local e que adoita acordar un contrato verbal por dous ou tres meses coa prostituta para poder rendibilizar o custe de trae-la”, explica Rená.

Chegamos a Coruña, nunha zona moi próxima ao Corte Inglés. Eduarda está traballando alí. É o seu último día. Non esgotou os 21 días que tiña acordados porque a súa tía marcha para o Brasil de vacacións nesa semana. É domingo pola tarde, pouco despois da hora de comer. Unha voz masculina detalla a dirección do piso por teléfono. Trátase dunha vivenda con máis habitacións que o de Vigo. Traballan en total 5 persoas: catro mulleres e un travesti que foi quen indicou a dirección.

O piso ten catro habitacións, pero tamén vive o dono do piso e propietario do negocio, co cal as mulleres dormen en parellas. As discusións dentro da vivenda son constantes. O dono ten máis de cincuenta anos, é homosexual e ten vivindo con el a súa parella sentimental, un rapaz colombiano de pouco máis de vinte anos. “O rapaz abusa continuamente do dono. Sacoulle un coche, un apartamento, leva unha vida de luxo e aínda por riba dálle auténticas malleiras ao vello. Xa lle dixemos que o tiña que tratar mellor porque incluso un día estouroulle un prato na cara”, relata unha das rapazas que está traballando no piso e que é de nacionalidade venezolana.

Durante a mañá do domingo, mentres que agardamos a que Eduarda nos introduza no piso, esta fai tres “servizos” e gaña case 400 euros. “Foi unha boa semana, por iso tamén o dono deixa que marche, porque xa ten máis que rendibilizada a miña estancia. Este mes vou gañar máis de catro mil euros. Todo o que vou sacando métoo nunha libreta e mándoo para o Brasil. Os meus fillos están ao coidado da miña e mándolles cartas para que lle compre xoguete e libros para aprender. Quero asegurar o



No hotel Peinador de Vigo ofrecía os seus servizos a muller que morreu, supostamente, por meninxite.

seu futuro e que poida ir á universidade. Ademais, miña nai ten a televisión estragada e voulle mercar un novo equipo con dvd”, explica Eduarda.

Non podemos permanecer moito no piso porque o ir e vir de clientes é continuo e amólanse coa presenza de homes

polo corredoiro. “Agora irei traballar coa miña tía, pero teño unha amiga que vai volver a *La Casita*

‘Agora véndennos unha especie de esponxa que serve para taponar o útero e que o cliente non se decate de que estás coa regra’

de Elena”, conta Eduarda. Nese famoso piso de contactos de Vigo Eduarda traballou durante varios meses. “Cando rematas o contrato de 21 días podes renovalo se o dono está contento co teu rendemento e ti estás de acordo. Non sei por que se escolle ese prazo de tempo. Supoño porque

unha semana é demasiado pouco polo tempo de adaptación e nun mes un propietario pode perder moitos cartos se non funciona. Tamén hai quen pensa que é por mor do período menstrual. Nun tempo pode ser que fora así e ficase a tradición pero agora véndennos unha especie de esponxa que serve para taponar o útero e que o cliente non se decate de que estás coa regra”, engade Eduarda.

Rebeca ten arredor dos 25 anos. É unha brasileira louca que presume de ter sido portada da revista *Playboy* en Brasil. Defínese como stripper e non como prostituta e asegura que cando teña os cartos suficientes abandonará a profesión e volverá a Brasil a levar unha vida normal.

O mesmo soño ten Eduarda. “Quero mercar unha casa con xardín no Brasil que me custará algo máis de 90.000 reais (arredor dos 30.000 euros). Penso que para xa-neiro do ano que vén, cando vaia a Brasil de vacacións, xa a poderei mercar. Logo estarei aforrando algo máis e volverei para traballar nalgo normal porque odio esta profesión”, asegura Eduarda. ♦

Un de cada cinco homes son usuarios asiduos

Segundo un informe do Servizo Galego de Igualdade, un de cada cinco homes contrata os servizos dunha prostituta habitualmente. Segundo este informe, entre 6.000 e 8.000 mulleres exercen a prostitución en Galiza, aínda que a cifra pode variar dependendo da época do ano. Destes, en locais de estrada traballan unhas 757 nun total de 156 esta-

blecementos segundo un recente informe da Garda Civil. Isto indicaría que a maior parte da prostitución se realiza en pisos particulares, “ao verse reducido durante os últimos anos a prostitución de rúa”, segundo o SGI.

O SGI define a prostitución “como unha consecuencia da pobreza e da exclusión social das persoas que a exer-

cen e polo tanto nunca se trata dunha elección tomada en liberdade por parte da muller. Por países, as prostitutas máis numerosas son a brasileiras, seguido das colombianas, ecuatorianas e dominicanas. O perfil medio establece que é “unha muller sudamericana entre 18 e 45 anos, con estudos medios e con fillos ao seu cargo”. ♦

Catrocentos euros ao día, seis días por semana

Ao hotel Peinador acoden clientes con medio e alto poder adquisitivo. Se en *La Casita* de Elena o un piso de semellantes características o prezo medio por media hora é de 50 euros, no hotel Peinador o prezo pode acadar os 100 euros. “Unha rapaza alí gaña de media uns 400 euros por día, aínda que ten que pagarlle aos donos 60 euros por poder permanecer alí. Neses cartos está incluída a comida. Ademais, tamén cobran comisión por cada copa que lle saquen a un cliente. Deste xeito,

unha persoa que vaia tomar unha copa paga seis euros, pero se convida a unha rapaza entón a cantidade ascende aos 30 euros”, explica Rená.

“Hai prostitutas que teñen xa un número de clientes fixos cada mes. Teñen un día libre e contan coa vantaxe de saber que quen vai alí vai pagar. Ademais contan coa protección do equipo de seguridade do local para que non teñan que facer algo que non está pactado”, explica Rená. “A maior vantaxe de traballar nun piso é que sa-

cas máis cartos para ti, pero contas con menos seguridade. Nós aquí temos un piso ao lado no que vive tamén o marido dunha prostituta por si nos pasa algo”, conta Eduarda.

A seguridade, a saúde, xunto coas condicións laborais e sociais das prostitutas e a fiscalización da actividade son os principais factores que impulsan o debate sobre o futuro da prostitución. As propias Nacións Unidas recoñecen que este negocio move máis cartos ao ano que o tráfico de drogas ou o

de armas. A mellor proba de que o debate non é sinxelo é que en países como Estados Unidos esta actividade está prohibida mais segue sendo o país do mundo onde máis cartos move.

Dous dos países máis avanzados do mundo, Suecia e Holanda, decidiron apostar por regular o sector con dúas medidas totalmente opostas. Así, en Suecia a prostitución está prohibida e penada con sanción económica e anos de cárcere para o cliente e non para a prostituta. En Holanda, pola

contra, apostaron pola legalización como medida para levar a cabo controis efectivos de sanidade, que os que a exercen coticen á seguridade social e paguen impostos. Os resultados en ambos casos, sempre segundo os gobernos de cada país, foron efectivos.

“Gustaríanos que se regulase o sector para contar con beneficios sociais e non estar pendentes de ser expulsadas pola policía”, sinala Bianca, quen non se atreve a camiñar con tranquilidade pola rúa. ♦



23, 24, 25 de Xullo. Santiago. Campus Universitario Sul.

SABADO 23 ás 23,00 h.
SAMESUGAS / Galiza
OS DIPLOMÁTICOS / Galiza
DIOS KE TE CREW / Galiza

DOMINGO 24
 ás 14,00 h. Sesión vermú **FESTICULTORES**
 ás 22,30 h. **CARLOS BLANCO / Galiza**
SAFARI ORQUESTRA / Galiza
PRESENCIA ZERO / Galiza
EXPENSIVE SOUL / Portugal
LA PHAZE / Francia / DJ VADIM / Reino Unido

LUNS 25 ás 21,00 h.
NARF / Galiza * BERROGUETTO / Galiza
MANECAS COSTA / Guiné Bissau

Recinto Festigal'05:
 Concertos
 Galería das Ideas
 Galería das Letras
 Galería Audiovisual
 Galería Infantil
 Galería do Software Libre
 Feira de Artesanía
 Espazo de Asociacións
 Café Concerto
 Zona de xantar
 Acampamento

Con programación continua desde o 24 pola mañá. Degustacións gastronómicas. Pasarrúas musicais. Entrada gratuita. Aberto para todos os públicos.

www.festigal.com

*Vivimos no mellor
das mundos posibles**
Felipe González

Algunhas persoas pídenlle ao novo goberno, ante todo, que retire *Luar* e o *Supermartes* da TVG. Xa de postos, tamén lle podían pedir a TVE que suprima *Desde Galicia para el mundo* que se segue emitindo un ano despois de chegar ZP á presidencia.

Titular de xornal, a cinco columnas: "Bono e Geldof [cantante de U2 e ex cantante dos *The Boomtown Rats*, xa disoltos] presionan os líderes do G-8 para aliviar a pobreza e protexer o medio ambiente". Con este nivel calquera día nomean a Miguel Ríos presidente do FMI e a Ana Obregón portavoz do Banco Mundial.

Barrio de Coia (Vigo): setenta mil habitantes e nin unha biblioteca pública.

O PRD vén de escoller como candidato á presidencia de México a López Obrador. O líder anterior, Cárdenas, que xa se presentara a varias eleccións,

Por veces vale a pena deixarse ir coa experiencia, fiar no que nos din os cinco sentidos e tamén ese sentido común que atopamos con alivio por baixo da farfala ideolóxica e publicitaria que adoita arrodearnos. Hai moito que aprender dos momentos en que unha fenda da normalidade social crea unha nova situación.

O 7 de xullo saín da miña casa pola mañá a levarlle unha saqueta de libros xa lidos a unha organización voluntaria de axuda ás persoas de idade. O local está na Edgware Road, rentes da estación do metro. Atopei pechada a miña estación. Se tivese saído uns minutos antes, quen sabe...

O resto do día non houbo transporte público en Londres. Andei, andamos todos, polo meu barrio, compramos nas tendas, moitas delas de persoas do Pakistán, algunhas do Irán, outras dos Emiratos. Coma sempre. Nos televisores cumpriuse o plano pensado desde moito antes para estes casos, do que forma parte que o portavoz que informa e, sobre todo, aconsella, non sexa do goberno, nin político, senón o comisionado xefe de Scotland Yard (que é a policía de Londres, xa que neste país non hai corpo xeral de Policía que dependa do Ministerio do Interior). Consellos de calma e información do que ía pasando. Despois xa algunhas imaxes. Pouco o ningún sangue.

Sorri agora ao ler na prensa española (sobre todo na de dereitas, polo de agora) que houbo un "ferrollazo" informativo. Todo o que pasara, sóbose. E preguntóme que dirían eses comentaristas, e tamén os da outra banda, se se incorrese en tremendismo e histeria informativa. Dirían, seguramente, que era para xustificar futuras medidas represivas e recortes das liberdades. A explotación do medo e das emocións máis bastas é moi útil para moitos nestas ocasións.

Así que voltemos ao inmediato. Os meus veciños que non puideran ir aos seus traballos aproveitaron para facer outras cousas, lidar con atrasos de correspondencia ou de labores no xardín, ou dar un paseiño polo parque. De cando en cando, ouvir as noticias. Os de peor sorte foron os que tiñan algún familiar ou parente comunicado noutra parte da cidade. O primeiro recurso foron os teléfonos móbiles, pero nos primeiros momentos non funcionaban, ou por sobrecarga ou porque foron postos fóra de servizo porque poden ser instrumentos de operacións terroristas, e tamén porque se lles deu prioridade nos primeiros momentos aos servizos de urxencia.

Un pouco menos inmediato agora, pero que tamén forma parte das experiencias desa mañá. Falaba hai poucos días con amigos de que a reacción estoica dos londinenses no Blitz, nos bombardeos diarios da cidade durante a II Guerra Mundial, estaba enraigada na homoxeneidade étnica dos londinenses de entón. Xa non cadraba tan ben esa teoría coa da reacción aos moitos atentados do IRA. E a sorpresa foi ver igual de flemáticos os londinenses de todas cores que hoxe vivimos aquí.

Carta de Londres

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO

O autor, veciño de Londres e comentarista de política internacional, relata a súa propia experiencia durante o 7 de xullo, a mañá dos atentados contra o transporte público londinense.



E non só de todas as cores. Tamén de sentimentos políticos moi diferentes. E aí aledoume ver unha cousa que cadra moi ben coa idea básica do valor da diversidade e o rexeito da unidade mecánica (non da que vén da nosa común humanidade). O mundo non é todo igual. Hai sociedades que, como fogares de convivencia, son máis coherentes que outras. E iso está en camadas máis fondas que as da política superficial. Falei con inimigos xurados de Tony Blair que non pensaron inmediatamente en utilizar a catástrofe para desfacerse del. Xa tiveran ocasión nas eleccións recentes de darlle un bo pau polas stias mentiras dirixidas a apoiar a guerra do Iraq. Semella que os terroristas non entendían isto, e se me pedisen consello diríalles que non é por aí por onde van mudar o apoio básico da poboación ao goberno electo, en situacións extremas. Ao contrario, danlle una marxe de confianza e manobra ao goberno do día, que moitos preferirían que non tivese.

Isto non quere dicir que non vaia haber consecuencias políticas destes sucesos. Aínda que sexa saíndo desa mañá mañá de experiencias, vou indicar que con certeza haberá moitas cuestións inquietantes para o goberno e moitas enquisas delicadas. Por exemplo, o feito de que, ao coincidir estas da-

tas coa cimeira do G-8 en Gleneagles, concentráronse alí as forzas e os dispositivos de seguridade, e podería terse deixado algo, moito o pouco, "desprotexido" a Londres. Teríase creado así unha oportunidade ideal para os terroristas. Rebaixouse tamén o estado de alerta, talvez para non alarmar os que tiñan que vir a Gleneagles. Fálase tamén de que a embaixada de Israel tería advertido a Scotland Yard de que algo podía pasar ese día. Entre outras cousas porque estaba aquí o Ministro da Facenda e ex-primeiro ministro de Israel, Beniamin Netanyahu, que ese día ía participar nun foro de investimentos perto da estación de Liverpool Street, a primeira das atacadas. Sería grave que as autoridades pensasen que "mal sería", para non asustar os persoeiros de Gleneagles.

Todo iso é política, boa e xustificada política. E, voltando para a casa, e pensando no futuro, vía riolas de esperanza de que poida irse formando, sobre bases de afoiteza e independencia tan fortes como as que vin hoxe, una poboación e unha opinión que non se deixe manipular nin polos medios nin tampouco polas bombas. ♦

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA é escritor e membro do Consello Asesor do IGADI

'Falei con inimigos xurados de Tony Blair que non pensaron inmediatamente en utilizar a catástrofe para desfacerse del'

Cartas

Resposta de 'Gentalha'

O obxectivo deste texto é mostrar o malestar por parte da asociación cultural compostelana "A Gentalha do Pichel" ao ler o artigo publicado no último número deste xornal, no qual se afirmava que a nosa asociación era "un espazo de convívio do independentismo". Da Gentalha queremos esclarecer mais unha vez que o noso traballo é a defensa da lingua, a dignificación da cultura galega, a recuperación da memoria histórica compostelana e o respecto e coñecemento do medio natural; nestes ámbitos é que se desenvolve a nosa actividade há mais dum ano e medio que nos fundamos. O noso é un espazo de convívio "independentista" mas non do independentismo

em exclusiva senom aberto a todas aquelas persoas que concorden com a necesidade de centros abertos e plurais que partilhem a ideia dum espazo de liberdade e em galego. Por isso, achamos que se fai um fraco favor à Galiza e a todas aquelas persoas que están a trabalhar por ampliar esses espazos e nom reduzi-los a um só sector da sociedade, porque na nosa situación a defensa da cultura e da língua galegas, penso que é trabalho de todos. Da Gentalha igual que doutros colectivos, temos mostrado o noso respeito polo trabalho do independentismo e polo de qualquer outro colectivo que tenha como referencia a Galiza, sem que isso venha a supor unha ligação directa entre nós. ♦

AC 'A GENTALHA DO PICHEL' (COMPOSTELA)

García-Sabell cuspiu-lhe a Sartre

No número 5 da revista *Grial* (Julho-Agosto de 1964), Domingos García-Sabell publicou un ensaio intitulado *Sartre. Notas previas*. No mesmo atacava-se ferozmente o pensador francés e, de pasada, a sua companheira Simone de Beauvoir; no ensaio de García-Sabell opunha-se o pensamento de Jean-Paul Sartre ao de Martin Heidegger (o filósofo alemão que se alinhou com Hitler e que foi traduzido para o galego e publicado por Galáxia); também se utilizavam para desprestigiar o vulto de Sartre as teorias de Ernst Jung, o membro mais sobressaliente dos freudianos de direita.

Eram os momentos iniciais da UPG e os seus membros ad-

mirávamos e líamos com interesse os escritos da parella francesa.

O ensaio de García-Sabell indignáranos, sobretudo polos métodos que o filósofo santiagoés usava para combater a quem considerávamos quase como un ídolo; por citar apenas un exemplo, García-Sabell, apoiando-se em Jung e utilizando o romance de Sartre *Les mots* (parcialmente autobiográfico), explicava as orixenes da personalidade saretriana pola sua infância:

*E, por riba, a mesquina fisio-
loxía do rapaz, a conciencia da
propia fealdade física, o seu ollo
dislocado, que xa na nenez se des-
viaba grotescamente do lugar co-
rrecto, integran unha constelación
de causas que axudaron, sin dúbida,
á consideración noctébriga do
mundo e da existencia en Sartre.*

García-Sabell continuava

Antom Moreda nasceu em 1934 em Sam Miguel de Reinante na marinha de Lugo, com um ano de idade sua mãe leva-o a Cuba, onde já estava seu pai, Antom nom suporta o clima caribenho e aginha o tragerám de volta para Sam Miguel.

Antom Moreda passa a sua infância e primeira adolescência naquela Galiza insuportável da guerra e da após-guerra. Em 1950 emigra à Argentina, mas Antom nom é um emigrante mais: na sua casa nom havia maiores problemas económicos e até começara a cursar o bacharelato; de facto fai a viajem em aviom. Antom chega a Buenos Aires, reclamado por um tio seu, com 16 anos, por uns meses nom conheceu Castelaio mas na colectividade galega ainda estava muito presente o grande guieiro do galeguismo; nesta colectividade integra-se imediatamente Antom Moreda que, três anos depois, funda as Mocedades Galeguistas.


As Mocedades Galeguistas de Buenos Aires, consideravam-se sucessoras do independentismo da Sociedade Nazionalista Ponda. Nelas militárom, para além de Antom Moreda que chegou a ser Secretário Geral, Carlos Abreira, José Casal, Neira Vilas, Denis Conles, António Santamarina Fernández e muitos mais. As Mocedades Galeguistas durante os anos que durou a sua existência desenvolverom umha grande actividade e constituíram umha Galeusca juvenil com Las Joventuts e Gaztedia; chegárom a utilizar a violência, em colaboraçom com vascos e cataláns, para impedir a realizaçom de actos falangistas em Buenos Aires.

Antom Moreda regressa à Galiza em 1960, vem com a ideia de reconstruir o galeguismo político e está ao tanto das diferenças existentes entre o galeguismo do Conselho de Galiza em Buenos Aires e o liquidacionismo de Pinheiro que tem abandonado o nacionalismo substituindo-o por um vago federalismo europeísta, tingido dum anticomunismo próprio da "guerra fria".

Apesar disto, Moreda começa a trabalhar como viajante comercial de Galáxia, isto permite-lhe entrar em contacto com gente de toda Galiza e, nomeadamente, com os fatos culturais que começam a se fundar, contribuindo ele próprio à sua criaçom.

Será com o grupo Brais Pinto, de Madrid, com o que se sentiria mais à vontade, ali conhece Méndez Ferrín; com el e outros leva adiante a Operación Paloma Mensajera. Nesta "operaçom" e com as facilidades que lhe dava o seu trabalho em Galáxia, Antom Moreda vai contactar com mais de um cento de moços galeguistas; entre eles comigo que já deixara Madrid para residir em Santiago.

De todo este trabalho surgiria em 1963 o Conselho da Mocidade, Antom Moreda seria o seu Secretário Geral; mas o pinheirismo aginha começou a desconfiar daquele moço arroutado que se educara no gale-



Antom Moreda, umha vida para Galiza

LUÍS GONZALES BLASCO, Foz

Antom Moreda foi fundador das Mocedades Galeguistas na Argentina e um dos mais bravos lutadores do antifranquismo na Galiza.

gismo da Argentina. Numha das reunions clandestinas que tinham lugar no Bar Viños, ao pé da porta de Maçarelos, os agentes de Pinheiro expulsam o Secretário Geral do Conselho, junto com outros membros da esquerda. A acusaçom: eram comunistas. Manuel Maria lembra como Antom Moreda, deixou de trabalhar para Galáxia e como a gente ligada à editorial lhe dixo que nom devia fiar-se de Moreda, já que nom era galeguista mas um agente do Partido Comunista cuja missom era acabar com o galeguismo e com Galáxia. Aqueles expulsos do Conselho acabárom por fundar a UPG mas o seu Secretário Geral nom estaria com eles: o processo alucinante que vivera e as manobras de alguns familiares quando reclamou a herdancia de seu pai, remataram por levar Antom Moreda ao Psiquiátrico de Sam Rafael em Castro de Riberas de Lea. Ali o visita Mar-

‘Regressa em 1960 com a ideia de reconstruir o galeguismo político estando ao tanto das diferenças entre o galeguismo do Conselho em Buenos Aires e o liquidacionismo de Pinheiro

garita Ledo que fala com el e romanceia a sua historia na primeira parte de *Porta blindada*. Em Castro, Antom Moreda nom permanece inactivo, ali fai o jornal *Falemos* que pretendia ser o órgao de expresse dos internos. Mais adiante, já em 1992 participa na criaçom da Associaçom Gaiola, Antom é o presidente da mesma e o director do seu jornal Gaiola Directa.

Pouco depois da apariçom do livro de Margarita Ledo, Antom Moreda começa a sair de Castro e participará numha série de actividades galeguistas, jogando um papel salientável, as homenagens sucedem-se em honra de quem foi Secretário Geral do Conselho da Mocidade. Falar de todo isto seria muito longo para um artigo que apenas pretende ser umha pequena lembrança do meu velho e querido Secretário Geral. ♦

non anda nada contento e pensa que debía seguir sendo el. Hai algo de familiar nesta polémica.

Non é por poñerse anti-madridista, pero esta comunidade, na etapa Aznar, xa mellorara en varios puntos a súa posición económica dentro do Estado. Se aínda por riba lle chegan a dar agora as Olimpíadas...

Os tertulianos, tribunos e comentaristas non cansan de repetir, cando se fala de terrorismo, que todos os mortos son iguais. Non obstante, que diferente trato lles dan eles mesmos aos mortos do Irak en comparaçom cos de Londres ou Nova York!

Dixo Touriño que o da débeda histórica pertencía ao ideario nacionalista e que non sabía de onde procedía. Iso pásalle por non ter escoitado a *Fuxan os Ventos*: "xa poden os leiros dar, colleitas ben abondosas, xa poden en Madrid falar, con palabras ben fermosas, que nunca, nunca nos han pagar, a nosa fame doutroira". Talvez, daquela, o líder do PSdeG-PSOE escoitaba a Franco Battiato e o seu tema *l'amore è partito*. ♦

Correo electrónico: info@anosaterra.com

"explicando" Sartre polo mesmo caminho, renuncio a continuar a citaçom porque considero que já é suficiente e, também pola repugnância que sinto ao reproduzir as palabras de Garcia-Sabell.

Xosé Luís Méndez Ferrín, um dos fundadores da UPG, contestara naquela altura o ensaio Garcia-Sabell com um artigo, relativamente extenso e modelo de análise marxista, intitulado *Garcia-Sabell cospe-lhe a Sartre*; nem *Grial* nem nengum dos jornais galegos aos que Ferrín enviou o seu trabalho quigérom publicá-lo. Suponho que hoje estará perdido, se alguém tiver umha cópia do mesmo seria interessante a sua publicaçom; eu lembro apenas que num parágrafo (o último, quicá?), Ferrín referia-se ao determinismo fisiológico de Garcia-Sabell, de que é umha pequena mostra a minha citaçom, e pergun-

tava-se ironicamente que obscuras causas fisiológicas poderiam ter motivado tanto ódio como transparencia no ensaio de Garcia-Sabell. ♦

LUÍS GONZALES BLASCO, Foz (SANTIAGO)

Suicida en Londres

Non entendo por que estamos a facer as cousas tan mal, por que non somos conscientes de que a vida é umha espiral e que cada acto noso repercute en nós mesmos, a curto, medio ou longo prazo. Para moitos, o terrorismo é simplemente fanatismo, loucura temporal. Para outros, é desesperanza, a acumulaciom de inxustizas sobre a propia persoa que acabam sobardando e converténdose nun odio irracional. Os atentados de Londres son

uma mostra de que non hai razóns verdadeiras porque o primeiro terrorista identificado foi un suicida de apenas 22 anios cunha vida aparentemente feliz nun barrio humilde pero sen dificultades de integraciom. Un bo rapaz estudante e relixioso que de socato considera que o seu papel no mundo é inmolarse nun metro ateiado de veciños del.

Síntoo pero non o entendo. Só podo pensar en que ese rapaz, amais de vivir nun mundo irreal

Os textos enviados a esta sección non deben sobrepasar as 45 liñas. Estarán identificados co nome, enderezo, documento de identidade e asinados.

A Nosa Terra resérvese o dereito de publicaciom e resumo. Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados.

SARA LÓPEZ (MADRID)

Potencia o ferrocarril pero privatízanse numerosos proxectos O goberno central presenta un plano de infraestruturas sen concretar prazos

RUBÉN VALVERDE

O Goberno central presenta un Plano Estratéxico de Infraestruturas e de Transporte (Peit) que beneficiará a “zona noroeste”, recollendo todas as actuacións do Plano Galicia pero sen concretar prazos nin orzamentos. O plano dálle prioridade ao ferrocarril como medio de transporte para descolapsar as autoestradas, pero deixa da man da iniciativa privada numerosos proxectos.

“A proposto supón unha mellora espectacular e xeneralizada no ferrocarril que significa que as boas condicións de accesibilidade de neste medio de transporte que hoxe está practicamente restrinxido ao eixo Sevilla-Madrid-Lleida e ao corredoiro Mediterráneo. Agora estenderase a todo o territorio favorecendo especialmente a zona noroeste”, sinalou o presidente José Luís Rodríguez Zapatero na presentación do PEIT. “É o plano máis ambicioso que se ten feito en España e suporá unha actualización das nosas infraestruturas”, engadiu o presidente do Goberno.

En total o Goberno pretende investir 248.892 millóns de euros nos vindeiros quince anos, 7.550 máis dos que tiña calculados nun principio. O obxectivo deste investimento é aumentar o PIB progresivamente até chegar a un 4%, grazas á atracción de maiores in-

vestmentos. O PEIT inclúe todas as actuacións previstas no Plano Galicia, aínda que a vía dupla que pedían os axentes sociais —unha para pasaxeiros e outra para mercadorías— entre Ourense e Santiago queda nunha vía única.

As eivas que se lle atopa a este plano é que non especifica canto se vai a gastar en cada comunidade do total previsto. Tampouco se marcan prazos para cada trazado e déixase da man da iniciativa privada gran cantidade de proxectos. Deste xeito explica o portavoz do BNG no Congreso, Francisco Rodríguez, “se unha empresa privada non atopa rendíbel asumir unha obra esa estrada ou vía férrea queda sen realizar. Ademais, van ser de pagamento para os cidadáns”.

Por outro lado, o BNG tamén cuestiona de onde se sacarán os cartos para acometer tantas infraestruturas. “Os fondos comu-



Non habrá dupla vía para a alta velocidade.

PACO VILABARROS

nitarios van descender nos próximos anos e a política económica do PSOE é moi semellante á do PP no tocante a non recurrir ao endebedamento público para paliar os déficits infraestruturais”, explica Francisco Rodríguez.

De opinión contraria é o coordinador dos socialistas galegos no Congreso, Antón Louro, quen opina que “o PEIT racha co déficit de infraestruturas de Galicia xa que vai recibir todo o que necesita. O Goberno continuará co ritmo investidor marcado no 2005”.

Louro anunciou que “no presente ano todas as actuacións do Eixo Atlántico estarán en execución, ademais do tren de alta velocidade Ourense-Santiago. O tramo Lubián-Ourense, pola súa banda, estará en fase de exposición pública, mentres que as autovías interiores manterán o ritmo establecido”.

O PP, pola súa banda, amosouse moi crítico co plano do Goberno sinalando que se ignorou no Senado un documento con nove propostas “tendendo a man ao Goberno e que contemplaba, en-

tre outras cousas, a priorización das conexións con Portugal e que se territorializasen os investimentos por comunidades con referencia a cada modo de transporte e a cada lexislatura”.

As organizacións ecoloxistas tamén rexeitaron frontalmente o plano xa que entenden que aumentará a emisión de dióxido de carbono e que destruírá o hábitat de numerosas especies. Ecoloxistas en Acción, Adegas, Greenpeace, Adena ou Amigos da Terra aseguran que non permitirá cumprir o protocolo de Kyoto e ademais converterá a España no Estado con máis quilómetros de estrada por habitante de toda Europa.

Pola súa banda, o PSOE deféndese sinalando que o novo deseño de infraestruturas “substituirá o sistema radial de estradas, con epicentro en Madrid, por un deseño en malla, duplicando a rede de autovías do Estado. Tamén mellorará a operatividade dos aeroportos e porá en marcha as autoestradas do mar, como alternativa ao transporte terrestre. Isto aumentará nun 75% a capacidade dos portos e mellorará a seguridade no transporte marítimo”, conclúe Antón Louro. ♦

EN POLEIRO ALLEO

O ‘modelo galego’ pode extenderse

Kepa Aulestia relaciona en *La Vanguardia* (13 de xullo) a situación galega coa do Estado. “A duración do ciclo socialista depende en boa medida da súa sociedade do Partido Popular. É certo que a solidez do seu chan electoral e o importante número de votos que están en condicións de colleitar manterán sempre a devandita formación nunha posición estimábel. Mais tampouco é desdeñábel a hipótese de que o modelo galego acabe aplicándose ao conxunto da política española. Que o Par-

tido Popular requira gobernar por maioría absoluta, sempre e cando non revise a súa política de alianzas. **Rodríguez Zapatero** asegurou a súa investidura e a gobernabilidade mediante unha maioría realmente difusa e pouco consistente. Non embarcante, a *constitucionalización* de ERC e do BNG na súa evolución até converterse en partidos de goberno acabou presentando como natural algo que non hai tanto tería sido alcumado de absurdo: a alianza entre o socialismo español e o nacionalismo institucional máis radical. O PP de **Fraga** gañou as eleccións galegas de igual forma que a CiU de **Mas** conseguiu manterse como primeira forza parlamentaria de Cataluña. Pero quedaron fóra do goberno. Un

resultado análogo vivíuse en Cantabria tras as últimas autonómicas. Até agora a posibilidade de que o segundo e o terceiro partido se aliasen para desbancar o primeiro presentábase como un fenómeno propio das autonomías, dando por suposto que nunca acadaría o goberno de España. Hoxe ningún pode asegurar que non será así; como parece evidente que tal hipótese entrou a formar parte dos temores dos dirixentes populares”. ♦

O mellor para a nova Xunta: que Fraga lidere a oposición

Carlos Luís Rodríguez comenta en *El Correo Gallego* (13 de xullo) as dificultades do PP galego para renovarse. “Cando escriba as súas memorias, **Emilio Pérez Touriño** terá que recoñecer que ese día no que **Fraga** dixo que se quedaba, empezou a verse presidente. Ese histórico día, o PP renunciou á renovación, e entregou a idea de cambio en mans da esquerda. Agora, o case presidente da Xunta terá levado unha alegría ao saber que os seus rivais se



PEPE ALVEZ / El Progreso, 3 de xullo.



O ‘Mini’ cumpre a súa promesa de barbearse se mudaba o goberno. X.L. Rivas, ‘Mini’, cuxa voz e imaxe se popularizaron cando formaba parte do grupo *Fuxan os Ventos* e que, desde hai anos, é membro d’*A Quenlla*, cumpriu a promesa de suprimir a lendaria barba que o caracterizou ante o público durante máis de 25 anos ao perder Fraga o goberno da Xunta. ♦

dispoñen a buscar a arca perdida do consenso, e don Manuel se prepara para instalarse no despacho de xefe da oposición. Que máis pode pedir? Hai un ano, o perigo que máis temían socialistas e nacionalistas era a irrupción dun candidato novo do PPdeG. Se algo pode inque-

dalos nestes momentos, é unha transición rápida no centro-deita que non parece que vaia producirse con facilidade. Mentres a sociedade galega pasou a páxina do fraguismo, os populares seguen instalados nel, á espera do santo advenimento do consenso”. ♦

RICARDO / El Mundo, 11 de xullo do 2005



‘Una, grande y libre’

X.L. FRANCO GRANDE

Algunha vez tégome preguntado que terán en común xentes como José Bono, Francisco Vázquez, Juan Carlos Rodríguez Ibarra, Alfonso Guerra e algúns outros, e ao cabo vexo que o que teñen en común non é ser do PSOE, nin personaxes churrusqueiros, nin sequera políticos de moi baixa estatura, que isto, hoxe, é o máis común. O que mellor os venella, penso, é que todos eles poden ser apegados no lema falanxista “España, una, grande y libre”.

Por iso mesmo non sei ben por que os antes ditos non están no partido da oposición (non hai outro máis á dereita), que é no que obxeccionadamente mellor encaixarían. Entre o que pensan José María Aznar ou Mariano Raxoi sobre a organización xurídica do Estado e o que os tales deixan caer de cando en vez, non vexo que haxa matices, nin diferenzas, nin propostas que melloren os criterios da FAES (que algúns prefiren ler Falange Española). O partido que goberna e o que quixera gobernar, ás veces, non poden ser máis semellantes.

Non ben se aprobara o novo mapa autonómico e xa Alfonso Guerra non tivo ningunha vergenza en dicir —como diría calquera da *España, una, grande y libre*— que sentía nostalgia do anterior mapa de España. E agora alértanos do perigo de chamarlles nacións a certos territorios, aínda que se abstén de dar razóns, porque non as hai, e a súa cultura non dá para saber que de vello se chamaron así, pero séntese lexitimado para poñerse a pontificar.

Bono, pola súa banda, é o que vexo que mellor representa os valores patrióticos desa España de “charanga e pandeireta”, non traballada pola nosa pobre cultura democrática, a España *cañí*. Por algo é o ministro mellor valorado. E pode sintonizar con Donald Rumsfeld, e con outros, no infantil patriotismo das bandeiriñas, como demostrou nunha viaxe aos EE UU. E, aburrido que é, soe adoutrinarnos sobre a Constitución, sobre o contido dos Estatutos ou o que debe quedar fóra.

Rodríguez Ibarra e Vázquez son, á parte de primarios, moi *joseantonianos*, esbardallan sobre o ser e a esencia de España e non verían mal esa bandeira de tres quilómetros que sacaron nunha recente manifestación —ou gabar a política de Fraga. É lóxico: unha e outra cousa están moi perto do que eles son e queren ser. ♦

PSdeG e BNG xa comezaron a negociar o organigrama da Xunta
O 18 de xullo darase a coñecer o acordo programático e o 24 o novo Goberno

AFONSO EIRÉ

O acordo programático entre o PSdeG-PSOE e BNG está case pechado, só resta acordar como se lle transmite á cidadanía. A estrutura do novo goberno comezouse a discutir o 12 de xullo, avanzando as negociacións “a bo ritmo”. Os dous partidos queren rematar canto antes. Para o 18 de xullo, data da constitución do Parlamento, pretenden ter asinado o pacto e o 24 de xullo anunciar o novo goberno.

O pacto de goberno entre socialistas e nacionalistas está case rematado. Desde o BNG móstranse esperanzados e satisfeitos porque “as cousas se están a facer ben” e se puideron “concretar as liñas xerais, para que non haxa lugar a interpretacións”. Era a gran demanda dos nacionalistas.

O futuro presidente, Emilio Pérez Touriño, aínda se mostra máis optimista e xa fala de que o 18 de xullo, cando se constituía o Parlamento, podería estar pechado o pacto. Fontes nacionalistas e socialistas que participan nas negociacións pensan que vai ser algo cedo para ter todo pechado.

Coinciden en afirmar que si terán acordado as liñas xerais, pero pensan que até o 24 de xullo non poderán anunciar a composición do novo goberno. Admiten que na negociación do organigrama da Xunta poidan aparecer atrancos. Así ocorreu na negociación programática.

A dificultade está máis en como casar a distinta filosofía de cada un dos partidos, en como se plasma o acordo e se lle transmite á cidadanía, que nas cuestións concretas. Na formación do Goberno, por exemplo, o BNG aposta por conselleiros cun claro perfil político, mentres que Touriño gustaría dun goberno máis de “técnicos” procedentes da universidade. Como conxugar ambas as posturas? Podería Tou-



Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana.

riño presidir un goberno desequilibrado? Vai facer o BNG deixación das súas prerrogativas a prol do futuro presidente?

Algunhas cuestións esenciais xa semellaron quedar claras nas negociacións. Cuestións que semellan sen importancia práctica, pero que si que marcarán cal vai ser non só a acción de goberno, senón a relación dentro do executivo. Pero tamén como se transmite á cidadanía.

Unha das senlleiras, que lle levou tempo admitir a parte do PSOE, é a visualización práctica de que se trata dun goberno de dúas forzas en plano de igualdade e non dos “socialistas e os seus socios”. O goberno presentarase como un goberno “bipartito de socialistas e nacionalistas”. Tampouco vale, xa que logo, o termo “progresista”.

O paquete global

O paquete global do acordo programático está xa case rematado, coinciden en afirmar fontes nacionalistas e socialistas. Pero ese acordo levou consigo un pacto de non dar a coñecer publicamente por ningunha das partes o seu contido até que sexa asinado. Din que



“para non pór en perigo o resultado final”. Así que, para coñecer algunhas das súas liñas xerais, é preciso recorrer ás xuntanzas dos organismos de dirección de ambas as forzas, algo menos herméticos.

Dous eran os atrancos principais que separaban as filosofías de ambos os partidos: a denominada débeda histórica e a reforma estatutaria. Ambas cuestións marcan as súas diferenzas políticas, máis alá de que semellen asuntos concretos.

Como semella que solucionaron estas diferenzas? Os nacionalistas renunciarían ao termo “débeda histórica”, que os socialistas mesmo acuñaron en Andalucía, e os socialistas admitiron un “déficit” que o Goberno estatal ten que satisfacerlle a Galiza.

O problema non estaría, xa que logo, tanto en cuantificar ese déficit, senón en poñerse de acordo nas necesidades reais que ten Galiza e da vontade de ambos os partidos en que estas queden remediadas. Pero, sobre todo, da necesidade de que o Estado mude a súa política con Galiza. En consecuencia, tamén mudaría a política do goberno galego a respecto do Estado de non ser así.

En relación á reforma estatutaria, entraban, de novo, os principios en poxa. O PSOE, que puxo por levar a dianteira nesta reivindicación, comezou a recuar cando se instalou no goberno central. Pasou a ser así bandeira exclusiva dos nacionalistas. Os socialistas voltáronse renates en canto á urxencia, en primeiro lugar por non darlle bazas públicas ao BNG. Tamén porque aínda non deron elaborado un modelo do Estado con evidentes diferenzas partidarias na Galiza (Touriño necesita tempo) e, sobre todo, porque, negándose, convertían a nunha das súas principais bazas negociadoras.

As diferenzas desatranscórrese acordando que o novo goberno impulsaría a reforma do novo Estatuto. Admitindo unhas liñas xerais comúns (como a denominación de nación para Galiza) e a creación dunha comisión parlamentaria onde estean presentes os tres partidos que comezaría a discutir as propostas de cada quen. O prazo para a pór en marcha sería de seis meses, contentando así a prioridade do BNG coa mensaxe do PSOE de priorizar os temas sociais de calado “progresista” a imaxe de José Luis Rodríguez Zapatero. ♦

Máis cartos para política social

Segundo puido saber *A Nosa Terra*, no programa de goberno bipartito teñen especial relevancia os temas de carácter social, pero de carácter concreto. Acordaron a mellora da sanidade, fomentando a dedicación exclusiva dos profesionais, para mellorar a atención e rematar coas listas de espera. Tamén o Sergas xeneralizará a anestesia epidural nos partos. Estas melloras levarán consigo unha dotación orzamentaria, que se lle reclamará en parte ao Estado. Tamén tratarán de que desaparezan as administracións paralelas, como as fundacións, en sanidade.

No ámbito económico existen dous campos especialmente sensíbeis nos que chegaron a acordos. O primeiro, a elabora-

ción dunha Lei de Coordinación das Deputacións, para que exista un único Plano de Obras.

Esta lei, que non puido realizar Xosé Luís Barreiro como vicepresidente, e tampouco Paulo González Mariñas no Tripartito, ten especial relevancia tamén para rematar co caciquismo e co reino de taifas. Sectores do PP, consultados por *A Nosa Terra*, están dispostos a apoiar esta lei, sabedores de que a autonomía provincial é un dos cancro internos dos populares.

Outra norma consensuada que vai ter especial relevancia é a de Caixas de Aforros. Pretenden que estas entidades sexan un dos principais motores da economía galega.

Xunto a esta vai ser básica a

nova ordenación territorial. Unha das grandes apostas do novo goberno e, ao mesmo, tempo, máis difícil de concretar.

Menos atrancos existiron á hora de negociar o aumento das bolsas para os estudantes, un programa de vivendas, as medidas de emprego ou a normalización lingüística. Apostan pola competencia que está a realizar o PP, que nos vai deixar hipotecados para catro anos”, afirman fontes de ambos os grupos políticos. Esta convicción e a celebración do Día da Patria aguilloa as conversas deixando os asuntos máis espiñentos para desatranscar no último día. Puidera ser que para aquela lles desen protagonismo a Touriño e a Anxo Quintana. ♦


Xavier Vence considera a cifra de 20.500 millóns razoábel comparando o gasto público per capita dos últimos 20 anos

O PSOE usa en Andalucía o concepto de débeda histórica

A.N.T.
A idea da débeda histórica leva presente no discurso do voceiro do BNG, Anxo Quintana, desde hai máis de un ano. A cuantificación dos 21.000 millóns de euros foi a novidade introducida cando se ían abrir as negociacións para un goberno tripartito. O economista Xavier Vence chega a unha cifra semellante tendo en conta o gasto público non familiar per capita.

En Andalucía, o presidente Manuel Chaves manexa o concepto de "débeda histórica" continuamente. Cando recén chegou á Moncloa, Zapatero decidiu pagar 2.500 millóns de euros que o goberno de Aznar cicateara, Chaves insistiu en que ese diñeiro era "actualización da financiación do período 1997-2001", pero que seguía en pé unha débeda histórica que non cuantificou pero que entendía que cando se falaba dese concepto se refería "ao atraso e o subdesenvolvemento". No último debate do Estado da Comunidade no Parlamento andaluz discutiuse cal debía ser o montante desa débeda sen chegarse a un acordo entre as forzas políticas.

Quintana pola súa banda non é a primeira vez que se refire a este concepto. No seu discurso o 25 de xullo de 2004 aseguraba que "traballar para que o Estado pague a débeda histórica será o primeiro compromiso dun Presidente nacionalista", e engadía que esa débeda era en infraestruturas pero non só, "tamén en educación, en emprego, en sanidade, en coidado do noso mar, das nosas costas e do noso territorio". Aquel mesmo día comezaba a concretar a idea, "o Estado español ten unha débeda histórica con Galiza, e agora tócalle pagala. Ao noso país débense todas as oportunidades perdidas: oportunidades para modernizar a nosa economía, para crear emprego, para mellorar o noso benestar. Oportunidades perdidas porque Galiza leva décadas competindo en franca desigualdade, castigada por unha histo-



O presidente de Andalucía, o socialista Manuel Chaves, emprega o concepto de 'débeda histórica' a cotío.

ria inxustificábel de políticas dos sucesivos gobernos centrais indiferentes co noso país. Galiza chegou a última ás autoxías e chega a última á alta velocidade. As mulleres galegas soportan a precariedade laboral máis alta do Estado. Os pensionistas galegos cobran as pensións máis baixas. Un estudante galego ten a metade de posibilidades de obter unha bolsa de estudo. Cando reclamamos saldar a débeda histórica, reclamamos o que piden unánimemente as galegas e os galegos porque todos sabemos que é de xustiza: que o noso país teña igualdade de oportunidades para crear emprego e riqueza, para acceder á mellor educación, á mellor sanidade, para avanzar na cohesión social e facer realidade os nosos soños e aspiracións".

Finalmente, na roda de prensa que realizou no Senado previo ao

comezo das negociacións co PSOE para formar un goberno bipartito, Anxo Quintana deixou caer unha cifra de referencia para esa débeda: 21.000 millóns de euros.

Unha cifra coerente

O economista Xavier Vence non coñece os criterios que utilizou o BNG para chegar a esa cifra, pero chega a unha moi parecida, "utilizando un dato que penso que é máis obxectivo que as balanzas fiscais para saber os niveis de investimento do estado: o gasto público non familiar por habitante".

No seu libro *O fracaso neoliberal na Galiza* (A Nosa Terra, 2005), Vence publica estes índices comparativos entre comunidades autónomas, "ao falar de gasto non familiar, eliminamos a distorsión que produce o pago de

pensións por exemplo, e detectamos o investimento real do estado por habitante. Se consideramos un diferencial medio de -10% para un período de vinte anos, de Galiza respecto ao conxunto do Estado, serían uns 300 euros por ano e habitante. Esa cifra, tomando un período de dúas décadas, ronda os 20.500 millóns de euros. Programar como saldar esa diferenza, sexa usando o concepto de débeda histórica ou outro parece o obxectivo do BNG, e estou seguro de que politicamente pode ser eficaz se se articula unha maneira de saldalo".

Vence razonaba no seu libro a utilidade deste concepto de gasto público fronte ao das balanzas fiscais usado por Cataluña, "se lle atribuímos ao sector público e ao goberno central un papel redistribuidor e nivelador, a diferenza entre raxo en base ás balanzas fiscais ou en base ao gasto salto á vista rapidamente: supoñamos dous territorios, un rico e outro pobre, o primeiro contribúe con 120 euros *per capita* vía impostos e recibe do estado 110 euros *per capita* en forma de gasto público e o segundo contribúe con 80 e recibe 90. Razoando en base ás balanzas fiscais non cabe dúbida que a primeira ten un saldo negativo e a segunda positivo e polo tanto hai unha importante redistribución. Pero se nos centramos en como ese sector público distribúe o seu gasto resulta que os habitantes do territorio rico están recibindo un gasto de 110 euros *per capita* e os do territorio pobre 90 euros *per capita*. Que concepto de xustiza ampara ese tipo de distribución do gasto público? Efectivamente, a capacidade redistribuidora e equilibradora dese modelo é realmente escasa ou máis ben habería que dicir que tenderá a reproducir ampliadamente a desigualdade. Se o gasto público ten algún efecto acelerador entón a fenda entre as dúas comunidades autónomas alargarase continuamente. Pois eso é o que ocorre no Estado español historicamente e na actualidade". ♦

Don Ramón

XOSÉ MANUEL SARILLE

Cando ela chegou á casa dos Salgueiriños para ficar, traía unha mochila á que lle rebentaban as costuras e na que portaba maiormente cartas para transcribir, notas e copias sobre o grande autor. Dalgún xeito el tamén ficou aquí porque leva dous anos ocupando mesas e sofás. A súa poderosa testa aparece a oito nas fotografías e nestes días de morna esperanza para Galiza, até debe fitar nalguna ocasión para o palacio de San Caetano, coa fermosa bandeira ao vento.

Os inumerábeis pseudónimos, os escritos, que parecen inabarcábeis, o labirinto de nomes de familiares apenas ordenados nunha imensa árbore xenealóxica, as pistas que vai deixando e que afirman a súa enteira incorruptíbel, e tamén esa sorprendente relación postal, intensísima e de verdadeira síndrome uterina que mantén coa súa nai cando vive en Madrid á idade de dezasete anos.

Mais o Otero que agora nos apaxiona é outro recentemente descuberto, o hedonista, que dificilmente pasa desapercibido. Apéciase moi ben nunha súa conferencia sobre Xelmírez, aquela na que o arcebispo, en plena rebelión popular, vai refuxiar-se á casa de Pedro Cresconio. Cando Xelmírez chega onda seu amigo, Cresconio está ceando. "E que ceará Cresconio?", pregunta Otero. "Ceará... ceará unha empanada de raxo...! Ou unha empanada de xoubas...! Ou talvez unhas troitas! Enviamos un saúdo desde aquí para Pedro Cresconio". Entón o auditorio aplaude e ri e o que escoita a gravación tamén quere erguerse e dar uns berros con paixón e sen mixirricadas, como se facía nas representacións de ópera italiana no século XIX, agardando neste caso que a temperatura da oratoria siga subindo até unha nova explosión. Porque hai que ter unha grande admiración por alguén que en metáfora di que o xamón é a rosa do pote.

Por todo iso o outro Ramón, García Sampil, quixo levar a conferencia para escoitala nunha adega da Ribeira Sacra mentres xantaban e bebían, e alí deron aplausos e vivas longos para o verbo máxico do Señor de Trasalba.

Proclamámonos devotos de Otero Pedrayo, felices de descubri-lo cada día e de perseguir os seus fillos literarios por veigas e aldeas. E como non? Gardaremos lembranza dalgunha visita de verán, doce e nocturna, ao pazo e ao pombal, seguindo as pegadas dos Puga, por un dicir. Delicias que lle dedicamos ao Patriarca, como se fosen as troitas do Cresconio. ♦

A política económica da Xunta de Galicia

MANUEL CAO

En pleno debate público para lograr un maior desenvolvemento da autonomía de Galicia, Manuel Cao percorre todos os fitos da súa implantación política e administrativa, desde os tempos da primeira Xunta preautonómica á plena institucionalización do autogoberno.

CAMPUS / A NOSA TERRA



Xoán Carlos Ansia

'Na Xunta hai máis xefes que funcionarios'

H. VIXANDE

Como presidente do Comité de Persoal da Xunta de Galiza en representación da CIG, Xoán Carlos Ansia leva anos defendendo os intereses dos funcionarios e loitando por unha Administración máis eficaz, algo que considera que non se atinxiu porque a politizou o PP. Nestes tempos, ademais, está a denunciar o intento de blindar os altos cargos da Xunta ante o cambio de Goberno.



OTTO / A.G.N.

Hai unha denuncia da CIG sobre a consolidación do estatuto do persoal con responsabilidades políticas na Xunta.

En canto a este persoal, hai que distinguir entre o persoal de confianza e o resto. O persoal de confianza cesa co conselleiro; está regulado e sábese quen son. Entre estes están unha serie de altos cargos: directores xerais, subdirectores, xefes de servizo, delegados provinciais... que roldan os trescentos cincuenta. Ademais, está un número indeterminado de asesores... entre os que hai parentes de políticos do PP.

Por que non se sabe cantos son estes últimos?

Sabemos o número de directores xerais, 164, ou o persoal de gabinete, 119, porque aparecen no organigrama, pero sobre os asesores do conselleiros xa non sabemos tanto porque o Goberno nunca deu un número cando llo preguntaron no Parlamento. En realidade, cada conselleiro ten conta dos seus, pero non hai ningunha persoa que saiba dicir unha cifra global.

Aventure unha cifra.

Uns mil douscentos. Dentro deste colectivo hai funcionarios que foron destinados a dedo a outro posto ou persoal contratado temporalmente que está ligado á Administración mentres dure o contrato, pero que non é funcionario e que terá que ir á rúa cando conclúa o contrato, xa que non cabe despedilos. O problema son os primeiros, os postos de libre designación. Son funcionarios dos grupos A e B, aínda que tamén os hai do grupo C.

En principio, o Goberno ten que decidir os postos intermedios.

Si e non. Ten que decidir quen son os directores xerais e incluso os subdirectores, pero por que ten que nomear a dedo a un xefe dunha residencia xerárquica? Esa función debería exercela un funcionario, un técnico, que é quen debe saber organizar unha residencia.

E por que non é así?

Aquí, o grao de politización da Administración é enorme. Estes postos de libre designación serven para facer clientelismo político. A ti noméche director dunha residencia e a cambio ti fasme de cacique.

Hai unha solución ben doada, que os destitúa o novo Goberno e que nomee eses cargos polo procedemento de concurso.

Desde logo, o concurso debe ser o mecanismo a empregar, pero despois de perder as eleccións, a Xunta vén de sacar un decreto que blinda eses postos de libre designación. Até o momento, unha persoa que exercía un destes postos ao ser cesada quedaba a dispor do conselleiro, que podía atribuírle un posto provisional en calquera localidade dentro do seu grupo, coa obriga final de que concursase para unha praza en calquera sitio.

Parece un procedemento razoábel.

Mais o que pretenden agora é que en quinze días tras o cesamento, lle dean unha praza do mesmo nivel retributivo na mesma localidade.

E que inconveniente ten?

Dos mil douscentos, entre oitocentos e novecentos están en Santiago, de modo que terían que continuar en Santiago. Iso implica dobrar postos de traballo. Se o novo Goberno desexa racionalizar a Administración e establecer un concurso para ocupar eses postos en San Caetano, ademais terá que darlles un posto do mesmo nivel retributivo en San Caetano a esas oitocentas ou novecentas persoas, é dicir, que cobrarán por non traballar.

E cobrarán o mesmo que antes.

Segundo o decreto, si. Unha

parte do salario consolídase despois de anos de traballo nun posto, e foron moitos anos. Pero a lei indica que non se consolida todo o salario porque hai unha serie de complementos que están en relación co posto que se desempeña, aínda que de forma relativa; algo sempre queda. O que trata de facer o decreto é que cobren exactamente o mesmo. Con todo, a perda de nivel adquisitivo non é tan alto, falamos de douscentos ou trescentos euros ao mes en niveis retributivos moi altos. É unha mesquindade facer este amaño polos cartos.

Cal é a razón de que a Xunta saque o decreto agora e non antes?

Non se entende a menos que non contasen con abandonar o poder nunca. Nese caso, non tiñan que procurarlle futuro aos seus. Foron dezaseis anos de falta de diálogo cos sindicatos, de imposición dos criterios do Partido Popular. Se, cando chegaron, tivesen negociado estes asuntos co Comité, ao mellor non estabamos falando dun escándalo, porque non se forzaría o principio de legalidade. Hai un problema engadido: que son mil

douscentos e non cen. Se fosen cen ou douscentos, tal vez non habería tanto problema porque sería máis doado buscar un posto para estas persoas, pero cando falamos de mil douscentos casos, iso supón hipotecar a capacidade de acción da Administración.

Non hai volta atrás?

Haina, pódese modificar o decreto posteriormente ou mesmo derrogalo.

Que problema hai, entón?

Non se pode botar o problema aos outros. O lóxico é aplicar a legalidade que estaba en vigor, que ademais é a norma en todas as Administracións. O que pode acontecer agora é que se teña a sensación de que o novo Goberno o primeiro que fai é resaltar os funcionarios que non son da súa corda. Non sería así de ningunha forma, o que trataría de facer sería racionalizar o funcionamento da Administración.

Tan mal está a Administración en relación co persoal?

Falamos dunha pirámide invertida. Aquí hai máis xefes que funcionarios. A Administración non só é burocracia, tamén hai servizos públicos, servizos que están moi mal dotados, aos que lles falta moito persoal. E logo está o problema dos interinos. Hai sobre mil, cunha media de antigüidade de oito anos. Eses interinos serviron para conseguir man de obra barata, porque cobran menos, pero non houbo forma de consolidar o seu posto de traballo.

Si houbo consolidación de postos noutras áreas, como vostedes teñen denunciado.

Certo. Hai toda unha Administración paralela que non hai forma de controlar e que serve para ir colocando ao persoal afín ao Partido Popular. Un exemplo, o Instituto Tecnolóxico para o Control de Medio Mariño de Galiza, Intecmar, é un deses organismos autónomos que agora casualmente teñen un proceso selectivo. Pois ben, para o posto de traballo do Gabinete de Comunicación preséntase Fernando Fernández Domonte. Todo o mundo ten dereito a concorrer a unha praza deste tipo, pero, que casualidade, trátase do Xefe de Gabinete do conselleiro de Pesca!

Outra das súas denuncias é relativa á Dirección Xeral para o Deporte.

Outro escándalo. É unha Dirección Xeral, non unha Consellaría. Porén, conta cun Gabinete composto por seis persoas, todos asesores ou persoal de prensa. Ademais, existe a Fundación Deporte Galego, que é de carácter público e que ten as mesmas funcións que a Dirección Xeral. Afí hai outras cinco persoas traballando, entre elas un fillo de Dositeo Rodríguez, concelleiro do PP en Santiago e ex conselleiro da Presidencia. De todos xeitos, non é o peor exemplo.

Cal é?

Un deles é o de [Agostiño] Prado Verdeal. É delegado de Medio Ambiente en Ourense e a pesar dos milleiros de hectáreas que arden anualmente alí, nunca o destituíron. Trátase dun home de Baltar, un recadador de votos e se o destitúen non queda na rúa porque é mestre, só tería que volver ao colexio. Parece que nin iso queren facer. ♦



Xaime Bouzada é director da Escola Galega de Administración Sanitaria, irmán e marido doutros altos cargos. Domingos Bello Xaneiro, director da Escola Galega de Administración Pública, parella de Adriana Fraga, filla do Presidente en funcións da Xunta.



O presidente en funcións favoreceu a endogamia na administración

A familia 'política' de Don Manuel

PERFECTO CONDE
Dezaseis anos de poder absoluto déronlle a Manuel Fraga tempo para implantar no tecido administrativo e político da Xunta unha uténtica endogamia laboral que pervive xusto antes do cambio de goberno.

Fraga, que cumprirá 83 anos o 23 de novembro, despois de ocupar o seu primeiro cargo político en 1953, sempre se gaba de terlles servido aos sagrados intereses públicos sen beneficiarse particularmente dos numerosos cargos oficiais que ocupou na ditadura de Franco e na democracia. Segundo as súas palabras, estaríamos diante dun dos próceres máis honrados que deu Galiza.

Porén, nos longos tres lustros que leva presidindo a Xunta, non todo parece tan inocente. Para empezar, non só foi el o que se

incrustou no aparato gubernativo da nosa terra, mediante o control máis eficaz posíbel do caciquismo e das redes de clientelismo político que herdou e desenvolveu o PP, senón que un bo número de membros da súa familia tamén se incorporaron á estrutura administrativa e política que foi conformando o patrón.

O clan Fraga

Unha das súas irmáns, Rosario Fraga, aínda ten agora despacho e teléfono asignado na antiga Casa da Parra de Santiago, en plena praza de Quintana, como asesora do seu propio fillo, Pedro Puy Fraga, e como membro do Servizo de Documentación que depende do subdirector xeral do Gabinete Técnico da Presidencia, Telesforo Morales Ortiz.

Puy, fillo do catedrático

compostelán Pedro Puy Muñoz, e, polo tanto, sobriño do presidente en funcións, ocupa o cargo de director xeral de Relacións Institucionais. A súa segunda e actual muller, Amparo Barreales, é socia da empresa Recaudación y Gestión, S.L. (Recyges, S.L.), encargada de realizar a recadación de impostos de varios concellos.

Unha irmá do anterior, María Puy, é subdirectora xeral de Xogo, Asociacións e Espectáculos Públicos da Consellería de Xustiza que rexenta Xesús Palmou, oficialmente a encargada de controlar a inspección dos casinos, explotación de máquinas tragaperras, etc. María Puy podía ser un exemplo dos altos cargos da Xunta que se verían beneficiados polo decreto que quere sacar Fraga para manterlles o complemento salarial específico e outras vantaxes aos que cesen a

consecuencia do cambio de goberno. O marido de María Puy, Xosé Luís Rodríguez Pedreira, ocupa un posto de libre designación no Consello de Contas e anteriormente ocupou outro da mesma condición na Consellería de Educación.

Andrés Puy, irmán dos anteriores, fisioterapeuta de profesión, ten dúas clínicas na Coruña, Hércules Fisioterapia e Gaia Xestión Deportiva, que son as que xestonan os complexos deportivos da Xunta na cidade. Estes centros son o de Acea da Mía, as piscinas deportivas de Elviña e o do Burgo, en Culleredo.

Teresa Puy é pintora e algúns dos seus cadros foron colgados en dependencias da Xunta. Unha sobriña máis, Gala Puy, está casada con Carlos Freire, director médico do balneario de Mondariz, empresa que recibiu subvencións impor-

tantes por parte da Xunta. Aínda hai outra sobriña de Fraga que está casada co coñecido actor Manuel Manquilha e que traballa na Televisión de Galiza. Alfredo Puy Muñoz é xefe de sección –por concurso– na Xunta.

Ademais, unha filla do ex alto cargo de Franco Carlos Robles Piquer e tamén sobriña de Fraga, Ana Robles Fraga, sendo directora do Instituto de Ensino Secundario Perdouro de Burela (Lugo), foi denunciada pola CIG ante o xulgado de instrución número 2 de Viveiro, por un suposto delito cometido nunha contratación de persoal na que se terían incumprido os requisitos legais. Por outra parte, o actual director da Escola Galega de Administración Pública, Domingo Bello Janeiro, forma parella de feito con Adriana Fraga Estévez, unha das fillas do presidente en funcións. ♦

Unha Xunta onde case todos son parentes

Como se ve, o político de Vilalba estivo ben acompañado familiarmente no seu prolongado paso pola presidencia da Xunta. Pero non é só a súa endogamia a que se espallou pola administración pública galega. Moitos outros compoñentes dos seus sucesivos gobernos e desa administración tamén gozaron da compañía dos parentes en postos públicos.

Sen ir máis lonxe, a ex ministra de Sanidade do goberno de José María Aznar, Ana Pastor, frecuente aspirante ao poder do seu partido en Galiza, viu como o seu home, Xosé Benito Suárez Costa, foi nomeado director xeral de Interior e Protección Civil polo anterior conse-

lleiro de Interior e Xustiza, Antonio Pillado, e como o sucesor deste, Xesús Palmou, lle consorveu o cargo.

Manuel Luís Silva Costenla, fillo do secretario xeral de Sanidade, Manuel Antonio Silva Romero, foi nomeado delegado provincial de Xustiza, Interior e Administración Local na provincia da Coruña. Un licenciado en bioloxía mariña, Ánxel Currás, irmán do conselleiro de Educación, Celso Currás, pasou a dirixir a Fundación Cidade da Cultura, o que algúns chaman "o mausoleo de Fraga".

O marido da actual deputada por Lugo e ex conselleira de Educación Manuela Besteiro,

Antonio Calvo Varela, é delegado provincial de Cultura na cidade do San Froilán. Ademais, o xenro desta deputada, Xosé Manuel Campaña Gallo, tamén é director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na Consellería de Medio Ambiente. Na mesma provincia, a delegación de Sanidade foi posta a cargo Uxía Lázare Vila, muller do vicepresidente segundo e conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro.

Por non ser menos, na Consellería de Cultura a endogamia laboral tamén tivo sitio. Henrique González Murga, irmán do secretario xeral do departamento que comanda Pérez Varela, ocu-

pou a subdirección xeral de Telecomunicacións e Audiovisual.

Os irmáns lugueses Paulo e Rosendo Figueroa e a ex muller do primeiro, María Esther Regueiro, ocupan altos cargos como os de secretaria xeral da Presidencia da Xunta, secretario xeral do Consello de Contas e directora xeral de Protocolo e Relacións Públicas, respectivamente.

Xaime Bouzada Romero, director da Escola Galega de Administración Sanitaria, é irmán de Xavier Bouzada, inspector xeral de Servizos da Xunta, e a muller do primeiro, Teresa Escudero, foi designada libremente para ocupar unha pra-

za na Consellería da Presidencia.

E así, unha longa lista que pasa pola subdirectora de Persoal de Medio Ambiente, polo xefe de Persoal de Presidencia e por alcaldes como de Lalín e actual home forte dentro do aparato do PP, Xosé Crespo Iglesias, que ten o seu irmán Antonio Crespo de director xeral do Fondo Galego de Garantía Agraria na Consellería de Política Alimentaria e Desenvolvemento Rural. Ou polo sempre presente ex ministro Xosé Manuel Romá Beccaría, que ten unha sobriña, Carmen Martín de Pozuelo Romá, ocupando posto de confianza na Consellería de Política Territorial. ♦

Todas as consellarías acometeron millónaros proxectos no último mes O DOG non descansa con Fraga en funcións

PERFECTO CONDE

O goberno en funcións da Xunta decidiu aproveitar o tempo para seguir iniciando proxectos. Os máis destacados, as licenzas de radio e televisión e un plano para manter os salarios e destinos de centos de altos cargos de confianza de Manuel Fraga.

Ler o DOG, normalmente, é cousa máis ben aburrida, propia de desocupados ou dos que buscan nel o que lles interesa particularmente. Repasar as súas páxinas dende hai dúas semanas resulta todo o contrario. Mesmo pode parecer que un está lendo un inédito de García Márquez, e non pola súa calidade literaria senón pola carga de realismo máxico (político, dende logo) que parece inspirar unha boa parte do seu contido. Nestes días, o DOG está dando conta do furor interino que lles entrou a Manuel Fraga e aos seus conselleiros.

Xa no día seguinte das eleccións, o 20 de xuño (DOG do 27), antes mesmo de coñecerse o escrutinio do voto emigrante que decidiu o cambio de maiorías, o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Xosé Antonio Santiso, ampliou a dotación orzamentaria para a concesión de axudas a programas agrarios de mellora técnica e desenvolvemento sustentábel dos procesos produtivos agrícolas que foran convocadas pola orde do 23 de decembro de 2004.

Millóns a esgalla

Incrementáronse, así, tres aplicacións orzamentarias por un total de 3.318.834,16 euros (respectivamente, 2.075.692,58; 941.311,63 e 302.829,95 euros) "tendo en conta o elevado número e dimensión das solicitudes de axuda que se recibiron e a dimensión das solicitudes de axuda que se recibiron e a necesidade dun maior financiamento".

Henrique López Veiga, conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, tamén puxo a súa rúbrica no DOG o 6 de xullo mediante a publicación dunha orde súa do 30 de xuño que modificou o artigo 1 da do 7 de decembro de 2004 para poder ampliar o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Só unha semana máis tarde, o 6 de xullo (DOG do día 8), Veiga concretou esta modificación incrementando en 5.385.848,50 euros as axudas correspondentes ao exercicio orzamentario 2005, e en 17.778.000 euros as



que correspondan a 2006. En total, un incremento de 23.163.848,50 euros.

Entre estes dous conselleiros, dende o 20 de xuño ao 6 de xullo, permitíronse a magnanimidade de aumentar as axudas destinadas a agricultura e pesca por un importe de 26.491.998,17 euros, máis de 4.000 millóns das antigas pesetas. De repente, Santiso Miramontes e López Veiga, convertidos nos reis magos dun Nadal anticipado ao verán. Tanta xenerosidade fixo pensar, así no PSOE como no BNG, en que alguén puido andar pensando en agradecer servizos e utilidades prestados durante os últimos tempos e mesmo no decurso da campaña electoral.

Só un alto cargo da Xunta saltaba do barco presentando a

petición a súa destitución, o director xeral de Industria, Enerxía e Minas, Ramón Ordás, de paso cara a un alto cargo na industria privada da que el se ocupou recentemente dende o seu cargo público. O goberno en funcións contratou unha empresa privada para a limpeza das distintas dependencias da Xunta por importe que supera os seis millóns de euros, os servizos de xardinaría, a dotación mobiliaria dun dos edificios da Cidade da Cultura, etc., e convocaron por vía de urxencia a contratación de asistencia técnica para o deseño e posta en marcha dun centro de información ambiental por importe de 450.000 euros sen que organizacións ecoloxistas como a Adegas non tiveron nin sequer

noticia de que se estaba preparando esta iniciativa.

Xesús Pérez Varela, conselleiro de Cultura, tamén levou a súa rúbrica ao DOG coa concesión de axudas para apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual, así como á produción audiovisual en lingua galega, para o ano 2005 por un importe total de 4.150.992,86 euros. Ao DOG até levaron a declaración de interese turístico das festas da dorna de Ribeira, das danzas ancestrais de Cangas e da lamprea de Arbo.

Nesta mesma liña tamén rubricou no DOG o secretario xeral da Consellaría de Innovación, Industria e Comercio, Xesús Vázquez, neste caso por delegación do conselleiro Xoán Rodríguez Yuste, para axudar a axudas a grupos de investigación novos, proxectos de promoción xeral do coñecemento, axudas e incentivos para a participación noutros programas e axudas para redes temáticas que foron resoltas o 4 de xullo por un importe total de 7.689.333 euros.

Aínda fóra das páxinas do DOG, o furor interino de Fraga tamén se manifestou na súa vontade de adxudicar –probabelmente esta mesma semana– as licenzas de televisión dixital terrestre a pesar de que está pendente a elaboración dunha nova lexislación estatal sobre a

materia, igual que no Parlamento de Galiza, e está a piques de entrar un novo goberno na Xunta.

Todo sexa polos altos cargos

Outro asunto que chama poderosamente a atención é o desexo do goberno en funcións de beneficiar os altos cargos de libre nomeamento e libre designación saíntes mediante a promulgación dun decreto que lles recoñeza o dereito a conservar o complemento específico do seu salario actual e o lugar de destino de tal maneira que, por exemplo, un mestre que exercera o cargo de director xeral durante o mandato de Fraga tería dereito a seguir cobrando tanto co

Tanta xenerosidade fixo pensar en que alguén puido andar a cavilar en agradecer servizos e utilidades prestados durante os últimos tempos e mesmo no decurso da campaña electoral.

mo un director xeral do Estado e a ter o seu destino en Santiago. Neste caso, non deixan de ser abondo curiosas as razóns polas que o redactor do decreto tentou xustificar a súa necesidade con estas exactas palabras expresadas en español: "Cuidamos de justicia no abandonar a estos funcionarios que han servido a usted, presidente, y al gobierno gallego en estos quince años y que esperamos vuelvan a servir a un gobierno gallego popular lo antes posible. Ellos, sin duda, lo agradecerán como han agradecido la confianza con su esfuerzo durante estos años de servicio". ♦

GONZALO



Un goberno bipartito

CARLOS AYMERICH

Nacionalistas e socialistas estamos a negociar un acordo para gobernar Galiza nos próximos catro anos. E para facelo desde aquí, construíndo un goberno galego que fixe con autonomía as súas posicións e adopte as súas decisións só en función do interese dos galegos e das galegas.

E estímolo a facer con moitas dificultades. Algunhas, hai que recoñecelo, decorrentes das diferenzas entre dúas forzas políticas pertencentes a tradicións e correntes de pensamento distintas, con culturas políticas diversas e con praxes institucionais e sociais tamén diferentes. Non é nada novo. Do que se trata é, precisamente, de procurar puntos en común, de compatibilizar dous proxectos a priori distintos e de facer da diversidade un valor e non un problema no funcionamento do goberno. Non é doado, mais paga a pena intentalo. Arrombar, uns e outros, tentacións hexemonistas e comprometerse nun proxecto que necesariamente ten de ser común e pasar polo recoñecemento do



‘Arrombar, uns e outros, tentacións hexemonistas e comprometerse nun proxecto que necesariamente ten de ser común e pasar polo recoñecemento do socio’

socio. Porque, aínda que nos doia recoñecelo, o PP segue a ser na Galiza a forza máis votada e o goberno alternativo depende, necesariamente, do noso acordo.

Mais hai tamén outras dificultades que, se non agora, si se lle van presentar ao novo goberno nos próximos meses. Dando mostra, máis outra vez, dun escaso sentido democrático, o goberno en funcións do PP concede frecuencias de radio e de TV a empresas afíns, adjudica contratos multimillonarios, autoriza centrais hidroeléctricas con informes técnicos en contra ou tenta

consolidar centos de persoas metidas a dedo na Administración. Porque, xa se sabe, como Manuel Fraga dixera hai uns meses, é lexítimo que tamén os enchufados se preocupen polo futuro das súas familias. Mesmo que sexa á conta do erario público.

Por iso temos de chegar a acordos canto antes. Para non lle dar máis tempo ao PP para facer da súa. E facelo con rigor e respecto á decisión do pobo galego.

Esta é a situación e este é o empeño do BNG. Seguir servindo a Galiza, agora desde o goberno. E canto antes. ♦

Vigo

Cambio de guión

XOSÉ MANUEL AÑEL

Corina Porro, consciente de que a dimisión de Ventura Pérez Mariño a deixa en mala posición, liderará todas as reclamacións viguesas diante das outras administracións.

Non hai nin unha semana que o voceiro do goberno municipal proclamaba que o Concello non ía aloxar en hoteis aos afectados polos malos cheiros procedentes da depuradora de augas residuais do Lagares malia as reiteradas peticións dese colectivo. Xosé Manuel Figueroa repetiu de xeito teimudo, incluso despois de que a corporación municipal aprobara, cos votos da oposición, unha moción na que se pedía que se acollera os veciños en hoteis para que non tivesen que aturar o fedor que en determinadas ocasións emana das lamas que se xeran ao tratar as augas residuais. O pasado venres todo cambiou. De súpeto mudou a rotunda negativa ás pretensións veciñais. O Concello reservou medio cento de camas nun establecemento de catro estrelas e até ese momento compracente tolerancia coa empresa encargada da xestión da depuradora converteuse en advertencia pública dun hipotético rescate da concesión no caso de que se chegue a probar a súa negligencia no labor de mantemento das instalacións. Que pasou para que se produxese un cambio de actitude tan radical? Sinxelamente que Ventura Pérez Mariño acababa de demitir.

“Seguirei traballando como até agora”, aseguraba Corina Porro nada máis coñecer a despedida do home que garantía a súa permanencia na alcaldía de Vigo. Non é certo. Porro cambiou xa de estratexia. Abandonou unha insinuación de María Xosé Porteiro, a nova voceira do grupo socialista, sobre a depuradora para que a alcaldesa modificase a súa postura co obxectivo de cegar calquera vía á crítica nese asunto. Non se estrañen se de agora en diante a ven practicado o populismo. A idea é evitar as polémicas; colocarse á fronte de cada reivindicación cidadá que poida xurdir ante calquera outra administración; seguir plantando flores e palmeiras na medida en que a carteira o faga posible; pulir o discurso do vitimismo para facelo máis críbel e investir en publicidade para asegurarse o maior nú-

mero posible de apoios. Por certo, leron vostedes o editorial publicado a pasada fin de semana polo diario máis lido da cidade?

Prepárense para asistir a un novo capítulo no serial da política municipal viguesa. Os guionistas deste culebrón preparan novidades para a próxima tempada e xa estes días nos están a ofrecer algunhas pistas de por onde irán os tiros. Polo pronto,

desaparecido Mariño do elenco, outros actores e actrices se perfilan como protagonistas da historia. Porteiro, postergada nos últimos tempos á categoría de extra, reaparece como estrela principal. Secundarios con importante presenza nos últimos meses, como Mauricio Ruiz, irán perdendo cota de pantalla de maneira progresiva. Na vindeira tempada da serie non faltarán loitas fraterci-

das entre compañeiros de partido. Asistiremos a xogos malabares que tentarán confundir o público mentres se producen vertixinosas rectificacións de discursos que supostamente sustentaban principios inmutábeis. Veremos entenededoras reconciliacións e tristes despedidas. Cambiarán as alianzas entre personaxes e onde antes había condescendencia brillarán no fu-

turo os coitelos. En suma, serán episodios apaixonantes que nos irán encamiñando cara a un final que semella cantado aínda que os directores da obra se esforcen en ocultalo e manter o suspense.

De todos os xeitos convén seguir con atención o que vaia sucedendo nesta imaxinaria pantalla, porque é ben sabido que os guionistas ás veces se deixan levar polos desexos manifestados polo público nos estudos de audiencia ou porque sempre cabe a posibilidade de que algún dos actores asuma o rol de divo e arruine os planos dos produtores (exemplos recentes temos). Só nese caso a serie tería un desenlace inesperado e, en lugar do feliz casamento de conveniencia previsto, chegaría a un final con Corina Porro vencendo as conspiracións e mantendo a súa coroa mentres pasea oufana polo gume da navalla. ♦

Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS



Subliñado

Arrogancias

LOIS DIÉGUEZ

“Non é razoable impoñer ao goberno do país conceptos propios dunha opción partidaria como é a débeda histórica”. Touriño dixit. Xa cre que el é o goberno e que os demais non teñen a ver con iso. A humildade, dicíamolo o outro día, sempre é revolucionaria. A el parece que non lle vai. Nunhas negociacións entre dúas partes cada un propondrá o que lle pete, segundo o seu criterio. É o lóxico, non? Pero tampouco a ese home lle parece ben isto e chámalle imposición á actitude de pensar, propondir e dialogar. Nen débeda histórica nen Estatuto de nación. Hai, parullíño, logo, que? Galiza, outra vez, “región pobre del Noroeste?”. Anda xa! Toda unha vida sentindo o mesmo para que veña este home que quere ser presidente da Xunta e nos repita os sermóns matutinos de Fraga. Nen Estatuto, nen Vicepresidencia clara, nen pago de débedas seculares... Sempre a obsesión de como agachar o aliado. Preparar programas de cambio e evolución galegos implica ter conciencia de país, sen sometementos nen dependencias ideolóxicas e políticas. Hai que partir de aquí, da Galiza, e os do Psoe seguen a mirar para fóra con insistencia, enmismándose no propio embigo aseñorado. Así non podemos mudar, compañeiro. Acaso os atrancos para unha Galiza nova estean aquí. Iso é o que temos que saber galegos e galegas. Así, obxectivamente, sen as cortinas escuras da arranxada propaganda. ♦

Escrubemos o noso artigo na Europa oriental, en Bulgaria. Non é a primeira vez que a visitamos e, máis unha vez, admirámonos de como unha mentalidade e unha política civilizadas a respecto da natureza, permiten unha adecuada conservación do equilibrio ecolóxico que, entre nós, tan estragado anda. Sofía, a capital, a pesar de toda a invasión das multinacionais, aínda conserva amplísimos espazos verdes, onde xentes de todas as idades, sen consumiren, poden descansar e parolar. Moi lonxe da nosa intención facermos evocacións arcádicas e idilizantes. Non está mesmamente a situación do mundo para iso. Mais, por contraste, non podemos deixar de añorar o "paraíso" (Castelo dixit) que a nosa terra podía ser - ao menos, canto á conservación de recursos naturais- de ter recibido mellor trato, de non sermos reserva de economía colonial e, tamén, de sermos nós, colectivamente, máis

respetuosos co medio ambiente e con toda a nosa riqueza, conceptualizada como tal. É o noso, con efecto, un problema cultural, no sentido amplo do termo.

Quen se auto-despreza mal vai apreciar o que ten ao lado.

Temos atopado, en viaxes varias e moi distantes da nosa nación, compatriotas que se admiraban ardidamente das beleza do que contemplaban a tantos

kilómetros da súa terra. Tantas e tantas veces nos preguntamos sobre o que coñecerían dela mesma: ¿cantas veces terían paseado polo adarve da Muralla de Lugo, única en todo o mundo de descendencia romana, cantas terían paseado polos cañóns do Sil antes de o faceren polo Rhin, cantos restos arqueolóxicos lles foi dado examinar antes de iren a Italia ou a Túnex ou, simplemente, canta riqueza botánica e faunística pu-

deron rexistar en tantos e tantos lugares inexplorados do país?

Quen non coñece o seu mal pode valorar o de outros: non hai contraste, porque da ocultación e da ignorancia do propio nada bon se pode esperar. É ben curioso que os nosos colonizados domésticos (versión espontánea, versión "progre") cualifiquen esta constatación de "retrograda", "ensimesmada" ou idilica a respecto de nós mesmos. Di a sentenza reaccionaria que o nacionalismo cífrase viaxando. Opino xustamente o contrario: o nacionalismo galego acrecentábase viaxando, comparando, e véndomos cal outra, para ben, podía ser a situación da nosa nación en ténidos poderes públicos coa autoestima necesaria e mercedes do sustantivo e do adxectivo a que se deben (governo galego). Non é dos menores labores que o futuro idem terá de abordar no futuro próximo, se realmente o cambio non sexa só de modas, senón de modos: non máis ocultación, non máis disimulación, non máis pedimos permiso por sermos galegos e demostralo. ♦

Fendas nas vivendas de Bueu, accidente ou efecto dos muros pantalla?

Dende hai tres anos Bueu está a sufrir, cada verán, unha catástrofe urbanística. Cada ano unha distinta, pero de semellantes características. Os edificios de nova construción prócetanse con sotós, incluso os que se sitúan á beira do mar, pero o xeito de construción, o que se basea nos muros pantalla, ocasiona ás vivendas limítrofes fendas e desviacións, tan graves que, xa un par de familias tiveron que abandonar as súas casas.

GEMMA MALVIDO OTERO

"No concello dixéronnos que foi un accidente, que non teñen responsabilidade sobre o que pasou, porque a obra ten todos os permisos e as licencias en regra" afirma María Rosa Ruibal, presidenta do garaxe do edificio La Rosaleda na rúa Johán Carballeira de Bueu. "A culpa botáronlla ao señor da escavadora porque non lle colocou a protección e deixouna apoiada no muro de contención". A versión oficial ofrecida aos veciños di que un dos tubos de augas rompeu ao non soportar as corenta toneladas de peso da escavadora, que non estaba aparcada onde debiera, o resto fixérono o mal estado da rúa e a auga que foi arando o terreo de auga.

Para a promotora, o culpábel é o Concello porque a rúa está en malas condicións, e segundo as últimas informacións recibidas, seguirao estando até o mes de setembro cando se prevé que remanen as obras de acondicionamento do terreo, de retirada de escombros, de desvío das canalizacións e de restablecemento de servizos.

En setembro será tamén cando a promotora remate de apuntalar o edificio e de construír os tres sotós que están no proxecto. Aínda cando os responsábeis municipais recoñecen a existencia dunha orde do Xulgado de Marín que obriga a promotora a paralizar a obra parcialmente, debido a que unha vivenda próxima rexistrou fendas na súa estrutura. Esta orde permitiu só que a empresa traballe no

apuntalado da obra, non na devandita construción dos sotós.

As comunidades de veciños damnificadas pola obra reuníronse varias veces dende a noite do suceso -a do sábado dous de xullo para o domingo-, co obxectivo de pedir responsabilidades ou, cando menos, unha explicación, tanto da empresa construtora como da promotora e do Concello, "pero non recibimos máis que desculpas, xa que foi un accidente", como apunta Laura García, presidenta da comunidade do edificio La Rosaleda. De todos os xeitos, os veciños levantaron acta notarial, documentada con fotografías, do estado das súas vivendas no luns seguinte ao adufinamento da escavadora.

Porén, existe un nexo de unión entre esta obra e as súas consecuencias e as obras realizadas os dous veráns anteriores en zonas de semellantes características da vila de Bueu. Este nexo é o método de construción dos sotós: os muros pantalla. Unha sorte de construción que, na práctica, non resiste a devandita estrutura, xa que se pretende escavar e construír nun terreo que, hai menos de cincuenta anos, era só mar e area.

Na casa de Mari ningún colle o teléfono, a súa familia xa non vive alí dende que derrubaron as vivendas do lado. Foi en xullo de 2003 cando comezou a obra. Primeiro foron os tremores, as cousas que se caen das paredes e despois viñeron a separación dos in-

móbeis, a inseguridade e a mudanza para a casa da avoa, na mesma rúa, uns metros máis alá.

No espazo de dúas antigas vivendas pretendían, e están a conseguir, facer un edificio de dúas alturas e dous sotós, aínda cando ningún dos inmóbeis desta rúa goza do devandito servizo subterráneo. Segundo os xeólogos "a pouco que se escave xa se atopa a auga do mar" o que fai desta unha zona moi inestábel para a construción de profundidade.

Mari e Carlos levan dous anos loitando por volver á súa casa, pero polo de agora só poden esperar,

"os xulgados nestes meses de verán están pechados ou non funcionan para estas cousas, así que até setembro, cando se celebre o xuízo, non sabemos nada". Os construtores aproveitan esta escaseza de control nas

vacacións para comezar as súas obras, é xa unha lei non escrita que permite avanzar na creación de inmóbeis, aínda cando estes non reúnen todos os requisitos de seguridade e/ou de licencias.

Isto pode prexudicar as vivendas ladeiras, como foi neste caso, xa que o espazo do que a promotora dispoñía para obrar compartía coa casa de Mari unha parede, a medianeira. Tal situación requiría unhas condicións de seguridade non derube que non se tiveron en conta, polo que a casa de Mari "moveuse en bloque con percorrido de cinco centímetros cara á dereita", aínda cando no seu inmóbel non deberían ter afectado esas obras.

A construción estivo parada unha vez, mais non foi unha para-

da real ou, cando menos, non foi efectiva. "O mesmo día do ditame -conta Carlos aínda indignado- cando volvíamos do xulgado, atopámonos con que estaban a rematar o que lles quedaba por baleirar do solar e, deste xeito, poder edificar os dous sotós que lles teñen concedidos na licenza. Non puidemos facer nada". Ao pouco tempo a parada provisional invalidouse, xa que a xuíza que a ditaminara foi destinada a outro lugar.

Como consecuencia deste baleirado rápido, e da escaseza de seguridade, a casa cedeu outro pouco máis, neste caso cara a abaixo.

Semella que esta obra esconde máis do que amosa, "hai moitos máis intereses dos que debería", o Concello di que non pode meterse en nada, que non ten competencia sobre esta obra porque ten licenza,

"pero cometen moitas ilegalidades, o peor é que as cometen os sábados, pola noite ou no verán, cando os que teñen potestade para parar a obra non están traballando".

Se Mari fala do futuro só repite unha frase, "Eu o único que quero é que me devolvan a miña casa tal e como a tiña, quero que me cerren as portas e que estea dereita. Non lles pedimos diñeiro, so manter o que tiñamos".

Pero parece que nesta vila non se aprende da experiencia e cada verán, dende hai xa tres, dende que Mari e a súa familia tiveron que abandonar a súa casa, se veñen concedendo licencias para edificar sotós nun terreo que non os admite, polo menos, non se son construídos con muros pantalla. ♦

Séguese conseguendo licenzas para sotós en terreos gañados ao mar

A Coruña

O porto sálvase dun novo naufraxio

MANUEL LUGRÍS

O barco *Rosalía D'Amato* varou a poucos metros do peirao da cidade. Finalmente, o incidente quedou en nada pero valeu para que o alcalde pedise con urxencia un porto exterior.

tempe pola cidade e as tristes estampas do *Erkowitz*, *Urkiola*, *Kingland* ou *Aegean Sea*, entre outros, agromaron nos recordos das xentes de a pé. O medio era consubstancial cos antecedentes descritos, polo que a Autoridade Portuaria apresurou a difundir a información de que non existía ningún perigo para a cidadanía nin para a posíbel contaminación da ría. Pero, claro, as palabras oficiais xa non teñen o valor que tiñan antes da catástrofe do *Prestige* e a inquedaña foi a tónica xeneralizada nunha noite de incertezas. Mesmo declaracións

posteriores confirmaron que había "incidentes" portuarios dos que non se daba conta publicamente. Enténdase que se trata de feitos de escasa importancia. O que non se explicaba en que consistía o criterio de avaliación empregado. Houbo que agardar á madrugada para reflotar o barco, que aínda provocou algún susto máis, xa que embarrancou consecutivamente diante de dar o paso definitivo para a súa liberación. Como non hai mal que por ben non veña, tanto o presidente da Autoridade Portuaria como o alcalde da cidade, non

deixaron pasar a ocasión para facer apoloxía da necesidade "imperial" de construír o chamado Porto Exterior de Punta Lagosteira que, a día de hoxe, continúa sen financiamento por parte do goberno central, pois logo semella que os cartos foron para Gijón e Sevilla, dito pola prensa ao seguinte día da "non catástrofe". Mentres, a todo isto, os percebeiros afectados polas obras da devandita dársena externa, continúan coas súas mobilizacións reivindicativas apoiadas pola CIG, diante desta mesma Autoridade Portuaria en procura de solucións para a súa precaria situación. Solucións que non chegan e que decote son contestadas con frases evasivas e *pases toreros* que buscan gañar tempo e presentar as cousas como feitos consumados que non teñan en conta os intereses populares fronte aos específicos do capital e da enxurrada especulativa nos peiraos liberados, que é, no profundo de todo este asunto, a motivación principal. Mentres os medos da cidade poden esperar. Despois de todo, as marés negras non chegan aos despachos nin emporcan as moquetas. ♦

O GRAN NA ROSHA

LUZIA OCA

Kauberdianu na tchon di Burela

Chegárom à Marinha na montagem dumha grande fábrica, Alúmina, em 1977. A discriminação laboral levou-nos à pesca por acaso, quando quase todos eles já tinham ido embora na procura de novas obras em que trabalhar. Os marinheiros autóctones preferírom trabalhar na fábrica, com as suas nômimas e as suas folgas e férias. O Porto de Burela, em plena expansom, precisava com urgência de mam de obra, e lá estavam os cabo-verdianos. Muitos deles, embora tinham nascido numha ilha, a de Santiago, eram agricultores de terra adentro, nom acreditavam que o seu destino laboral estivera no mar. Alguns levam cerca de 30 anos pescando peixe-espada, pescada e bonito com a frota luguesa. A evoluçom do sector tem determinado o percurso da comunidade.

Após o primeiro enrolamento dum cabo-verdiano em 1978, foi-se criando umha comunidade, com a chegada de mais marinheiros, mulheres e crianças, a maioria procedentes de Portugal, onde as condições de vida eram verdadeiramente duras nos guetos da Grande Lisboa. O número de marinheiros inscritos passou de 20 em 1981, a mais de 60 doze anos depois. Esta tendência de crescimento invertiu-se entre 1993 e 1996, devido à campanha de desguace de embarcaçoms e modernizaçom da frota, que fiz desaparecer temporariamente muitos postos de trabalho. A impossibilidade de mudar de sector, pois nom fôrom aceitados noutros empregos, foi a causa da re-emigraçom de muitas famílias, nomeadamente a Saraçoça: umhas 100 pessoas fôrom-se embora da Marinha nesses seis anos. A tendência positiva recuperou-se a finais da década dos 90. Desde entom temhem chegado constantemente novos marinheiros, uns 45 desde o ano de 2000, e posteriormente as suas famílias, sendo hoje o momento em que a comunidade é mais grande nos seus case 30 anos de história, estando formada por umhas 230 pessoas. Actualmente uns 80 marinheiros cabo-verdianos trabalha em barcos da Marinha.

As suas filhas e filhos, nascidos durante o percurso migratório familiar, ultrapassam a centena, tendo sido chamados afro-lusogalegos, umha denominaçom puramente referida à geografia e nom aos direitos de cidadania: todos os descendentes nascidos em território espanhol até 1999

fôrom apátridas. Ainda que seus pais contribuíaom ao bem-estar da sociedade com os seus impostos, a segunda geraçom ficou discriminada no acesso aos recursos sociais. A finais dos 90 começou a incorporaçom dos filhos varons à pesca, exactamente nas mesmas condições que seus pais. De pouco tem servido a escola, onde se produzirom inúmeros casos de insucesso que impedírom umha formaçom laboral que permitira melhorar a situaçom laboral dos seus pais. Os poucos filhos que se salvárom desta reproduçom geracional som os futebolistas, já que vem ampliadas as suas redes de relaçoens e conseguem outros empregos, nomeadamente na construçom.

Embora o discurso oficial pregom a existência dumha "integraçom perfeita" em Burela, a realidade é que este grupo vive maioritariamente num modelo de separaçom, que se caracteriza pola reproduçom e recreaçom em privado, dentro da comunidade, de elementos da cultura do país de origem (o crioulo é a língua nai dos descendentes), junto com a ausência de relaçoens pessoais positivas, nom estritamente laborais, com o colectivo autóctone. Até hoje os casais e parilhas mistas existentes som excepcionais, ainda que a

TVG se empenhe em fazer ver o contrário. Trata-se dum gueto, nom espacial, semom mental e relacional.

Nos últimos seis anos, os cabo-verdianos temhem novos companheiros de tarefas: os marinheiros peruanos, que em cifras estão perto dos anteriores. Vidos inicialmente através dos empresários do mar e dos convênios entre os estados de origem e destino, hoje contam também com outras vias de chegada, tendo iniciando processos de reagrupamento familiar, que estão a fazer nascer umha nova comunidade. Afirnam viver no mesmo modelo de separaçom que os anteriores. Anuncia-se a chegada doutros grupos, como os indonésios, que já começom a enrolar-se no vizinho Porto de Celeiro. Qual será a sua integraçom na nossa sociedade?

A presença de marinheiros imigrantes na pesca de altura nom tem feito mais que crescer, enquanto descia em paralelo a existência de marinheiros galegos. As razoms desta mudançom som conhecidas: os salários muitas vezes nom compensam nem as horas trabalhadas, nem os perigos existentes. Estes novos trabalhadores nunca adquirem a formaçom suficiente para um ascenso laboral: a grande maioria

enrola-se como simples pescador, por um quinhom. Nos postos de mais salário (patrom, maquinista, costa...) costumam ir os escassos autóctones, produzindo-se umha visível divisom étnica do trabalho.

Nos últimos anos alguns dos jovens recém chegados temhem enrolar-se na pesca de baixura, especialmente em barcos da volanta, como o *Siempre Casina*, que reproduz o mesmo sistema de tripulaçoens e salários que a de altura, com a única diferençom dos descansos nos fins de semana e a proximidade a terra.

Um estudo do Ministério de Trabalho apresentado no 2003 cifra a possibilidade de morte laboral na pesca de altura em 3%. A de acidente grave ao longo dumha vida laboral ascende a 50%, sendo considerado o ofício mais perigoso da UE. Estes colectivos migrantes acabam de contribuir a essa sinistra quota de morte: os cabo-verdianos com a terceira morte laboral na sua história (a anterior, que nom foi alvo de nengumha campanha mediática, sucedeu em Maio de 2002 perto dos Açores). Os peruanos dum golpe. Os senegaleses, saindo-se das estatísticas. Mas trás das cifras há seres humanos, histórias e vidas.

De que servem as campanhas mediáticas, se umha vez acalmadas as cousas tudo volta ao mesmo lugar? Sucedeu no caso do *Bahia*, e nom se deveria repetir no do *Casina*. De que servem os péssimos e pomposos declaraçoens se manhá pode acontecer de novo?

A organizaçom das retribuçoens salariais força às gentes do mar a sair, ainda que o tempo nom o aconselha, pondo as suas vidas em risco. As novas tecnologias achárom um grande desenvolvimento na aplicaçom à actividade extractiva, mais nom na aplicaçom à segurança dos marinheiros, força humana de trabalho na pesca. As leis nom favorecem a segurança como deveram, protegendo aos trabalhadores, algo que os imigrantes sabem muy bem.

As políticas seguidas pola Junta, no que diz respeito aos colectivos migrantes caracterizam-se por deixar as cousas como estão, tratando-os de "pobrinhos" e justificando-se com a emissom de discursos mediáticos sobre a *integraçom perfeita*, da que o colectivo cabo-verdiano tem servido como exemplo por antonomasia. ♦

LUZIA OCA é antropóloga.



O FÍO DA LINGUA

Arroba

HENRIQUE HARGUNDEY

Quen de nós coñecía o símbolo @ hai unhas décadas? Ninguén. E quen o coñece na actualidade? Todo o mundo. É case o símbolo do século XXI e das novas tecnoloxías, e o seu feito parece saído dos mais vangardistas estudos da creaçom de deseño.

Por iso a primeira sorpresa que levamos é a de sabermos que este símbolo é moi antigo, aínda que a súa función non tiña nada que ver coa que hoxe ten. Parece que un escravo liberto de Cicerón desenvolveu no século I antes de Cristo unha serie de abreviaturas para escribir máis rápido, unha taquigrafía, e no caso concreto da preposición *ad* (que significaba "a, cara a, en" etc.) uniu as dúas letras nesta forma. En todo o caso, o uso da abreviatura espallouse a partir do século VI. Como sabemos, non é este o único símbolo que resume as letras dunha partícula latina porque & é a unión das letras da conxunción *et*.

Como símbolo dunha unidade de peso, a ánfora, @ foi utilizado polos comerciantes florentinos na Idade Media. E tamén na Península Ibérica @ representou unha unidade de capacidade ou peso utilizada en España e Portugal, a arroba, que era a cuarta parte dun *quintal*. A palabra *arroba* é de orixe árabe onde, naturalmente, significa "unha cuarta parte".

No século XIX, nos Estados Unidos xeneralizouse o uso comercial deste símbolo para expresar o prezo dun artigo, por exemplo "2 chairs @ \$ 20" líase *Two chairs at twenty dollars* ("Dúas cadeiras a

20 dólares"). Entrou así nos teclados das máquinas de escribir e coñeceu como "a comercial". O símbolo, malia conservarse nos teclados, foi deixándose de usar, e precisamente por iso, ao non ter xa un uso asociable a outra función e ao presentar unha grafía inconfundible, o creador do correo electrónico, Ray Tomlinson, escolleu en 1971 a arroba para indicar no enderezo electrónico a localización do servidor da internet

Nom existe consenso a nivel internacional sobre a denominación deste símbolo senón unha grandísima variedade, e

mesmo dentro dunha lingua é frecuente atopar varios nomes, ás veces moi distintos. Existe, por unha banda, un feixe de denominacións que asocian o símbolo a un carácter tipográfico, baseadas xeralmente na denominación inglesa (ou americana) *commercial* a ou *at sign*, ou sobre a letra grega *alfa*. Outro grupo asocia a forma a unha espiral (caracol, caracola, anchoa enrolada, bolo de canela, ensaimada, etc), outro a un animal (verme, ratiño...) e outro, amplísimo, a un rabo (rabo de mono, rabo de porco, rabo de gato) ou outro apéndice (trompa de elefante).

Dentro de toda esta dispersión, o hispánico *arroba* coñece un certo avance fóra do ámbito peninsular e latinoamericano pois conflúe no termo francés *arrobe/arobas* e se emprega mesmo en inglés.

En calquera caso, por ser o signo máis distintivo e rechamante, @ converteuse no símbolo por antonomasia da informática. ♦

Milleiros de persoas visitaron o lugar os catro días que contou con transporte público

A apertura ao público da illa de San Simón crea expectativas sobre o seu futuro

H. VIXANDE

A presentación pública da rehabilitación integral da illa de San Simón, no fondo da ría de Vigo, abre moitas expectativas en canto o seu uso, mais non está despxada a cuestión fundamental: como chegar.

Nestes momentos, entre as once da mañá e as nove da noite, calquera persoa que se achegue á illa de San Simón ten dereito a entrar. O problema é que só poden facelo aqueles que contan cunha embarcación propia ou alugada, xa que non hai un servizo público de transporte.

“Nesas condicións, mentres non se saiba como está o transporte, non nos interesa facernos coa concesión da cafetería que hai no seu interior”, explica Xosefa Amoedo, do Hostal Antolín, na praia de Cesantes.

En xeral, a apertura da illa ao público é unha novidade pola que todos se felicitan, mais público e empresarios topan co inconveniente da dificultade de chegar. Toda a hostalería redondelá rexeita facerse cunha concesión, a da cafetería e da residencia, cuxa rendibilidade estaría en cuestión pola falta de clientes. Mesmo o Hostal Antolín, situado xusto fronte a un embarcadoro na praia de Cesantes –o punto máis próximo á illa–, non contempla de momento a posibilidade de explotar o bar de San Simón.

Na illa de San Simón hai once edificios. Os once están restaurados e todos eles teñen un destino máis ou menos definido: unha cafetería, un centro de documentación, un local de usos múltiples, unha residencia, unha capela, os baños, un centro de talasoterapia... Tanta instalación obrigou ás autoridades a espremer os miolos para darlle utilidade da cada lugar, aínda que o uso dalgún deles sexa un chisco discutible. “Que facer cun centro de talasoterapia?”, preguntaba un veciño. A talasoterapia é unha especialidade médica que emprega os baños no mar como forma de tratamento. Con todo, o centro da illa de San Simón só conta con cinco prazas, o que leva a preguntarse como se administra esa instalación.

“A illa de San Simón ten grandes posibilidades turísticas”, indicou o concelleiro de Cultura de Redondela Eduardo Reguera. Como Reguera, son da mesma opinión o tenente de alcalde Carlos Pazos e o alcalde Xaime Rei. Este último sinalou a posibilidade de salvar o problema do acceso mediante a construción dunha pasarela de madeira sobre a ría, mais con esta opinión non coinciden nin Eduardo Reguera (PSOE) nin Carlos Pazos (BNG). “Non vexo problema para que haxa un servizo de transporte por barco”, indicou Carlos Pazos.

Outra cuestión é como se pon en marcha ese servizo. As illa está nas mans da Consellaría de Cultura e é esta institución a que



Arriba, panorámica da illa. Abaixo, no centro, o edificio da residencia; á esquerda, o concelleiro de Cultura de Redondela Eduardo Reguera; á dereita, a propietaria do hostal Antolín, Xosefa Amoedo.

debe resolver este problema. “Pode que non sexa rendíbel, non o sei; penso que si o será, pero si non o é, é un servizo público que hai que prestar e que lle corresponde dar á Consellaría”, sinalou o tenente de alcalde de Redondela, Carlos Pazos.

Un servizo que non é público

Neste momento, un veciño de Cesantes, Ramón Pazos, encárgase de levar e traer da illa ao persoal que traballa nela: vixiantes, traballadores da limpeza e xardineiros. Non é un servizo público; nin sequera é unha liña cun horario definido, vai cando o necesitan os empregados. Con todo, Ramón ten unha opinión formada sobre cómo prestar este servizo.

“Tería que ser de fin de semana durante o verán nun barco de dez ou vinte prazas que habería que construír para aquí porque a praia de Cesantes moito calado non ten”, explica Ramón.

A primeira fin de semana de xullo houbo un servizo de conexión en barco desde o porto de Cesantes –a uns douscentos metros da praia– e a illa. O barco era grauíto e só funcionou durante eses catro días. O resultado foi que unhas cinco mil persoas aproveitaron a oportunidade para visitar a illa.

Que tanta xente visitase San Simón durante unha fin de semana é proba da demanda existente, mais non hai acordo sobre se esta podería manterse coa continuidade suficiente como para manter a gunha actividade na illa. “A cafe-

tería podería funcionar todos os días durante seis meses ao ano; en canto a residencia, é máis complicado, non serve de hotel, véxoa máis orientada a dar algún servizo para posíbeis congresos e encontros de empresas”, indica Xosefa Amoedo, do Hostal Antolín. De todos xeitos, Xosefa condiciona todo a que se arranxen os accesos. “Non serve só con ter un barco, porque ao mellor a xente non pode estacionar o seu vehículo”, aclara. “Necesitamos que se amplíen os estacionamentos na praia de Cesantes; eu, para as vodas que sirvo, tiven que adquirir terreo e habilitar estacionamentos, senón a xente non viña”, engade Xosefa.

Mais non só estacionamentos, tamén outros accesos, como algún tipo de paseo desde Re-

dondela. En todo caso, Carlos Pazos, tenente de alcalde da localidade, considera que a illa pode ser “un punto para constituír unha zona turística importante”. Para Pazos, é importante solucionar o problema do acceso á illa e sinala que debe facilitarse que todo o mundo poda ir, sen outra restrición que a que facilite a conservación sostíbel da illa.

“Cando proxeccionar a illa, na Consellaría tiñan un plan director, supoño que saberían que facer con ela, aínda que agora terá que decidir o seu uso o concelleiro que saia do novo goberno”, sinalou Pazos. Á marxe do destino que lle dean no futuro, de momento non hai nada programado, o que indica que non se deseñou unha función específica para a illa. ♦

Sedia-m’eu na ermida de San Simión e cercaron-mi as ondas, que grandes son

Desde que no primeiro terzo do século XIII o trobador Mendinho compuxo un poema que menciona a illa, San Simón forma parte do imaxinario nacional. O destino que se lle deu ao longo de todo o século XX fixo máis intenso o desexo da cidadanía de coñecerla, mais sempre foi difícil.

San Simón en realidade son dúas illas unidas por unha pon-

te de pedra. A pequena é San Antón. Durante o século XX a illa albergou sucesivamente un centro de repouso, un lazareto, unha leprosería e un campo de concentración, até que ficou abandonada, sen máis posibilidade de acceso que a bordo de embarcacións privadas. A falta de vixilancia contribuíu á degradación do conxunto e mesmo a que o cemiterio de lepro-

sos fose vítima do espóleo.

Nos últimos anos, a illa conta con vixilancia e a Consellaría de Cultura acometeu un proxecto de rehabilitación integral do conxunto. O arquitecto encargado das obras foi o galego César Portela.

Todas as veces consultadas salientaron o resultado conseguido pola Consellaría de Cultura. “Foi moi bo traballo, a ver-

dade é que o concelleiro Xesús Pérez Varela mollouse con este proxecto”, afirmou o concelleiro de Cultura de Redondela Eduardo Reguera. Sen dúbida Pérez Varela, como redondelán que é, sabía das posibilidades desta illa. “Agora, ao vindeiro concelleiro de Cultura quedalle decidir que facer coa illa”, sinalou Carlos Pazos, o tenente de alcalde da localidade. ♦



Factoría láctea.

SLG e UU AA din que non lles afecta aos gandeiros **Leite Río** busca aumentar o mercado coa adquisición de **Leyma**

XOSÉ LEAL

A empresa lucense Leite Río vén de pechar a compra da antiga factoría de Leyma en Arteixo ao grupo Ebro Puleva. Nunhas negociacións que se viñan levando a cabo en segredo dende hai tempo, o grupo de Xesús Lence realizou unha operación que servirá para que unha das marcas de maior prestixio volva a ser de capital autóctono. Mais o vello soño dun gran grupo lácteo galego organizado en cooperativas con Leyma como motor esfúmase. Agora será unha soa empresa a que aproveite o tirón da marca.

A actuación comercial busca incrementar o prestixio interno de Leite Río co envasado de Leyma, un leite con grande arraigo entre os consumidores galegos. Parece ser que estamos ante unha estratexia de mercado máis que produtiva, pois a láctea lucense conta xa con tres plantas de envasado na provincia de Lugo, unha delas de recente inauguración. O acordo establece que dos 75 millóns de litros de leite que envasa a factoría, 25 millóns son para Leyma, mentras que os 50 millóns restantes serán para Ram, que seguirá sendo propiedade do grupo Ebro Puleva durante os vindeiros catro anos, revisándose despois o convenio entre Ebro Puleva e Leite Río.

Este non é o primeiro intento de Lence para facerse con Leyma. Xa en 1998, en plena crise da empresa, o empresario lugueño tentou acadar o control da empresa poñéndose en contacto coa Xunta, cuestión que non prosperou. Ao ano seguinte volveu intentar sen éxito, até que os cooperativistas decidiron vender parte da empresa a Puleva.

A venda pechouse en 12,5 millóns de euros, un prezo moi inferior ao seu valor no mercado, cifrao en 48 millóns de euros polo comité de empresa. Porén estamos ante unha operación na que Leite Río é a principal beneficiada, e non así o sector gandeiro segundo indican os sindicatos agrarios. Tanto dende o Sindicato Labrego Galego, como dende Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores vese positivamente a Leyma volva a ser de capital galego aínda que con matices.

O SLG a través da súa secretaria xeral, Lidia Senra, fixo unha valoración moi negativa do proceso de compra xa que "supón a desaparición dunha empresa en prol dunha concentración empresarial que en nada beneficia os gandeiros, pois o que fai falta e que se creen máis empresas galegas". Entende que o sector produtor é sempre o grande esquecido nestes procesos. Para Senra débense dar políticas activas encamiñadas á creación dun entramado que permita que se poda levar a cabo o proceso de recollida, transformación e venda no mercado do produto con valor engadido, feito en clave de economía do país. Para Xavier Gómez, responsable da sección de gandería do sindicato, a Lence "non lle preocupa para nada o sector produtivo galego, sendo o feito da compra unha estratexia comercial sen máis". Tanto dende o SLG como dende Unións Agrarias defenden o cooperativismo como forma de organización fronte á concentración. Entenden que cando as cooperativas entraron no proxecto do grupo lácteo no ano 1995 fixéronno con moita ilusión, quedando moi frustradas co fracaso final. Os dous sindicatos ven como se reducen as posibilidades da creación do gran grupo coa venda de Leyma, aínda que as expectativas seguen aí. Valoran a opción que representa Feiraco como exemplo de cooperativa, aínda que dende o SLG engaden que "parece que se quere deixar af até que morra, xa que non hai interese". Para Xavier Iglesias, responsable de gandería de Unións Agrarias, bos exemplos son Iparlat no País Vasco e o grupo

catalán Llet Nostra- con parte de Iparlat-, onde hai unha participación "moi interesante" do sector cooperativo, xunto a empresas privadas e as administracións, algo que "di moito do interese dos diferentes gobernos por un sector que non ten tanta importancia nas súas economías como sucede en Galicia".

Moi pola contra, para Xóvenes Agricultores deberían darse máis empresarios como Lence con proxectos deste tipo. Para o seu secretario de organización, Tomás Díaz "a nova administración debe apoiar a este grupo para que vaia para adiante". Indica que non se debe cair nos erros do pasado en referencia ao fracaso na creación do grupo lácteo. Para el "non se deben inventar líderes se os hai", xa que as cousas deben xurdir dos propios empresarios, partindo dende abaixo "sin que se force dende arriba".

Escurantismo cos traballadores

Os empregados da factoría souberon do proceso de venda da fábrica polos medios de comunicación. Con isto a empresa incumpriu o regulado no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores que establece a obriga por parte das empresas de dar información sobre a "sucesión" ao Comité de Empresa. Pero este non foi o único acto de incoordinación. Nos días seguintes o presidente de Lactimilk -filial de Puleva que controla a factoría- Pedro Rodríguez non atendeu ás peticións de reunión do Comité, ao igual que viña sucedendo dende o último ano. Cando o fixo foi para explicar de forma verbal os acordos. Á espera de recibilos por escrito, a incertidume dos traballadores está no que pasará dentro de catro anos. O Comité, tras reunirse co conselleiro de agricultura en funcións, fixo o mesmo con Xesús Lence para coñecer o plano industrial da láctea para a planta. ♦

O peso das organizacións informais

MANUEL CAO

Diversos modelos políticos converten o presidente, parlamento, executivo ou a outros poderes do Estado nas institucións que promoven, elaboran, deciden e implementan as políticas públicas, sendo o sistema de democracia representativa o mecanismo que transforma as preferencias sociais en estruturas institucionais de decisión colectiva. Máis, na realidade, boa parte da acción de goberno en materia política, económica ou social corresponde a organismos e grupos que seguen pautas de organización e comportamento non formalizado tanto no regulamento e periodificación de reunións como na opacidade dos propios mecanismos internos de toma de decisións. Deste xeito, unha parte importante das políticas son inducidas e discutidas por institucións informais das que se descoñece o seu funcionamento interno, non hai constancia explícita das súas decisións e non teñen que dar conta das súas actuacións e resultados (*accountability*) diante da colectividade electoral ou das institucións formalizadas.

Talvez o organismo informal máis importante na actualidade de sexa o Grupo dos 8, integrado polos EE UU, Canadá, o Xapón, Francia, Alemaña, Reino Unido, Italia e Rusia, e que tivo a súa orixe na década dos 70 (nese momento era o Grupo dos 7, sen Rusia) para atender temas monetarios relacionados coa crise do sistema de Bretton Woods e do petróleo. Este grupo pode asemellarse a un goberno informal da economía internacional pero cun fincapé crecente en asuntos políticos. As súas funcións principais son garantir a estabilidade económica, en particular o referente a tipos de cambio e seguridade dos investimentos e intercambios, tendo en conta que se trata de países que representan ás estruturas máis importantes da economía mundial, as grandes empresas multinacionais, que para ben e para mal impulsan as dinámicas dominantes na economía internacional.

En xeral, a finalidade dos organismos informais é facilitar a toma de decisións e chegar a acordos sen presión mediática e sen as limitacións que os ciclos políticos electorais de cada país impoñen á posta en marcha de medidas de política económica contraditorias entre si. Dalgunha forma, os custos decisorios das organizacións formais burocratizadas dificulta a toma de decisións que ás veces son imprescindibles para abordar asuntos de tipo monetario, financiamento internacional e certa seguridade no comercio global. Ao mesmo tempo, existen organizacións formais (Banco Mundial, FMI, OMC, etc) que teñen como obxectivo explícito o regulamento destas actividades e o deseño de programas específicos a medio e longo prazo xunto coa aplicación das medidas de garantía de cumprimento dos acordos. Dalgún xeito, o formal e o informal manteñen unha relación contraditoria e complementaria á vez que resume a realidade dunha sociedade global máis dinámica e cambiante que os organismos formalizados que, á súa vez, están sometidos a un lento pero continuo proceso de redefinición interna.



Tony Blair entre os líderes do G-8.

A finalidade dos organismos informais é facilitar a toma de decisións e chegar a acordos sen presión mediática e sen as limitacións que os ciclos políticos electorais de cada país"

Non é difícil prever cambios no propio G-8, coa integración da China e outras áreas emerxentes, pero tampouco se pode entender a economía e a sociedade actual sen aludir a outros organismos informais que se ocupan no ámbito rexional ou sectorial de influir na acción institucional e de goberno das estruturas multinivel para que se teñan en conta certos intereses ou, simplemente, para impulsar proxectos e programas concretos.

As vantaxes das organizacións informais radican na súa flexibilidade e capacidade para respostarles aos novos retos mentras as súas desvantaxes derivan dos vicios que deslexitimam as súas decisións debido á falta de control e participación democrática e á toma de decisións aventuradas ou arbitrarias afastadas da vontade colectiva. Lémbrense os problemas ocasionados por unha organización informal como o Cumio dos Azores. ♦

Os dirixentes abertzales preocupados polos 'atracos' para facer política

A Audiencia Nacional inicia a ilegalización do PCTV contra o criterio dos fiscais

A.N.T.
O maxistrado da Audiencia Nacional Fernando Grande-Marlaska decidiu iniciar a ilegalización do PCTV por considerar que é posíbel que forme parte da trama da ETA. Esta decisión rema contra a corrente do ministerio fiscal, que nega calquera vinculación entre o partido abertzale e a organización armada.



O xuíz Fernando Grande-Marlaska.

Nin o fiscal xeral do Estado, Cándido Conde-Pumpido, nin o fiscal da Audiencia Nacional, Eduardo Fungairiño, consideran oportuno este proceso contra os comunistas das terras vascas. Pumpido, que fora requirido a intervir contra este partido, volveu insistir en que ningunha investigación puido enlazar a forza política xurdida hai tres anos co movemento etarra. Fungairiño recoñece que non hai probas desa vinculación e cre un

erro "xudicializar *ad hoc* a vida política", só uns días despois de que o fiscal dese mesmo tribunal encargado da querela contra o PCTV, Jesús Alonso, a desestimase por non existir delito ningún "na súa curta traxectoria".

Mais a pesar destes consellos, Fernando Grande-Marlaska parece disposto a cumprir a petición da Asociación de Vítimas do Terrorismo (que interpuxo a querela). O maxistrado dálle a razón ao grupo demandante ao considerar

que o PCTV si cumpre a arela da ETA de "entrar no parlamento vasco con ampla representación parlamentaria a través dun partido abertzale". Este argumento amplía o delito de colaboración con banda armada a condutas "que favorezan xenericamente os obxectivos do grupo terrorista", explica no seu escrito o maxistrado.

Para fortalecer os seus argumentos xurídicos, Marlaska lembra que hai informes da Garda Civil que falan de encontros entre dirixentes da ilegalizada Batasuna con membros do PCTV xusto un día antes do inicio da campaña electoral. "A aposta da ETA para as eleccións vascas pasaba por unhas siglas sen contaminar. Ao non lograr o beneplácito para Aukera Guztiak, optaron polo PCTV."

Para os partidos nacionalistas vascos, esta interpretación é moi feble e podería significar ilegali-

zación para calquera formación que se "relacionase de calquera xeito cos abertzales", indicou o dirixente de Eusko Alkartasuna Gorka Knörr. "Está visto que a lei de partidos pode ser unha bomba nas mans dun aprendiz de bruxo."

Os propios líderes do PCTV expresaron o seu malestar pola decisión de Marlaska e queixáronse de persecución á que están a ser sometidos. "Non se pode falar de normalización política en Euskal Herria e despois tentar poñer fóra da lei a vontade de 150.000 votantes e nove deputadas que se opoñen a calquera caste de violencia", indicou a formación nun comunicado.

Pola contra, o presidente do PP, Mariano Raxoi, defendeu a actuación xudicial. "O xuíz só quere comprobar e demostrar o que todos sabemos, que o PCTV é a ETA e que hai que sacar os terroristas do parlamento". ♦

Barcelona

Recta final para o Estatut

A. MARQUÉS

En agosto sabermos se Catalunya presenta un novo Estatut a debate no Congreso dos Deputados.

Por diante, en Catalunya, restan 15 días decisivos. Xa o predixo o *president* Pasqual Maragall con aquilo de "aperten os cintos porque este mes de xullo será de infarto". Un ataque que pode converterse en mortal para o novo Estatut. Mentres moitos cataláns miran cada vez máis de esguello, a súa clase política segue con xuntanzas de alto nivel, de expertos, de mañosos e bombeiros que tentan encaixalo todo e apagaren incendios. Que coa calor, a impaciencia vólvese inflamábel.

Despois de ano e medio de traballo, o grupo de redactores do novo marco estatutario conseguiu aprobar unha proposta co voto a favor dos integrantes do tripartito, a abstención da indispensable CiU e o voto en contra do PP. Quen ten o billete para que o novo Estatut colla a ponte aérea é a federación nacionalista. Un avión que partiría cara a Madrid en canto os de Artur Mas deseen o "sí, quero". Sen os seus votos, en troques, o novo texto morre denantes de nacer, segundo o peso de maiorías que esixe o regulamento do *parlament*.

Ese xogo entre o si e o non dos de CiU parece o baile histórico do que danza descalzo sobre as brasas, agora cun pé, agora co outro, para tentar non perder o equilibrio antes de saber para que lado é mellor pular. O si á proposta que apoia o tripartito ou ben o voto

negativo que mostre o seu malestar e reafirme aquilo de que de goberno amigo, o de José Luis Rodríguez Zapatero, ten pouco máis alá de compartir siglas co PSC. Esta última postura ten un risco que quenta a cabeza no contorno de Mas. Alguén podería acusalos de seren os culpábeis de que os cataláns non gocemos dun novo Estatuto e recuperar tópicos da política catalá, como aquel que di que, de feito, CiU nunca tivo interese en reformar o texto, xa que con 23 anos de goberno, durante seis lexislaturas, nunca se esforzou niso. Se calla esta mensaxe, os de Mas téñeno difícil de cara ás próximas eleccións. En troques, dando o seu voto afirmativo, poderían reforzar o tripartito.

Todo isto se dilúe nun debate político de alto nivel, como o de blindar as competencias que recolla o novo Estatuto. Deben ser exclusivas e tamén excluentes? Só exclusivas? Aquí parece que podería chegarse a un acordo. O principal atranco, o que se alza coma un muro de aceiro entre CiU e o tripartito, é o do financiamento. O seu sería chegar a un acordo antes do xoves, 14 de xullo, cando expira o tempo de presentación de emendas ao texto aprobado. Despois, estas serán debatidas en comisión. Iso será nuns dez días, cando esteamos case en agosto. Cando o tempo aperta e enriba fai calor. ♦

Que bo ser grande.

Porque só os grandes sabemos sumar: un a un, hora a hora, a SER en GALICIA suma 389.000 ouvintes diarios, fronte aos 158.000 da COPE, aos 147.000 da Radio Galega e aos 102.000 ouvintes de Onda Cero.



Pero os grandes tamén saben restar: cada día a SER en GALICIA ten 231.000 ouvintes máis que a COPE, 242.000 máis que a Radio Galega e 287.000 máis ca Onda Cero.

¡Mami, eu tamén quero ser coma a SER en GALICIA!

CADENA SER GALICIA
 389.000 ouvintes



O Reino Unido fai un esforzo por non cambiar a súa vida cotiá Os atentados de Londres obrigan a redeseñar a estratexia británica no Irak

CÉSAR LORENZO GIL
Os atentados do pasado 7 de xullo en Londres ficaron absorbidos pola "rutina" da gran cidade. A mentalidade británica de impedir que nada varíe o seu xeito de pensar explica que non se produxesen modificacións salientábeis na axenda social do país.

Catro atentados case simultáneos en medios de transporte público no centro da meirande cidade de Europa en hora punta. Tres explosivos en distintos vagóns da liña circular do metro e un máis nunha liña de autobús urbano. A cifra de mortos é aproximada e podería rodar o cento. Unha semana despois, pouco máis sabemos. A prensa londinense publicou que o material empregado para as explosións era de fabricación militar e que puido chegar a Gran Bretaña desde os Balcáns. As pesquisas da policía continúan a ser secretas e incluso as detencións son anónimas.

A escuridade nas investigacións e a lentitude nas investigacións dos mortos son características principais destes atentados. Se o goberno español foi portavoz das investigacións após o 11-M, no Reino Unido é a policía a que se encarga de comunicar coa prensa e os familiares das vítimas.

Para a mentalidade británica, é fundamental non rachar a rutina dos seus comportamentos políticos. Por iso o goberno non asume un loito oficial rigoroso nin convoca manifestacións. Nin tan sequera a monarquía se dirixiu ao pobo e a raíña segue a pasear en calesa descuberta e vestida de claro. As competicións deportivas non se adiaron e incluso o cumio do G-8 de Gleneagles (Escocia) continuou co programa previsto aínda que Tony Blair se ausentou.

Parece claro que o lema de que "o terrorismo non variará nin un milímetro a nosa posición no mundo" ten a ver exclusivamente co modelo de vida británico. A sociedade londinense absorbeu os mortos e segue ollando cara a adiante, máis o substrato



Unha queimada pola explosión protexe a cara cunha máscara. Á dereita, a estación de metro de King's Cross, a zona máis afectada polo ataque terrorista.



negativa, o Imperio británico sempre optou pola retirada.

Unha guerra que non compensa

O ideario británico, tal e como se demostrou nos anos de preponderancia do seu imperio, baséase nun cómputo racional de gastos e beneficios. Dá igual que a empresa sexa comercial ou militar: se para conseguir un obxectivo as consecuencias son en exceso

negativas, o Imperio británico sempre optou pola retirada.

A historia tamén nos ensina que o camiño das mudanzas en política exterior pode ser lento e ter moitas paradas intermedias antes de se concretar. Mais ao mesmo tempo parece claro que un ataque destas características non se pode resolver fincando nun modelo de política que xa antes do 7 de xullo parecía obsoleto.

A participación británica no

Irak estaba cuestionada desde moito antes dos atentados. O propio Tony Blair xa manifestara hai poucas semanas o seu compromiso de retirar progresivamente as súas tropas até só manter un total de preto de 2.000 efectivos na área de influencia de Basora. Para o goberno de Londres é un clamor que a intervención contra o Irak foi un erro. Nin se conseguiu estabilizar o país nin se albisca un futuro onde a presenza occi-

dental sexa segura alén das diferentes "zonas verdes".

O orzamento militar británico superou con creces todas as estimacións e os supostos beneficios para as empresas das illas (especialmente as de infraestruturas e as de extracción de petróleo) non alcanzan para pagar toda a estrutura de seguranza precisa para facer efectivo o transporte de cru cara aos mercados.

E se a situación iraquí ten importancia, a de Afganistán tamén ten moito a ver cos atentados londinenses. A guerra contra os talibáns segue aberta, máis de tres anos despois e diferentes analistas consideran que é tres veces máis doado que un soldado occidental perda a vida neste país que en Bagdad.

Xusto é lembrar que o movemento de Al-Qaeda nace en Afganistán da man de Osama Ben Laden e que as células desta rede terrorista se puxeron en marcha ben antes da invasión do Irak. Segundo os informes de varios servizos secretos europeos, a actividade dos diferentes grupos afíns ao integrismo de corte wahabita iniciaron o deseño de planos de ataque nas principais capitais de Occidente. A lista de agravios que estes islamistas puñan na conta de Occidente, a invasión de Afganistán sumou unha considerábel suma, acrescentada tras a toma de Bagdad. ♦

Os controis das comunicacións son inútiles nas grandes cidades

Blair solicitou, poucas horas despois dos atentados, poder intervir todas as comunicacións telefónicas entre o continente e as illas. Supostamente, vellos proxectos de control da información e das comunicacións, como a Rede Echelon e outras, poderían ter agora legitimidade social para impoñerse a grande escala so a escusa da seguranza.

Igual que sucedera tras o 11-S nos EE UU, unha parte do poder aproveita unha traxedia para realizar antigos planos que limitan a liberdade cidadá. Así, o ansiado proxecto de crear un documento de identidade en Gran Bretaña terá luz verde en breve prazo.

Mais os propios servizos de seguranza indican que o fluxo cidadán nas grandes cidades é incontrolábel. Na *city* londinense, centos de miles de persoas usan o metro portando un maletín que talvez contenga un termo de te e un *sandwich*. É posíbel rexistrar a maré humana dos transportes públicos todas as horas de todos os días?

Blair podería ter a tentación que tivo Bush hai tres anos, de controlar a axenda política apertando ou afrouxando a alarma anti-terrorista ao seu antollo, mais deberá facelo con tino. Gran Bretaña foi o primeiro país que criticou masivamente os planos de

ataque ao Irak. Londres e Edimburgo acolleron enormes manifestacións en contra da guerra e as cifras de descontento coa política exterior de Blair neste tema superaron amplamente o 70 por cento.

Esta factura si que pode condenar o primeiro ministro. Moitos dos seus compañeiros de partido xa falan de esixir responsabilidades por non prever con antelación a posibilidade de "represalias" pola actuación en Oriente Medio. O propio Blair defendeu en repetidas ocasións solucionar o conflito entre Israel e Palestina para arrefriar o "contencioso" e espadar os argumentos dos terroristas. ♦

Explicar o terrorismo máis alá do 'demo dentro'

O presidente do PP, Mariano Rajoi, considerou inexplicábel o fenómeno terrorista. O presidente dos EE UU, George Bush, explicou que os terroristas teñen "o mal dentro" e actúan seguindo unha pulsión demoníaca. A teoría do grande inimigo, do maniqueísmo político, é, tendo en conta as análises xenopolíticas, unha tentación máis propia de cómics e películas que de relacións internacionais.

O fenómeno terrorista vinculado ao integrismo islamista tal e como o entendemos hoxe, responde a unha "lóxica" abominábel,

a un xogo de poder-contrapoder que corre o risco de acabar nun círculo vicioso. Só lendo os comunicados das diferentes organizacións islamistas un percibe un discurso teocrático e vingativo, mesturado con retórica propia da resistencia anti-imperialista e as vellas claves da guerrilla como elemento militar dos "pobres" contra os "ricos".

Os militantes e simpatizantes do terrorismo islamista consideran que o Islam, como cultura e relixión, sofre acoso constante por parte de Occidente. A situación de Palestina, o papel prota-

gonista de Israel no mundo e o xeito de "resolver" os problemas xeopolíticos na área de influencia desta crenza por parte da superpotencia estadounidense nutren de "motivacións" unha resistencia que non é nihilista, malia que os combatentes non lle teñan aprecio á vida e non lles importe "desaparecer" tras unha acción.

O xogo de ataque e contraataque cobra para Al-Qaeda unha dimensión temporal moito máis prolongada que a propia existencia individual. Utilizando o mito do paraíso musulme e a guerra santa co-

mo vía para a unificación relixiosa mundial, os grupos terroristas golpean certamente cando lles interesa e poden para influír na política internacional e demostrar que a resistencia musulmá vai máis alá dos propios países en conflito.

Os ataques a transportes públicos son os máis doados e os que mellor se axeitan ás estratexias de "espallar" a dor. Colocar dúas maletas preñadas de explosivos nun autobús segue a ser fácil en calquera cidade se o portador está disposto tamén a voar polos aires. As vítimas adoitan

ser das clases máis populares (moitas delas tamén musulmes), un factor que debilita os gobernos dos países nos que se actúa.

Estas liñas estratéxicas explican que, arestora, os terroristas si vinculen a actuación no Irak coas súas accións. O goberno italiano asumiu e por iso Silvio Berlusconi, ao tempo que aumentaba o orzamento para os servizos de seguranza, anuncia que definitivamente retirará as súas tropas. E non por iso deixarán de ameazar outros países se a situación cambiase. ♦

Acontecementos

MONCHO FERNÁNDEZ LEAL

A designación da cidade que vai albergar os Xogos Olímpicos de 2012 amosou máis unha vez un patrioteirismo español dun ridículo similar ao do Festival de Eurovisión. Está o acontecemento máis perto das multinacionais ca do internacionalismo.

Por outra banda, reuníronse os dirixentes dos países do grupo chamado G-8, que representan o 10 por cento da poboación, pero que ten o 60 por cento da riqueza mundial e controla o Consello de Seguridade da ONU, o FMI e o Banco Mundial.

A resposta máis significativa veu dada polos movementos denominados antiglobalización, activos moitos deles unicamente nas manifestacións de protesta que acompañan eses cumios e que presentan, ás veces, unha sospeitosa violencia que serve de desculpa para equiparar as protestas a un partido de fútbol de máxima rivalidade.

Os festivais *Live-8* levan unha capa de optimismo non xustificable e a mensaxe de que o expolio desaparecerá de súpeto por decisión dos países que viven a conta dela. Teñen fe en que o raposo vai coidar do galiñeiro. A pobreza coma mercadotecnia. Tamén con multinacionais detrás. Ningunha das persoas que actuou era africana. O organizador saíu sorrindo a carón de Tony Blair. Eles saberán.

Os atentados en Londres contra que viaxa en metro e autobús, que nunca son os Blair e Bush, lograron que se presentasen os dirixentes do G-8 responsábeis directos das inxustizas do mundo, coma garantes dos dereitos humanos.

As mortes seguen a ter xerarquía. Non hai o mesmo tratamento mediático, xa non para a xente bombardeada en Belgrado, Iraq, Afganistán, senón para quen morreu nos atentados de Bali, Marrocos ou Turquía.

Rexeitamos coa mesma convicción as bombas de Londres coma as invasións e as guerras imperialistas, e a existencia do G-8, que fai posíbel que asasinen 40 mil persoas cada día no atentado terrorista que se chama fame. ♦

O presidente palestino négase a desarmar os islamistas antes de haber independencia

Israel reocupa Cixordania ao tempo que desaloxa os colonos de Gaza

A.N.T.
A tregua entre israelís e palestinos rematou o pasado 12 de xullo após un atentado suicida que acabou con catro persoas en Netania. O primeiro ministro hebreo, Ariel Sharon, ordenou ocupar Tulkarén, na Cixordania, en represalia, ao tempo que esixía do seu homólogo palestino, Abu Mazen, o desarme dos islamistas.

A feble paz entre palestinos e israelís crebrou. O atentado da Jihad Islámica na cidade costeira de Netania foi a escusa perfecta para a reocupación da Cixordania. Baixo o pretexto de deter a célula armada que preparou o ataque suicida, novamente os bulldozers acompañaron os tanques e os helicópteros cara a Tulkarén.

Ataque e contraataque fan abanear o fráxil equilibrio entre as partes en conflito e talvez nos próximos días, se se cruce de violencia en Cixordania, Hamas anuncie o abandono da tregua. Unha medida deste xeito acabaría con todo o gañado nestes meses e acabaría coas débiles esperanzas dunha nova negociación para facilitar a independencia de Palestina e a retirada de Israel dos territorios ocupados.

A ocupación de Cixordania



Unha palestina guinda pedras contra un bulldozer que está a derrubar a súa casa en Cixordania.

chega nun intre moi delicado para Sharon. O desaloxo dos colonos de Gaza creou fortes diverxencias no seu gabinete e un contundente movemento na súa contra, liderado por líderes ultraortodoxos que se ven traizoados polo primeiro ministro. Abando-

nar Gaza e destruír os asentamentos dos colonos xudeus foi encargo directo do presidente estadounidense, George Bush, que, xunto con Tony Blair, primeiro ministro británico, pretende amparar o recoñecemento dun Estado palestino antes do 2009.

Hamas na política

Se finalmente se creba a tregua, adiarase tamén o paso de Hamas á política. O grupo islamista, fortemente asentado en gran parte dos territorios ocupados, anunciou o seu desexo de presentarse ás próximas eleccións palestinas, como primeiro paso para abandonar a violencia e reformular o seu discurso ideolóxico.

Hamas parece disposto a negociar con Israel unha saída á ocupación que non esixa a propia desaparición do Estado hebreo (a principal demanda do grupo desde a súa fundación). A cambio deste xesto de "boa vontade", esixirá que se respecte a vontade maioritaria do pobo palestino en canto ao seu futuro.

A estratexia de Hamas parece enfocada a arrebatarse o liderado "oficial" de Al-Fatah entre os palestinos a medio prazo. As enquisas danlle ao grupo islamista un 30 por cento dos votos, unha cifra moi importante de cara a calquera configuración política futura. Se ben Abu Mazen ou Israel negasen a lexitimidade dos seus votos, o grupo gañaría unha lexitimidade sen precedentes para continuar a vía armada. ♦

Aquí fóra

Punto e seguido en Kirguizistán

XULIO RÍOS

Aclaráronse as cousas en Kirguizistán? A xulgar polos resultados das eleccións do pasado domingo 10 de xullo, todo semella estar máis que claro: Kurmanbek Bakiy arrasou, obtendo nada menos que o 90 por cento dos votos emitidos, cunha participación estimada de 75 por cento, tan sorprendentemente elevada que até os propios observadores da OSCE deben poñela moderadamente en causa. O nivel de apatía previo á contenda facía temer unha participación por baixo do 50 por cento, que anularía a convocatoria, pero produciuse un *milagre* sen detractores.

Bakiy vén sendo o sucesor de Askar Akaiev, que gobernou Kirguizistán dende a desmembración da URSS en 1991 até as eleccións lexislativas de marzo, que foron contestadas pola oposición e seguidas de numerosos disturbios que obrigaron o presidente a refuxiarse en Rusia, onde agora reside.

A amplísima contundencia dos resultados das eleccións deste domingo contrasta, non obstante, con numerosos temores e cautelas. A soterrada pugna que enfrenta diferentes clans e potencias quedou sen resolver de todo nesta pequena paréntese electoral, que dificilmente provera de estabilidade a evolución desta importante república centroasiática.

A elección de Bakiy, antigo primeiro ministro, é froito dun pacto que situou a Felix Koulov, antigo vicepresidente de Akaiev, á fronte do goberno. Koulov, parte tamén da vella nomenclatura, foi liberado do cárcere onde estaba recluído dende 2000, a raíz da *revolución dos tulipáns*, hai tres meses. O tándem Bakiy-Koulov, asegura a unión do

sur e do norte do país, onde ambos teñen as súas respectivas áreas de influencia ou vice-reinatos, pero os dous entenden a súa alianza como un compromiso temporal, que desembocará en loitas intestinas profundas.

Confundir este pseudoreleva na casta dirixente do país coa alterna democracia obedece a cálculos ou obviamente interesados ou excesivamente optimistas, pero pouco teñen que ver coa realidade. A *revolución dos tulipáns* de 24 de marzo pasado reproduce, cada vez con maior evidencia, o poder rapaz e corruptor dos intereses e as influencias externas para servirse das rivalidades entre clans que permanecen no país, propias do século XIX ou anteriores, pero de grande utilidade para garantir escenarios de control e influencia no século XXI.

A diferenza de Xeorxia e Ucraína, non está claro de todo, polo momento, por onde se decantarán as simpatías do goberno. A poboación de Kirguizistán, tan empobrecida na súa inmensa maioría, ten interiorizado un certo favor por Rusia, pero os EE UU pisan con forza na área e combina con intelixencia o seu compromiso coa caridade e a asistencia social, tan descoidada por Bush

nos EE UU, coa ampliación da base militar que instalou en Manas a raíz dos sucesos do 11-S. Hai quen afirma que o grande erro de Akaev foi denegarles o permiso aos EE

UU para despregar avións espía Awac na base de Manas, mentres que a Rusia se lle permitía ampliar as pistas de aterraxe na base de Kant para facilitar a chegada de todo tipo de avións.

Bakiy será moi coidadoso na súa política exterior. Hai uns días, no cumio da Organización de Shangai (Kirguizistán é fronteira coa China) subscribiu a petición de retirada das tropas dos EE UU da rexión, presentes tamén en Uzbekistán. Non actuará en solitario.

Revolución e eleccións sucedéronse en tempo *record*, pero pouca cousa pode cambiar en Kirguizistán. Mesmo hai quen asegura que estamos ante os efectos dunha *revolución* precipitada, obra dos servizos secretos rusos, que esta vez se adelantaron para desbaratar a que andaban a preparar os servizos secretos estadounidenses. O gran xogo continúa en Asia Central. ♦

XULIO RÍOS é director do IGADI, www.igadi.org

O papel das multinacionais é máis importante que o dos estados Por que Londres é sede olímpica e non París ou Madrid?

PUCHEIRO

Déronse moitas razóns sobre a designación de Londres como sede olímpica fronte a París e Madrid, pero ninguén analizou o papel das multinacionais que, finalmente, son quen pagan os Xogos Olímpicos e, polo tanto, deciden a cidade á que lle conceden a organización.


Os Xogos Olímpicos modernos naceron parellos ás grandes exposicións universais. Era un xeito de realizar os eventos comerciais utilizando un novo fenómeno social, o deporte, que estaba agromando con forza nas capas altas da sociedade.

Poderíamos dicir que hoxe os xogos teñen idénticos obxectivos, por máis que a publicidade comercial se realice a través dos medios de comunicación, tamén para a cidade que se converte na sede oficial do maior evento propagandístico da actualidade.

O reclamo non son xa *gentel-mans* que tiveran a "virtude" de non traballar manualmente. Hoxe os deportistas tampouco traballan dese xeito, "embruteceador", que, segundo o creador do denominado Movemento Olímpico, o Barón de Coubertin, os excluía das competicións. Hoxe os participantes son traballadores do espectáculo deportivo. Profesionais.

Mudaron os participantes nos Xogos Olímpicos, que só teñen de xogo o nome, pero permanece a aristocracia á fronte do Comité Olímpico Internacional (COI). Aristocracia da liñaxe (ollen a nómina de príncipes e princesas, comezando por Alberte de Mónaco, Ana de Inglaterra, Pilar de Borbón) e aristocracia económica (cos galegos Gómez Raña á cabeza dos de México), onde non existe a transmisión de cargos a través dos lazos sanguíneos, pero si de fortunas inmensas. Moitas veces mesturadas ambas.

Así, o COI responde nas súas decisións a criterios puramente



Os londinenses o día en que celebraron a concesión dos Xogos Olímpicos.

persoais dos seus membros. Non lle dan conta das súas decisións a ninguén, nin sequera ao comité olímpico estatal que os nomea.

O cargo non está remunerado pero os membros dos COI teñen relacións comerciais, son membros de empresas, asesores ou reciben gratificacións cuantiosas das multinacionais.

Son esas grandes multinacionais as que fan posíbeis hoxe os xogos. As que verdadeiramente puxan pola concesión da sede para unha cidade, segundo os intereses comerciais. Teñen estas moita máis incidencia nas decisións do COI que as cidades, os estados ou os comités olímpicos estatais, á hora de fixaren as sedes que acollan eses quince días de gran trinque propagandístico.

Se os deportistas, profesionais puidesen publicitar marcas

nos xogos, o poder dos membros do COI sería moito menor. A publicidade está na propia organización en si e non nos protagonistas. Estes son un reclamo, como a comezo de século, desposuídos da súa faceta anunciadora.

A elección de Londres

Tendo en conta estas premisas, é como hai que analizar a elección de Londres como sede olímpica para o ano 2012.

Tense escrito moito da capacidade de Tony Blair, encumiado como o gran político destes tempos, para liderar unha proposta, fronte a un Jacques Chirac e un Estado francés en horas baixas. Menos se ponderou o peso dos países da Commonwealth no resultado final. E pouco

importa os laios dos franceses afirmando que os ingleses xogaran sucio. Menos aínda as acusacións de Ana Botella, concelleira de Madrid, acusando o PSOE de facer perder á capital española por ser inimigo dos Estados Unidos e non se levantar naquel famoso desfile cando pasou a bandeira norteamericana por diante do estrado.

Outros contrapoiñen o proxecto londinense, que aínda só é un bosquejo, ao de París ou Madrid, case totalmente pechados e coa maioría das obras realizadas.

A gran virtude da capital inglesa, foi, precisamente, non ter aínda pechados moitos dos apoios. Na construción da sede está parte de negocio. Tamén o está no deseño da cidade. En París ou Madrid este negocio xa está amortizado cando non com-

prometido. As multinacionais, os grandes bancos, apostaron pola *city* londinense, como a máis rendíbel a sete anos vista. Comeza a puxa e as oportunidades.

Pero, aínda así, a auténtica batalla cos membros do COI vana dar as multinacionais estritamente comerciais, comezando polas grandes cadeas de comunicación, entre elas a BBC. Pero tamén as marcas de bebidas, roupa deportiva e produtos ligados ao "moderno estilo de vida" (móviles, ordenadores, dietéticos, novos televisores, comida rápida...).


Logo de entrar no mercado soviético, xaponés e chinés, a aposta podería ser África, pero a súa situación de pobreza fai que aínda non sexa negocio entrar nese mercado. Os famentos son moitos millóns máis que os acomodados que fan, maioritariamente, vida en Europa. Ademais, venderlles o consumismo do primeiro mundo unicamente leva a movementos migratorios que Europa quere coutar e non pode. Non están preparados. Nin sequera Sudáfrica.

O mercado volta, xa que logo, o seu ollar cara ao Primeiro Mundo e as súas clases acomodadas. As diferenzas sociais cada vez máis acentuadas non impiden, moi ao contrario, o aumento do consumo, senón que propician a saída de novos produtos, que dito sexa de paso, pouco teñen que ver coa subsistencia e moito co estatus social.

Xa que logo, a poxa polos xogos instalouse principalmente entre as grandes capitais europeas, como modelo de vida e como plataforma de consumo. E, finalmente, foron esas grandes multinacionais as que apostaron por Londres porque con esta sede non só entran en Europa (hoxe o rexeitamento ao americano está moi instalado en gran parte do mundo: Nova York quedou fora ás primeiras) senón tamén porque lles permite entrar nos sectores máis acomodados de África e Asia, Nova Celandia e Australia.

Madrid podería gañar se a actual aposta das multinacionais estivese en Latinoamérica. As súas economías aínda non teñen suficiente poder de atracción logo do desmantelamento das clases medias e, por outra banda, os americanos prefiren non ter intermediarios no seu patio traseiro. Por iso quedaron tan sorprendidos na delegación madrileña cando ningún dos votantes que apoiaran a Nova York, lle deu o voto á capital española.

Cuestión de publicidade e comercio, que pouco ten que ver co que cantaron Rudyard Kipling, Jean Giraudoux ou Carl Diem. Moito máis ca o espírito do Barón de Coubertin que era clasista e comercial, adaptado, claro está, a situación socioeconómica de fins do século XIX. ♦



MEMORIA DE FERRO

Antón Patiño Regueira

Relatos dun home que quere salvar a memoria e non esquecer a liberdade. Para devolvela con flores. E se puidera ser, daquelas que había no xardín dos Boedo. Na casa leda do pai e a nai de Pucho Boedo. Roseiras, xeranos vermellos, alhelis brancos, begonias e margaridas sempre na conta dos que defenderon a liberdade coa cultura e o ferro.

PRÓLOGO DE MANUEL RIVAS

A NOSA TERRA



CurtoCircuito na rúa

Entre o 18 e o 22 de outubro Compostela acolle a segunda edición do festival de curtametraxes CurtoCircuito, un evento que xa comezou a desenvolver algunhas das súas actividades complementarias durante o verán. Baixo o título *CurtoCircuito na Rúas* realizaranse proxeccións nocturnas nas prazas do concello todos os xoves do verán. Neste ciclo o público poderá ver unha retrospectiva da curtametraxe galega, unha panorámica sobre a produción internacional, un repaso pola curtametraxe española e unha selección dos traballos presentados no festival. ♦



Budiño no Festival das Illas Hébridas

Budiño é un dos músicos que participan na décima edición do Hebridean Celtic Festival, un dos eventos máis destacados da música celta que se celebran no Norte de Escocia, en Stormway. O artista de Moaña actúa neste escenario o xoves 14 de xullo, antes do concerto do irlandés Van Morrison. O gaiteiro presentará os temas do seu último traballo *Zume de terra* ao público escocés, proseguindo o seu percorrido internacional. Entre o 13 e o 16 de xullo está previsto que polo festival pasen algunhas das figuras máis representativas do folk. ♦




Adolfo Caamaño premio Benito Soto

O premio Benito Soto, instituído pola Asociación de Libreiros de Pontevedra, recaeu na súa cuarta edición na obra *Soberano* de Adolfo Caamaño. O xurado seleccionou esta novela como o mellor libro publicado en todo o 2004. A entrega do galardón realizouse durante a inauguración da feira do libro que se celebra en Pontevedra. Esta obra de Adolfo Caamaño, na que se narra a historia que transcorre nunha aldea dos sesenta a partir do accidente dun camión cargado de botellas de licor, foi publicada na colección Central Literaria da editorial A Nosa Terra. ♦

Basilio Losada

‘Soñamos cunha nova poesía galega’



Nº 1.184
Do 14 ao 20 de xullo
de 2005
Año XXVIII

Eire é o convidado estrela do desembarco viquingo deste ano en Catoira. Este ano participarán na toma das Torres do Oeste 20 membros da asociación ‘Ardglass Vikings’, que traerán a súa propia embarcación. Ademais de desfrutaren da romaría, os visitantes irlandeses inclúen un concerto de música tradicional da illa no seu pro-

grama de actos. As festas da vila esténdense desde o 27 de xullo até o 7 de agosto. Ribadavia acolle entre o 16 e o 23 de xullo a 21ª edición da súa Mostra Internacional de Teatro, con gran protagonismo da animación de rúa. E de festas a un premio frustrado. O ‘Barco de vapor’ de literatura infantil e xuvenil en galego quedou deserto por segundo ano consecutivo. ♦

QUE QUEREMOS DO NOVO GOBERNO

Sete persoalidades da cultura valoran o cambio

Medios de comunicación e lingua principais prioridades

XAN CARBALLA

Ante o inminente cambio no goberno da Xunta, distintas persoalidades do mundo cultural formulan as súas ideas de que deben ser actuacións de urxencia do bipartito. Accións decididas no terreo da lingua e cambios na TVG semellan o barómetro principal do cambio.

Henrique Monteagudo, secretario do Consello da Cultura Galega, advirte de entrada dun asunto que pode ser capital para as decisións no terreo cultural, "o novo goberno vaise topar co desafío de que facer coa Cidade da Cultura. Terá que defini-lo de novo e para iso vai ter que contar con máis persoas e institucións. Penso que vai haber que facer unha especie de Congreso da Cultura para saber que se fai porque vai absorber grande parte do orzamento. Que contidos, hai que redimensionalo, estase a tempo de facelo?".

Pero a maiores desta incertidume de saber que facer co faraónico proxecto de Monte Gaiás, para o que o goberno en funcións segue licitando obras por moitos millóns de euros, os consultados fixáronse na lingua e nos medios de comunicación como termómetros dos novos tempos. Dinos a profesora e escritora Marilar Alexandre, "faise urxente tomar medidas que garantan que nenos e nenas, sobre todo na educación infantil e na primaria, teñan seguridade de ser escolarizados en galego porque todos sabemos que iso non pasa".

Para Damián Villalaín, secretario da Fundación Carlos Casares, no terreo da lingua hai que cambiar o organigrama, "hai que sacala dese nicho de Dirección Xeral da Consellería de Educación e darlle dimensión de secretaría xeral, unha especie de viceconsellería que permita unha capacidade de acción transversal e non constrinxa a lingua a educación e cultura, que non se observe o galego socialmente como cousa de profesores e escritores".

Carme Hermida, lingüista e profesora da Universidade de Santiago de Compostela, renuncia nesta idea "a lingua non é do ensino é da sociedade. Para min é urxente unha grande campaña que modifique a concepción social do idioma. Porque se o nivel de comprensión e coñecemento é case do 100% da poboación o problema real é o uso activo do idioma. O que hai que facer é traballar no uso,



Xesús Iglesias e Carme Hermida.

e teríase que facer unha campaña publicitaria moi ben pensada e prolongada, porque nestes vinte e cinco anos só temos memoria daquela intención do "Fálalle galego", e algunhas pequenas accións sectoriais, que aquí tamén terían que facerse. Hai que darlle contido e orzamento ás políticas do Plano de Normalización, e o Plano tamén é importante como punto de partida para saber como enfocar esa campaña e saber onde é prioritario actuar".

Cambio de réxime

Ramiro Fonte, escritor e actual director do Instituto Cervantes en Lisboa pede aire novo porque "o fraguismo estes últimos anos tivo moito de réxime e a grande esperanza da cultura galega pasa por conquistar espazos de liberdade. O urxente é democratizar os sectores básicos e ese proceso ten que contemplarse en todas as institucións que actúan na cultura. O reto é impresionante e todos somos responsábeis. En xeral conservar o acento galego en todo o que é vertebração cultural e acompañar esa defensa da cultura e a lingua abrindo as realidades máis complexas dos tempos actuais".

Suso Iglesias, xornalista e creador de programas de TV, coincide en que había todo un réxime do que a TVG era o escaparate "que tiña tres veces o orzamento dunha consellería

como a da Emigración. Por iso hai tanta expectativa do que se pode facer ahí. Ao meu entender hai asuntos lexislativos, como a elección parlamentaria do director e do Consello de Administración, que son máis internos, pero detéctase un reclamo de cambios rápidos e visíbeis, que non teñen nada que



Prioridade para o libro e as bibliotecas

RAMIRO FONTE

"Hai que facer un plano estratéxico e priorizar sectores básicos, como o libro galego e de bibliotecas, que sexan organismos vivos para chegar aos lectores". ♦



de colocar unha programación que agora estase desprezando, perdéndose dereitos de emisión. Mirar mellor a programación infantil, mellorar a programación cultural... para min é urxente que todo isto se visualice axiña, porque a televisión préndese todos os días e debe sentirse que houbo un cambio político e que os sectores que apoiaron esa mudanza teñen tamén espazo".

Proxectar Galiza

A idea que buliu nos programas electorais dos partidos da coalición, crear un Instituto da Cultura Galega, tamén é obxecto de reflexión. Marilar Alexandre pensa que é precisa esa proxección exterior, "independentemente de quen o propuxera -penso que Pilar García Negro xa falara diso no parlamento hai anos- ben que me gustaría que se fixera, sen solaparse con outros organismos que xa existen, como o ILG ou o Centro Ramón Piñeiro, e ademais que levara o nome de Rosalía de Castro".

Monteagudo manifesta dúbidas, "non teño claro que sexa unha boa fórmula porque teño pánico a montar institucións sen proxectos definidos". En todo caso ofrece todo o potencial do Consello da Cultura Galega, "débese contar con el porque legalmente criou-se coa finalidade de ser unha alta asesoría e foi sempre infrutilizado. Penso que podemos aportar moitas ideas".

Damián Villalaín, pola súa parte, pensa nun "instituto de cooperación cultural, que se chame Rosalía ou Castela, pero que afonde na dimensión internacional da cultura galega para que ocupe o seu lugar como cultura europea. Esa idea de diálogo Galiza-Europa inicialmente era do Xacobeo, pero deturpouse de tal maneira que acabou sendo unha central de grandes espectáculos".

A esperanza é o rasgo que se detecta en todas as persoas consultadas. Suso Iglesias maniféstase "optimista, xa temos tempo de ver se se escollen persoas adecuadas pero estou convencido de que vai haber sentido común". E Ramiro Fonte considera que estamos "ante unha ocasión única. Non podemos destruír un pesebre para crear outro. Temos que procurar un espazo máis digno no que a cultura en galego sexa a dos camiños da liberdade". ♦

QUE QUEREMOS DO NOVO GOBERNO



Cumprir co 1% para obra artística

HENRIQUE MONTEAGUDO

“Poderíase facer rápido: cumprir a Lei do 1%, que se concebira para que esa porcentaxe de toda obra pública se dedicase a intervencións artísticas. No ano 1992 decidiuse que esa dedicación fose destinada ao patrimonio relacionado co Xacobeo, e a partir de aí prorrogouse tacitamente até hoxe, destinándose a alimentar unha Sociedade Xacobeo que emprega a máis de un cento de persoas. Penso que se podía aplicar de contado á idea inicial, revitalizaría moito o panorama das artes plásticas”.

Máis galego nos medios de comunicación

MARILAR ALEXANDRE

“O galego non só debe ser cousa dos medios públicos. Téñense que tomar iniciativas para que haxa máis galego na prensa diaria e nos medios de comunicación, radio e tv, privados. Cando menos debemos esixir como cidadáns que estean en correspondencia co que é o uso social do galego e ademais que non se restrinxa ao tereiro de cultura. É incríbel que teñamos que andar aínda pedindo cousas como esta, que son de abecedario, cando xa van vinte anos de autonomía”.

Audiovisual no ensino e cine nas vilas

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

“Desde os 3 anos o audiovisual está na vida dos nenos, e daquela hai que levarlo ás aulas desde a educación infantil, e facer unha alfabetización nesa materia. Temos que recuperar os espazos cinematográficos e audiovisuais nas vilas. Criando unha rede para o produto audiovisual e a exhibición de cine, vídeo ou curtometraxes. Se desapareceu o patrimonio de cines haberá que facer espazos novos ou que se amplíen e preparen as casas da cultura. Non esquezamos que 1,5 millóns de galegos vivimos nas vilas”.

Reforzar as industrias culturais

DAMIÁN VILLALAÍN

“A lei do libro é un exemplo do que pode ser unha regulación dos diversos sectores culturais e sobretudo das industrias, que van que ter se reforzadas e axudadas pola nova administración na medida en que viven todas, incluído o audiovisual, en certa precariedade. Tería que ser a lexislatura da internacionalización desas industrias, porque o mercado galego non é abondo para consolidar industrias que precisan unha maior dimensión para ser rendíbeis”.

Isidoro Zorzano

VÍCTOR VAQUEIRO

Resulta moi probábel que os meus lectores ignoren, a día de hoxe, a identidade de Isidoro Zorzano. Zorzano era, sen dúbida, un home excepcional. Non porque –nado en Bos Aires en 1902– rematase a carreira de enxeñeiro industrial, na cidade de Madrid, aos vinte e catro anos; nen sequera pola conxuntura de ser suspendido de emprego e soldo –iso é costumeiro nas páxinas da Historia– o 18 de xuño de 1936 pola empresa do camiño de ferro na que traballaba, nen moito menos polo feito –que adquire perfis milagreiros– de voltar a Madrid o día 29 de marzo de 1939 e só tres días despois a guerra rematar. Con seren importantes estes acontecementos hai outros que ultrapasan en importancia o até acá sinalado. Porque Isidoro foi, segundo testemuña a bibliografía que agora mesmo teño diante de min, o mensaxeiro de mandados terrenais para o Ceu, encárgo feito persoalmente polo Beato Josemaría Escrivá o 14 de xuño de 1943, xustamente a véspera do falecemento de Isidoro por culpa dunha linfogranulomatose maligna. Ignoro, até o día de hoxe, o resultado das súas xestións perante a divindade, mais alvíscos coroados polo éxito, se xulgáramos os resultados que o futuro deitou, avalados polos depoimentos de múltiples testemuñas –a lóxica discreción obrigame a circunscreber os seus datos ás iniciais e cidade de orixe– que coinciden na inmensa envergadura dos poderes do terceiro dos cinco irmáns Zorzano. Así, A.F., que mora en Kingston, Canadá, despois dun ano de tentar, sen éxito, publicar un artigo nunha coñecida publicación científica conseguiu, despois de se encomendar a Isidoro, e sen ter que mudar unha vírgula na redacción daquel, que o seu texto fose publicado. Moito máis importante –e disto deberían tomar moi boa nota os dirixentes sindicais, porque lles vai nelo a fidelidade da afiliación– é o caso de B.G., de Madrid que, despois de ser despedida un venres, foi readmitida o luns sen que mediara outro acontecemento que a encomenda a Isidoro. Porén, o relato máis extraordinario é o de J.R.S., de Valencia, que, practicando a invocación, consegue, diariamente, aparcamento nas zonas máis difíceis da cidade do Turia. Se esta columna chega a Iela Corina, teremos alcaldesa vitalicia.

XERAIAS AS LITERATAS

colección dirixida por María Xosé Queizán



Slavenka Drakulic *Como se non existise*

Cunha extraordinaria dureza, Slavenka Drakulic preséntanos a vida e a estadía dun grupo de mulleres nun campo de concentración durante a guerra de Bosnia e as despiadadas atrocidades e violacións ás que foron sometidas como derradeira fase de limpeza étnica. *Como se non existise*, traducida xa a unha dúcia de linguas, verquida para o galego dende o serbo-croata por Jairo Cadilla, é unha novela tan dura como reveladora e, precisamente por iso, terriblemente humana.

XERAIAS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>



NARRATIVA

Condições de muller en Lída Jorge

Contos da autora portuguesa en galego

Título: Marido e outros contos.
Autora: Lída Jorge.
Edita: Xerais.

Desde que se publicara *O Dia dos Prodígios*, a consello de Virgílio Ferreira, o nome de Lída Jorge non deixa de sorprender, non é fácil a escolla da súa mellor obra, até consolidarse como unha das narradoras imprescindibles na literatura de expresión portuguesa das tres últimas décadas. Benvida, pois, esta edición galega de *Marido e outros contos* onde, baixo o formato de narrativa breve, reflexiona e emociona acerca da condición feminina, da condicionante de ser muller. Da tradución e outras cuestións que se lle apegan, falaremos máis adiante. Agora, á par que salientamos a oportunidade de achegarnos a unha das mellores literaturas europeas da man dunha das súas autoras escollidas, é momento de indicar que o volume vén presentado por un prólogo de Maria Lúcia Lepecki, que fornece o lector dalgunhas das claves para a interpretación desta obra, no transcurso da panorámica xeral que a estudosa nos ofrece.

A prologuista identifica na obra de Lída Jorge tres vértices, tres revisións con carácter recorrente: a do tempo portugués, do percurso histórico a redor do cal se constitúe o autorretrato e autoentendemento do pobo portugués; a da propia escrita ou da lingua; e a do mundo feminino. É neste terceiro eixo que se sitúa *Marido e outros contos*, onde, desde distintos ángulos que finalmente remiten á escola no mesmo espello interior dos días e das xentes, se propón unha vía de (auto e/ou re) coñecemento narrativo que cartografía historias entre a reflexión, a emoción, a dor e a comprensión.

Do cal é unha excelente mostra o conto co que se abre o volume e do que se toma parte para o título, *Marido*. Con fluidez e ritmo poéticos, enfronta e resolve o problema de dar conta dese fenómeno contradictorio que é o feito de que unha muller vítima de violencia de xénero que non só non quere denunciar o seu marido senón que non comprende por que os demais a queren deixar sen ese ser que ela ama e é o fulcro da súa existencia. Inscrito isto nunha naturalidade narrativa que nos dá confianza e nos en-



Lída Jorge.

volve de principio a fin, traéndonos a outra dimensión, aquela na que suceden os contos de Jorge, paralela á real e debuxa-

da por unha atmosfera de confidencia na que ficaremos definitivamente engaiolados, unha atmosfera lírica, emocionada e

emocionante, sentida e reflexiva, na que todo o lonxano parece que sae de dentro do corazón porque a man e as palabras de Lída Jorge o despertaron e nolo conta a xeito de caricia, un aloumiño que presente algo, case sempre a dor, o esgazamento que, con todo, leva preso un retallo do noso amor.

Non quere isto dicir que o volume estea traspasado por un tema único, mais si por un motivo común. O segundo e o cuarto respiran aires máis culturais e simbólicos. Nun enfrontanse mocidade e vellez, ciencia e vida, o outro é unha preciosa análise (carenza) de perspectivas vitais. Mais dunha maneira ou doutra a figura da muller ten que ver, nestes dous coma nos restantes, non como protagonista central e referencial, non o necesitan, senón desde a posición que ocupan no seu mundo. Velái, pois, o terceiro, que xira arredor da personaxe dun perruqueiro. Nos contos de Lída Jorge as cousas chegan unhas prendidas noutras como se un reloxo de dentro as espreguizara: é a vosa hora, saíde, aproveitate esta ferrenza de palabras que me pulsiona.

Outro dos segredos é a selección do ton axeitado ao momento. "Testemuña", o sexto relato, o relato de Zuzete, é perfecto exemplo, unhas veces balada e outras veces fado, unhas veces crónica e outras memoria, sempre a nostalgia e un *fatum* tráxico espreitando ao fondo. A culpa-espectáculo dos corpos espídos, a violencia de xénero, a soidade e a liberdade, a torpe inhibición para abrazar a vida e a deformación da ciencia, a carencia de horizontes, a incapacidade para recoñecer a beleza. Difícil a escolla de cal é o tema máis atraente, tanto como escoller cal é o mellor dos contos. A lectura de Lída Jorge produce adicción, chama a máis.

Para rematar, non se pode obviar que esta versión en galego resulta frouxa, pois ofrece solucións léxicas e morfosintácticas non só cuestionábeis senón mesmo impropiedades, o que difumina outros achados felices. A tradución permite un mínimo coñecemento da literatura portuguesa, máis non deixa de ser sintomático que empreguemos o mesmo tipo de ponte para coñecer e divulgar a literatura portuguesa que a rusa. Alén de vontade, cómpre algo máis de imaxinación. Aquí optouse por deixar en versión orixinal o prólogo, detalle moi de agradecer. ♦

XOSÉ M. EYRÉ

CONTA DE LIBROS

Neira Vilas articulista

Xentes e camiños, de Xosé Neira Vilas, reúne cen artigos do escritor de Gres en *El Correo Gallego*. Dun xeito literario e estético moi determinado, pescuda na memoria para facer crónica dos detalles da súa propia vida ou daqueles cousas que observou ao longo dos anos. Traballos históricos, olladas a América ou relatos sociais concentrados e cheos de interese. Edita Xerais. ♦



Entre Marx e Breton

Laivento publica *A estrela da mañá. Surrealismo e marxismo*, de Michael Löwy, un compendio de ensaios sobre o surrealismo, como movemento común e escola dalgúns grandes escritores, pensado como xeito emancipador da cultura, enraizado no pensamento marxista e vixente hoxendía. ♦



Xornais escolares

Os periódicos feitos nas escolas son experiencias tan cheas de ilusión que merecen non ficar na gabela das "anécdotas" persoais dos seus autores. Iso é o que pensa Rosa Cal, que publica un libro editado por ela mesma onde recolle as experiencias nese campo feitas en Galicia entre o 1975 e o 1984. *Xornais os nenos* analiza as iniciativas concretas que houbo naqueles anos. ♦



Columnas de Bieito Iglesias

Bieito Iglesias publica *Barcos a pique*, conxunto de columnas publicadas polo escritor ourensán en *Tempos Novos* e *A Nosa Terra* durante o 2003, e que mereceron o Premio 'Blanco Torres'. A orixinalidade e a forza expresiva converten o texto nunha páxina histórica do xornalismo de opinión en Galicia. Edita a Universidade de Santiago. ♦



TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. MELODÍA DE DÍAS USADOS.**
Anxos Sumai.
Galaxia.
- 2. A REPÚBLICA DOS SOÑOS.**
Nélida Piñón.
Galaxia.
- 3. VEU VISITARME O MAR.**
Rosa Aneiros.
Xerais.
- 4. DENTRO DA ILLA.**
Dolores Ruíz.
Galaxia.
- 5. É.**
Manuel Outeiriño.
Galaxia.

NON FICCIÓN

- 1. O FRACASO NEOLIBERAL NA GALIZIA.**
Xavier Vence.
A Nosa Terra.
- 2. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA.**
Anselmo López Carreira.
A Nosa Terra.
- 3. OUTRA IDEA DE ESPAÑA.**
Suso de Toro.
Xerais.
- 4. FOLLAS DO BACALLAU.**
Xabier Paz.
Xerais.
- 5. ORIENTARSE POLA RIBEIRA SACRA.**
Gonzalo de Francisco.
Baía.

LIBRARIAS CONSULTADAS: *Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelela* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense). *Central Libreira - Dolores 2.* (Ferrol)

O Serodio

Nº 10. 2004-2005. 0,50 euros

Dirixe: María Xosé Rial.

Edita: IES Pazo da Mercé, As Neves.

Sara Arranz, Paula Domínguez e Alexandra González entrevistan a Anxo Fernández, presidente do grupo ecoloxista Adenco. Incluíuse un traballo amplo sobre as pesqueiras no río Miño e os perigos que corren pola proliferación de minicentraís eléctricas.

Rocío Ferreira compón varios dos poemas da sección literaria e escribe un artigo sobre a sexualidade feminina. Tamén se dá conta da actualidade do centro (viaxes, concursos, obras de teatro, actividades educativas...). ♦



Que quede quen o conte

Testemuña e defensa do rural galego

Nº 2. Xuño do 2005. S. Pantaleón das Viñas, Pademe (A Coruña)

Baldomero Iglesias recupera a figura de Manuel María. Alicia Raposo recorda a loita guerrillera antifranquista. Xosé Luís Rivas

esixe meirande respecto pola identidade de Galicia; Miguel Rodríguez reflexiona sobre o modelo de Europa que máis lles convén aos galegos. Alicia López explica cal sería o mellor xeito de atender os anciáns. Gumersindo Campaña conta unha "historia medio verdadeira" sobre recuperación histórica. Ramón Muñiz repara na función social que cumpren as romarías. Bieito Peleteiro preguntase se pode pensarse en que exista no futuro a paz. ♦



Nova Escola Galega

Nº 52. Maio do 2005.

A revista cambia de formato e celébralo cunha serie de colaboracións sobre diferentes temas. Paco Veiga fai a crónica das xornadas de divulgación dos xogos tradicionais na Universidade de Santiago. Pepe Álvarez recorda o 25º aniversario da renovación pedagóxica. Xosé Manuel Cid repara no apoio da Nova Escola Galega a "Ponte nas ondas". Tamén se conta a vivencia particular e ás veces dolorosa, dun substituto nun instituto. ♦



Cultura

Nº 1.184
Do 14 ao 20 de xuño de 2005
Ano XXVIIIAN
NOVA
TERRA
27

NARRATIVA

Espada e bruxaría na fala do Caurel

X.M. Marcos publica a primeira entrega d'*O brindo de ouro*

Título: *O brindo de ouro I. A chamada do brindo.*
Autor: Xesús Manuel Marcos.
Edita: Xerais.

Xesús Manuel Marcos deuse a coñecer no mundo literario aló no ano 1994 co relato *Aliados solitarios*, acadando o Premio 'Mostro Rodríguez Figueiredo' do Pedrón de Ouro, unha magnífica entrada no eido das letras que continuou con éxito tamén cos relatos *A cela de arame* e *Fuxidos*, merecentes a súa vez do Premio 'Manuel Murguía' do Cello de Arteixo, publicados ámbolos no volume colectivo *Relatos* da editorial Laivento.

O autor de Seoane do Caurel ten publicada tamén unha novela con Espiral Maior, na súa colección de narrativa titulada *En terra perigosa* ao que debemos de engadir o libro de relatos *Terra queimada* recucando con Laivento. Agora con *O brindo de ouro*, que ten o subtítulo de *A chamada do brindo* e que foi merecente do Premio Merlín 2004 que

Marcos agasállanos cunha novela de aventuras onde os valores da amizade, nobreza e lealdade forman unha aventura en constante movemento.



Xesús Manuel Marcos.

PACO VILABARROS

convoca Xerais e coa que Marcos fai a súa incursión no que comercialmente se define como literatura xuvenil, presentándonos a primeira novela do que promete ser unha saga.

En *A chamada do brindo* están perfectamente retratados e perfilados os personaxes, a paisaxe na que se desenvolve a acción e os mitos que devalan e rodean a toda obra destas características, que se debate entre a fantasía e o xénero de espada e bruxaría no que o ben está frontalmente enfrontado ao mal. O final fica aberto como nos cómics de Conan que con esa frase final nos cita para a seguinte aventura.

Marcos agasállanos cunha novela de aventuras onde os valores da amizade, nobreza e lealdade forman unha aventura en constante movemento, dándolles a lixeireza e pulo precisos para manter tensionado o lector, mais a novela non pode resistir, aínda que sexa de xeito inconsciente, a comparación coa obra de Tolkien.

A chamada do brindo é dona dunha narrativa áxil, tensionada que prende no lector co estilo épico que acompaña a calquera heroe, cun léxico vizozo onde o telúrico da nosa cultura se fai presente nesta novela chea de maxia, misterio e aventura. ♦

XOSÉ FREIRE

POESÍA

Emoción pouco contida en Branca Vilela

Título: *A faciana das augas.*
Autora: Branca Vilela.
Edita: Tososouts.

Co presente libro, ilustrado por Miguel Anxo Fernández e prologado por Basilio Rodríguez Cañada (un deses prólogos que goza de todas as características da parafernalia da quincallaría, que diría Josep Pla: "A Poesía ten nome de muller. Porque se nutre da sensibilidade, do apaixonamento e a intuición feminina..."), Branca Vilela, seica autora de diversos poemas en español, dáse a coñecer como poeta en galego.

O volume divídese en tres libros: I. "Choros enloitados", 10 poemas; II. "Último alento", 11 poemas; III. *Faciana das searas*, 10 poemas; e un epílogo

Ás veces os sentimentos do poema convértense en sentimentalismo.

Ilustración de portada d'*A faciana das augas*.

(un poema). En todos os tres, os poemas son dunha estrutura sinxela, sinxelísima, e os versos, a maioría, máis simplistas que simples. É esta un poesía directa, clara. Os poemas están inzados de sentimentos, de amor, de dozura, mais tamén de dor, de rabia. Poemas que tratan, maiormente, temas graves

(mortes, suicidios, naufraxios, etc.), mesmo duros, mais, en verdade, o sentimentalismo en que a poeta converte os sentimentos, certo ton definitorio que non chega a apreixar a prentación con que se proxecta a voz, ás veces descarnada, da poeta, engadido a todo isto a unhas inexplicábeis roturas do

ritmo e unha adxectivación discutíbel: *Fervenza pechada nos ollos./ Noite na alma ferida./ Onda enterrada entre espuma dorida/ Berro afogado/ polo tempo vindeiro; Negras como as úas profundidades, / nelas latexa un corazón como o noso/ e no ventre leva/ unha nacionalidade nova (...). Nai negra./ Para o teu fillo querías un berce branco* (por que branco, é que os negros teñen que ter a alma branca?); *Sobrevives ao alagamento das miñas/ ruínas esculpidas nas ametistas dos teus ollos*, e mais unha emoción pouco contida que non chega a emocionan nin facer reflexionar ao lector, acabando por non estimular a atención deste último. Ou, moitas veces, acaba por despistala: *O galego emigra de novo. É o seu destino migrar/ cando non é loita/ que trae a fame/ é o loito nas augas.* (O suliñado é noso). ♦

X.G.G.

ENSAIO

Orixinal crónica do terror franquista

Memoria de ferro, herdanza literaria do finado Antón Patiño Regueira

Título: Memoria de ferro.
Autor: Antón Patiño Regueira.
Edita: A Nosa Terra.

Pouco e pouco vai abrollando a idea de que retorna a memoria dos vencidos, de que é necesario e inevitábel resgatar as vítimas do terror franquista dese terrible e abafador silencio no que aínda están mergulladas. E abraia, cando lemos páxinas coma as que provocan este comentario, a indiferencia que até o de agora suscitou a construción do relato preciso daquel sufrimento. Alporiza a humillación engadida do esquecemento que padeceron e padecen quen viviron aqueles anos de ferro.

Lonxe de todo maniqueísmo, narra os distintos episodios daqueles días cunha acabada e exacta expresión literaria.

Debemos constatar que na Galiza aínda non posuímos estudos globais que dean conta da magnitude da represión franquista e que esa carencia vai sendo amortecida por impagábeis estudos parciais que saen á luz máis a modo do que sería desexábel. E debemos concluír, daquela, que máis que a un voluntario exercicio de amnesia, o silencio que arrodea aqueles feitos débese á falta de vontade política para nos confrontar co pasado dende o rigor ou mesmo dende o desexo de reconciliación. Neste contexto, os testemuños persoais daqueles que sufriron aquel esganamento nas súas vidas postúen o valor

de nos lembrar que a memoria histórica daquel tempo pertence, en primeiro termo, a quen foron vítimas do regueiro de dor e sangue que alagou os seus días.

Antón Patiño Regueira, figura senlleira do activismo cultural e galeguista cuxa morte vimos de lamentar, atinou a nos entregar antes do seu pasamento o estarecedor testemuño duns feitos que contemplou coa ollada limpa dos dezasete anos. *Memoria de ferro* deita unha mirada esgazada, lúcida e militante sobre os escuros sucesos da represión de 1936, para rendir homenaxe aos seus amigos encarcerados, torturados e fusilados a través de trinta e nove espléndidos relatos; trinta e nove cápsulas narrativas, que sen rancor, pero cunha nidia exactitude, pon rostros e nomes ao horror vivido tras o golpe militar.

Desfilan por este libro arrepiantes historias que se entrecruzan para debuxar a conmovedora crónica de adolescentes asasinados na impunidade da noite e da traizón, de nais que reconecen os rostros dos seus fillos machucados pola tortura, de fuxidos agochados contra o medo. A crónica tamén dos outros, daqueles a quen lles abondaba con sinalar unha cara nunha fotografía para ter a certeza de que, ao día seguinte, o cadáver do retratado aparecería nalgún sombrío recuncho. Historias terribes que nos reafirman na sospeita de que, como sostíña Hanna Arendt, en todo home existe unha semente de crueldade que medra en determinadas circunstancias.

E no medio deste cadro de



Antón Patiño Regueira.

barbarie, a voz indómida de Antón Patiño Regueira, Patiño o Vello. Unha voz e unha mirada irreductíbeis que fan deste libro unha historia exemplar. Porque é doado calcular até que punto estes acontecementos son exemplo da formación do carácter dun home que acabaría por converterse nun referente da súa xeración. E é xustamente a súa esixencia moral o que o converte nun for-

midábel observador que, lonxe de todo maniqueísmo, narra os distintos episodios daqueles días cunha acabada e exacta expresión literaria. Unha prosa espida e fulgurante que lle permite resolver con acerto o relato firme daquelas macabras vicisitudes, xustamente dramatizadas pero sen perder nunca o ton rexo de quen busca a verdade e non a vinganza.

Di Manuel Rivas, no prólo-

go de *Memoria de ferro*, que Patiño "retrata o terror como nunca se fixo". Poderíamos dicir aínda que Patiño nos fai sentir o terror como ninguén nolo fixo sentir. Dende a contemplación do insignificante, da observación minuciosa da vida diaria, as súas lostregantes pinceladas van reconstruíndo un mundo que transita dende a morna temperatura afectiva da normalidade cotiá até a desintegración moral e social que seguiu á revolta militar. Inusualmente, a súa escritura aparentemente sinxela consegue ferimos coa precisa relación da atrocidade sen renunciar a delicadeza e a brillantez.

Non é de estrañar, dende logo, que quen foi un dos libeiros de referencia do país confíe ao dominio do literario a recuperación da memoria. Unha memoria xusta cuxa calidade literaria redunde no interese que teñen estas lembranzas para quen se sinta interpelado polo enigma da condición humana.

Adoita citarse o retrouso aquel tan socorrido de que o pobo que non coñece o seu pasado está condenado a repetilo. Habería que completalo matizando que quen non coñece o seu pasado non é quen de comprender o seu presente e, xa que logo, de ser dono de si mesmo. A memoria constitúenos e, trinta anos despois da desaparición da ditadura, este magnífico libro pon diante dos nosos ollos o responsábel pensamento de confrontar o reto moral de cultivala. Fagámoslle ese honor á de Antón Patiño Regueira. ♦

MANUEL XESTOSO




Mar de Lira

Francisco X. Fernández Naval

A ollada poética sobre o mar de Lira de Francisco X. Fernández Naval convértese nun libro no que o mar se torna metáfora da fundación das cousas, en afondamento nas raíces da existencia e no segredo da memoria. O mar como fonte da vida e como recreación da estirpe e do destino.

A NOSA TERRA



A.N.T.

Basilio Losada

'Leliadoura remexeu as augas estancadas da poesía'

XAN CARBALLA

Sotelo Blanco publica, celebrando o seu vinte e cinco aniversario, unha escolma da súa colección de poesía *Leliadoura*. Basilio Losada era, xunto a Xesús González Gómez, a alma directora daquela experiencia que marcou unha época na edición galega e lembra as luces e as sombras do proxecto, que agora podemos ler nunha versión reducida.

Por que foi posíbel en 1985 *Leliadoura*?

A idea naceu dun dos homes que coñezo que máis leituras ten no mundo, Xesús González Gómez, un dos poucos amigos seguros, absolutos e fieis que teño. Naceu falando comigo porque os dous éramos lectores de poesía fundamentalmente, porque para min é un sacrificio ler unha novela pero ler un gran poema aínda me connoceña, máis sentimentalmente que no plano intelectual. A palabra poética é unha maravilla que nos abre espazos ao mundo, non é unha mensaxe política por xusta e decente que sexa. Eu busco todos os días, desesperadamente, un bo poema, alegre ou triste. Aquel era un intre especial no mundo da literatura galega, cando xa a chamada poesía social perdera unha parte do seu contido revulsivo e liberador, aínda que se hai un país no que a poesía social ten xustificación é Galiza. Pero era xa unha literatura política apriorista, pouco sólida nos seus contidos, un pouco desgrazada na súa técnica e repetitiva con mitos de escola. Soñabamos cunha nova poesía galega. Eu falara con moita xente, con Xavier Seoane e Fernán Vello entre outros, da necesidade dunha colección, Galaxia tiña medio morta Sahnés, Manuel María xa rematara a humilde

e gratísima Val de Lemos en Monforte... pensábase como se podía facer unha nova experiencia, pero nin daquela nin hoxe tiñamos cartos. Contactamos con Olegario Sotelo, un home que inviste gran parte dos beneficios das súas empresas en cultura e en Galiza. El puxo nas nosas mans a feita da colección e daquela falei con amigos meus moi queridos da universidade e con outros como Pere Gimferrer máis que como Consello de Edición, coa idea de que recibisen libros en galego. Terían seguridade de que existía o galego e que se escribía poesía. A reacción foi positiva e axiña comezaron a chegar orixinais. Falando con Salvador Espriu, que foi amigo, comentábase a súa querenza especial por Rosalía e Machado. Para el, e eu coincido, un libro sálvese se ten un grande poema e Rosalía fixo unha dúcia deles maxistras e Machado oito. Ou sexa, que cando líamos tiñamos esa idea en mente, que nun libro pode haber dous grandes poemas e o demais é material de recheo.

Cal foi o balance da experiencia?

Os poetas galegos tiñan a sensación de que podían publicar e así foron saíndo até 38 libros. Cando naceu tiñamos unha visión optimista: a Xunta

mercaría 500 exemplares, os poetas galegos uns 300 e quedarían 200 para as librerías, pero esas contas foron un fracaso rotundo. A sorpresa é que os poetas galegos non mercan poesía galega. E tampouco os cataláns a catalá. A Xunta tampouco respondeu aos nosos cálculos, e daquela economicamente fracasamos. Pero o mérito foi mobilizar as augas estancadas.

Leliadoura representa unha fase da poesía galega? Vostede máis que de antoloxía fala de índice de nomes, pero son unha lista de autores moi importante.

Esa ruptura fíxose en dúas direccións: superior esixencia estética e amor ao risco. Hai quen, como Xavier Santiago, só publicou un poemario *Derrapa e caí*, que é un libro extraño, difícil e fermoso, que é a memoria poética de quen vai nunha moto a toda velocidade. Iso era o que queríamos, temas novos e que arriscasen na súa produción. Todos os grandes poetas que hoxe son publicaron en Leliadoura. E se un país ten dez grandes poetas xa é un gran país e nós hoxe temos incluso máis.

Son posíbeis as antoloxías de poetas ou de poemas?

Fixen moitas antoloxías ao longo da vida e mesmo se me

pode considerar unha especie de antólogo profesional. Pódense facer escolmas de poetas e tamén de poemas, pero a miña longa experiencia editorial díme que preferindo eu as antoloxías de poemas, temáticas, comprobei que non se venden.

Da época de lanzamento de Leliadoura é a idea de que a poesía galega estaba nunha idade de ouro, e iso xa parece un tópic consolidado.

Quizais fun o culpábel porque publiquei esa idea nun artigo en *El País*. Alí falaba do século de ouro, porque me gustaba o paradoxo pero como se fala de oídas, pensaban que estaba facendo unha profecía, cando eu só profetizo o pasado. Teño sempre no bolso un libro do Georges Steiner, *Nostalgia do absoluto*, pois hai quen aínda non se liberou das nostalgias.

E practicamente ao final de Leliadoura abriuse a polémica dos novos poetas pedindo matar o pai. É unha necesidade de toda xeneración?

A frase de Freud é un pouco arriscada, pero matar o pai como liberación no terreo da estética é fundamental para intentar ser un mesmo.

Como estudoso da literatura, cal é a súa radiografía da literatura galega actual?

Repetino algunha vez: nunca se escribiu tanto e tan ben, nunca os escritores galegos manexaron un idioma tan rico e flexible e con tanta capacidade expresiva, pero boto de menos na narrativa as grandes figuras dos tempos do franquismo, e non é por nostalgia pero estaban Cunqueiro, Blanco Amor ou Fole. Hai tamén bos escritores hoxe, Manolo Rivas é excepcional, sobretodo no conto corto; Suso de Toro ten unha enorme e lícita ambición literaria, un desexo experimental de abrir camiños novos; tamén Xavier Alcalá me interesa moito porque é capaz de facer unha novela de 400 páxinas que é algo de moito sandiós.

Vostede ten feito unha advertencia sobre a grave situación do galego

Foi nunha conferencia na Semana de Filosofía de Pontevedra. Falei de que realmente as linguas son como organismos biolóxicos e se non se usan morren. Morreu o latín, morrerá o inglés e mesmo o español. Pero hai unha diferenza entre a morte das pequenas e as grandes linguas. As grandes desaparecen por fragmentación, pero as pequenas morren por deglución, porque as devoran as que teñen próximas. Díxida daquela que se non tomamos medidas desaparece o galego en 200 anos... e algúns díxéronme que só en 20! En todo caso, vin tamén a recuperación de linguas. Por exemplo a do checo. Por razóns profesionais fun moito a Praga e a Bratislava. Vin cando en Praga o alemán estaba vivo, porque no século XIX era a lingua de cultura, e hai só un mes estaba falando alemán en Praga e só me entendían algúns vellos. A resurrección dunha lingua depende dunha vontade colectiva de mantela e salvala. A Flandes estou indo todos os meses e e hai 30 anos en Amberes e Gante, falaba francés tranquilamente e agora enténdenme pero non me responden, prefieren usar un precario alemán. Alí houbo unha consciencia colectiva, de amor ao idioma propio. Se cada un dos galegos convencésemos a 80 persoas do noso arredor de manter o galego chegaríamos ás mil primavera de que falaba Cunqueiro.

Cree que se poden abrir novas expectativas para o idioma cun goberno con presenza nacionalista?

Hai unha militancia expresa no idioma por parte do Quintana; outro caso é o de Touriño, que vai ter dificultades co partido porque é unha sucursal de Madrid e non vai ter a liberdade de Quintana. Se teñen vocación de manter o idioma deben actuar xa porque é unha urxencia histórica. Eu herdei de Ramón Piñeiro unha concepción mística. Saín da miña terra aos cinco anos e para min Galiza é o galego e se algunha vez na miña vida se deixase de falar galego Galiza sería unha patria morta. Sempre digo que cando me chegue a hora de morrer quero que sexa oíndo palabras en galego. A miña muller é alemá e xa aprendeu galego para cando me chegue a hora. ♦

CINEMA

Sorría: chegou a Apocalipse

Spielberg revisita *A guerra dos mundos*

Título: A guerra dos mundos.
Director: Steven Spielberg.
Guión: David Koepp.
Interpretes: Tom Cruise, Dakota Fanning, Justin Chatwin, Tim Robbins, Miranda Otto, David Alan Basche, James DuMont, Daniel Franzese.
Nacionalidade: EE.UU. Ciencia ficción, 2005.

Non sei se soarán trompetas, ou se quebrarán selos, o que sei de certo é que cando chegue o momento, se nos toca dar fe de como se abren os ceos e se nos veñen enriba todas as bombas de palenque do apocalipse, o primeiro que faremos, a nosa reacción, xa sexa en Soutelo de Montes ou na prefectura de Osaka será botar man do peto para sacar os nosos celulares de penúltima xeración para tirar unhas boas fotos e mandar uns sms de sete estalos como os personaxes do último filme de Steven Spielberg cando os trípodes marcianos comezan a saír do subsolo neoorquino.

Moito desa fascinación polo "acabouse" en primeira persoa está no cerne do cine de catástrofe onde o espectador se converte en participante *light* dende a comodidade da butaca de *voyeur*. Se nos puxésemos en plan universitario pedante escribindo artigos gafapasteiros falaríamos da ontoloxía escópica desta caste de celuloide e faríamos reflexións sesudas sobre a natureza e o papel do cone e do espectador, o gusto pola traxedia televisada da sociedade actual e mil cousas máis, pero ímolo deixar en que Spielberg ten ese momento de acertada intuición no seu filme e en deixalo aí, que xa lles vexo o dedo xogando na marxe inferior dereita a piques de saír disparado cara á sección de lecer.

A enésima revisitación do clásico de H.G. Wells non principia mal. Esa voz en *off* con entonación engolada de clásico fantacientífico dos anos 50 (a mellor colleita posible) recitando as liñas iniciais da novela métenos en faena do mellor xeito, e faino ademais cun curioso efecto de contrapunto ao contrastar a reminiscencia da voz con vistas aéreas actuais de rañaceos, toda unha metáfora do que despois se desvelará como triste realidade: a imposibilidade de recuperar o vello sabor dos clásicos no tempo do *fast food*.

Dicía non hai moito o propio Spielberg que se hoxe fose un rapazolo semidebutante, co proxecto de *Tiburón* nun cartafol baixo o brazo, non atoparía

Sen guión nin secundarios non se pode soste unha boa fita de espectáculo catastrofista.



Fotograma de *A guerra dos mundos*.

produtor que se arriscase cun filme de "terror" psicolóxico no que o bicho non aparece até ben entrada a primeira hora de metraje. Por sorte, o vello Steven debutou na década dos 70 e os espectadores estaban máis afeitos a outros ritmos e cadencias e os produtores aínda tiñan máis alma de pirata ou de vendedor de Chevrolets de ocasión que de experto en mercadotecnia con titulación universitaria ou asesor fiscal. A

década dos 70, que non en van foi a idade dourada do cinema catastrofista, o que de verdade paga a pena ver.

E todo este circunloquio para deixar constancia de que por desgraza a confesión de Spielberg tiña xa moito de autoexpiación para o que estaba por vir. A súa *Guerra dos mundos* comeza ben, e non só co aceno do prólogo senón practicamente coa primeira media hora. Mantendo o tipo

como bo epígono da xeración dos 70 Spielberg pon en marcha a súa fita catastrofista como se pertencese a outro xénero, unha especie de melodrama familiar suburbano con *working-class hero* – o primeiro erro porque as dotes de Cruise para dar o pego como proletario duro teñen menos posibilidades que Sylvester Stallone en calquera dos *Rockys* – e ritmo repousado.

A cousa mantén o tipo uns

O protagonista, Tom Cruise, esquerda, acompañado polo director, Steven Spielberg.



minutos pero tan pronto como empezamos a reparar nas escasas habilidades do protagonista, o esqueleto da trama queda máis espido ca o empedrador do vello conto. Todo se limita a partir das primeiras de cambio á sempre notábel habilidade de Spielberg á hora de situar a cámara e á contención entre os técnicos de efectos especiais para averiguar quen a ten máis grande, a mesa de mesturas, claro.

E é que sen guión nin secundarios, –a longuíssima, secuencia con Tim Robbins merece figurara en lugar destacado nos anais das secuencias máis incomprendiblemente incoherentes e desprovistas de sentido da historia do cinema, se é que alguen leva tal rexistro– non se pode soste unha boa fita de espectáculo catastrofista. Semella mentira vindo dalguén como Spielberg, aínda que non demasiado inesperado logo dos bandazos un tanto despistados dos últimos anos, pero a súa incurción está máis próxima ao espírito dos *Independence Day* e similares, que ao *Coloso en las neblinas* ou á *Aventura do Poseidón*.

Xa nos deberíamos cheirar o peor cando a piques de esgotar xa o treito expositivo de vida cotiá, xa saben ese que ten que despistar e asentir emotivamente todo o resto do filme, nos decatamos de que a listaxe de secundarios está baleira cal neveira de solteiro. Os fallos estruturais que se presentan xa de saída hai que engadir o que probablemente é o atranco principal de adaptar a *Guerra dos Mundos*, todo o mundo coñece a historia, cando menos nas súas liñas xerais. Por moito que nesta ocasión se traslade a acción á actualidade, se modifiquen as personaxes e os efectos especiais sexan máis espectaculares que na versión de Byron Haskins (1953), os puntos fundamentais, prólogo e epilogo recitados incluídos, son os clásicos e a achega argumental de David Koepp... se o deixamos dicindo que Tom Cruise se limita a correr por estradas secundarias e vilas devastadas acompañado da súa prole rumbo a Boston, pois xa queda todo dito. Se cadra cando nos vendan a versión do director con media hora de metraje extra non caeremos na tentación do avance rápido para ir revisitando as secuencias de efectos especiais, se cadra mesmo lle acabamos atopando sentido á secuencia de Robbins –de verdade, hai que vela para entender até que punto se lle foi o santo ao ceo– inda que dubido que chegue con media hora máis para arranxar a desfeita. ♦

ORTIGUEIRA abriuse a OUTROS RITMOS

GEMMA MALVIDO OTERO

ORTIGUEIRA vén de celebrar a vixésima primeira edición do Festival do Mundo Celta. A novidade deste ano é a apertura a novos ritmos e a novos públicos, sen esquecer os habituais. Tres días, cen mil persoas, máis de vinte bandas, obradoiros, artesanía, acampada, a música en estado puro nun festival máis vivo ca nunca.



Os eslovenos Terrafolk conseguiron subir a temperatura a base de ritmos animados e moita festa. Reportaxe Gráfica: M. X. CASTRO

“Durmiamos tres horas cada día” —di aínda canso Santi Villaso— estudia Xornalismo en Compostela pero no verán traballa no bar familiar. Pese a ser de Ortigueira, este ano non puido case gozar do festival. “O bar estaba cheo todo o tempo, non parabamos”. E é que este ano estímanse a afluencia en cen mil persoas, cando o casco urbano de Ortigueira está habitado, durante o resto do ano, so por dúas mil cincocentas, é obvio, logo, que as infraestruturas se desborden.

Aínda así, Andrés Lamosa, organizador do festival A Noite do Trasno (Beluso, Bueu), non dubida en afirmar que a “organización de Ortigueira é un referente, un modelo a seguir, en boa medida, grazas á colaboración dos veciños”.

A vila transfórmasse cando chega o Festival, pasa de ser tranquila e apracíbel para converterse na capital da música, do mundo e da festa celta. Durante tres días a masa de xente invádeo todo, as rúas, a praza, o Cantón, a praia... todo, absolutamente todo, se cobre de persoas que arriban a Ortigueira con obxectivos moi diversos xa que, como afirma Andrés, “podes ir polos concertos, pola acampada, pola festa, ou polo que queiras”. O que semella innegá-

bel é que Ortigueira non deixa indiferente a ninguén.

Alicia Burton é unha incondicional do Festival de Ortigueira, para ela “é case un ritual” asistir á festa do mundo celta, aínda cando recoñece que a música folk non a “entusiasma”. Se lle preguntamos polo cartel, agradece a apertura a outros estilos e a outras tendencias que se deu este ano, “ao principio identificábase o Festival cunha parte da sociedade máis hippie, agora o abano abriuse, e todo o mundo atopa algo que lle gusta”. Este ano o cartel mesturaba todo tipo de ritmos e de raíces, dende os galegos enxebres Diplomáticos até os eslovenos Terrafolk.

Outra das novidades que introduciu o Festival este ano foi de permitir ao público que, cunhas tarxetinas, elixise á banda gañadora do concurso Runas. O grupo elixido foi Xochilmica, un quinteto compostelán que vén de editar o seu primeiro disco: 5 elementos. O galardón, tocar ao ano seguinte no escenario grande, o de Estrella Galicia. Para Andrés, “un dos poucos que vai polos concertos”, o Runas supón unha oportunidade de coñecer bandas noveis que “non desmerecen en calidade ás que tocan no outro escenario”.

O Festival do Mundo Celta de Ortigueira leva vinte e unha

edicións demostrando que é música e festa pero, en moitos casos, é tamén traballo e, por extensión, negocio.

Andrés e Santi coinciden en que este é o festival con máis “botellón” de todos os que coñecen, quizais polo feito de que dura tres días e porque “o festival non depende da barra para financiarse”. A organización e o financiamento corren a cargo do Concello de Ortigueira quen recibe subvencións da Administración. Aínda así, o Festival é unha fonte de ingresos considerable para a vila.

Este ano, debido á competencia que xurdía entre as barras oficiais e as non oficiais, Estrella Galicia e o Concello de Ortigueira decidiron poxar as barras, nas que viñan fixados xa os prezos das consumicións. “Chegaronse a pagar seis mil euros por unha barra” afirma Santi. De todos os xeitos, durante os tres días, non faltaron casas particulares que intentaban facer o seu agosto vendendo bocadillos, cervexa e viño a prezos non autorizados pola organización.

Un día despois, a resaca baleira as rúas de Ortigueira e, en canto os varredores rematan o seu traballo, todo volve á normalidade, pero, inevitavelmente, xa se empeza a pensar no Festival do ano que vén. ♦

Descubrir o MEDITERRÁNEO

MAR BARROS

Ortigueira afrontaba unha das súas edicións máis arriscadas pero a xente non fallou. Unha viraxe, case inesperada cara ás músicas de raíz do Mediterráneo, non deixou sen ganas de festa e de acampada na praia de Morouzos as cen mil persoas que tomaron o concello para gozar de noventa e seis horas de música ininterrompidas.



ron definidos como o *dream team* da música irlandesa, porque Lunasa integra aos mellores virtuosos da escena do seu país. Violín, frauta, whistle, baixo e guitarra acústica fixeron vibrar ao público como só o conseguirían o domingo Os Diplomáticos, co primeiro concerto da súa xira de despedida. Aínda que non encaixe de todo o rock bravú dentro da

proposta de Ortigueira, Os Diplomáticos subíronse ao escenario acompañados de Batuko Tabanka, Uxía, Guadi Galego, Xulián Hernández, Xurxo Souto, Metales Preciosos e, xuntos, cantaron aquilo de “vivir en Ortigueira que bonito é...”. E é que cada vez este é máis un festival de contrastes.

O Ortigueira máis intimista

Ademais de balbordo continuado, tamén houbo tempo para o recolleto musical grazas a voz de Uxía Senlle. Por primeira vez o Teatro da Beneficencia acolleu un concerto máis intimista, presentado por Xurxo Souto, no que a cantante porriñesa interpretou temas tradicionais co acompañamento do piano.

Cambio de aires

O achegamento ás músicas de raíz causou impresións contrastadas. Gabado por uns e criticado por outros, o certo é que este ano por Ortigueira pasaron grupos arredados do que se entende por música celta como Radio Tarifa, que non deu conectado co público, ou I Muvrini. Xeitos multiculturais, achegamento a novas músicas, representación das tribos urbanas máis diversas... Ortigueira muda e faino na diversidade cun festival non apto para puristas nin para nostálgicos. ♦



7 de SEMANA

Os sabores da terra

MARICA CAMPO

Anda o noso país como sempre, no ameadamente no verán, á procura dos sabores da terra e mais do mar: Ao longo de todo o ano gozan da fidelidade incondicional dos seus devotos a Festa da Sardiña, do Pemento, da Pataca, da Lagosta, dos Callos, da Orella de Porco, da Cachola, da Androlla, da Coquina, da Centola, da Lamprea, do Grelo, do Chourizo, da Ameixa, da Tortilla de Patacas, do Ourizo, do Año ao Espeto, da Cebola e de mil e unha máis que, de enumeralas, encherían o espazo de que dispoño. Semella que o centro da nosa existencia é o bandullo, mais, Castela *dixit*, hai necesidades que non se senten nel. Temos, recoñecidos, alén do do gusto, outros catro sentidos. Os alimentos da terra non son todos os alimentos terrestres, aqueles de que falaba o escritor francés André Gide. Eu vou facer unha brincadeira estival e propoñer outras festas para os días de lecer.

Para a vista: Festa da Praia das Catedrais, Festa das Paisaxes dos Eidos de Novoneira, das Fragas do Eume, do Castro de Baroña ou Viladonga, da Ribeira Sacra, das Illas Cíes ou de Ons, da Costa da Morte, da Terra Chá, dos Canóns do Sil ...

Para o ouvido: Festa do Canto do Merlo, Festa das Ondas do Mar, Festa do Vento, Festa das Voces Amigas, Festa do Concerto dos Grilos e das Carricantas, Festa da musical Lingua de Noso...

Para o tacto: Festa da Brisa na Pel, Festa da Herba baixo os Pés, Festa da Auga no Corpo espido, Festa das Texturas das Cortizas das Árbores ...

Para o olfacto: Festa do Recendo das Rosas, do Perfume da Herba seca (abstéñase a ensilada), do Romeu e o Tomentelo, do Mar, da Xarxa, da Menta, da Lavanda...

E, despois, por que non, patacas, pementos, sardiñas, ameixas e un grollo de bo viño galego. ♦



Dios Ke te crew e Samesugas.



FESTIGAL, TRES DÍAS DE FESTA CON BOA ESTRELA

M.B.

O Festigal quece motores. Música, animación, xogos populares e moita festa son as propostas deste ano para celebrar o Día da Patria en Compostela.

A IV edición do Festigal, a festa que o nacionalismo vén artellando nos últimos anos para celebrar o Día da Patria dun xeito lúdico e cultural, desenvolverase no Campus Sur de Compostela, coa principal novidade de que amplía a súa programación a tres días, do 23 ao 25 de xullo.

Recitais poéticos, exposicións, mesas de debate e paseos audiovisuais son algunhas das actividades programadas para esta nova edición, un programa no que segue a destacar o festival de música con máis de media ducia de actuacións de estilos diversos.

A apertura dos concertos correrá a cargo do grupo compostelán Samesugas, que quentará a noite do 23 de xullo cos temas do seu último traballo *Machine in your brain*. Con eles iniciase un festival con cartel de luxo, no que non podía faltar o concerto despedida dun dos grupos galegos que fixeron do bravú unha etiqueta e un estilo. Así Os Diplomáticos sacarán as súas mellores galas para interpretar algún dos temas que marcaron os quince anos dos de Montealto. Novamente estarán acompañados polos músicos que deixaron pegada profunda no grupo, como Xurxo Souto e colaboradores que participaron tanto nos discos como nos seus concertos.

A ritmo de hip-hop rematará esta primeira noite do festival. Cun estilo curtido no escenario os membros de Dios ke te crew subirán ás táboas para cantar as súas rimas, facer demostracións de break dance e para deixar a súa firma en graffitis. Este grupo de Ordes, que integra todas as manifestacións da cultura do hip-hop, é na actualidade un dos punteiros no que a este estilo se refire. Letras críticas e boas rimas fan de Dios ke te crew unha das apostas máis potentes desta edición.

O actor Carlos Blanco será o encargado da presentacións dos concertos que terán lugar o domingo 24 a partir das dez e media

Manecas Costa. Á dereita, o grupo francés La Phaze, abaixo, os portugueses Expansive Soul.



de noite. Un dos agardados é o dos franceses La Phaze. Despois de que a principios de ano acompañasen a Manu Chao nunha xira por Latinoamérica, este trío achegará a Compostela un repertorio que oscila entre o rock, o reggae e o dub. Xunto a eles, polo escenario pasarán os portugueses Expansive Soul, un proxecto que conta con centos de seguidores

en Portugal, os galegos Presencia Zero e Safari Orquestra. Dj Vadim pinchará os últimos temas da madrugada. Este británico, fundador do seu propio selo, desenvolveu durante os últimos sete anos unha intensa actividade en practicamente todos os aspectos relacionados coa música hip-hop.

O Festigal rematará o 25 cun forte recendo galego. Co novo dis-

co *Directo en Compostela*, Fran Pérez inaugurará unha noite na que non faltará o folk e a música de raíz. Co arroupamento de Marcos Teira e de Pepe Sendón, Fran Pérez interpretará os seus novos temas ante un público máis afeito a escoltal coa Psicofónica de Conxo ou na opereta Annus Horribilis, considerado o mellor espectáculo musical pola crítica de Barcelona.

Berrogüetto tamén fará a súa presenza no escenario nacionalista. Preto de cumprir dez anos, Berrogüetto xa é un dos grupos galegos máis destacados no que a folk se refire. O seu último traballo, *Hepta*, que combina música, fotografía, pintura e arquitectura da man do artista francés George Rousseu gañou o recoñecemento da crítica e colócounos como finalistas ao Grammy Latino 2002.

Os sons africanos de Manecas Costa porán punto e final a esta cuarta edición da festa nacionalista. Chegado de Guinea Bissau a música deste guitarrista está intimamente ligada á súa terra pero non por iso perde frescura e contemporaneidade. ♦

Tamén literatura e debates

O programa do Festigal 2005 inclúe ademais outros espazos temáticos nos que se desenvolverán diversas actividades. Está previsto que na Galería das Letras participen, entre outros, Xavier Queipo, Anxos Sumai, Xavier Paz, M^a Xosé Queizán, Xosé Chao Rego e Xurxo Souto e que se celebre un recital poético en homena-

xe a Manuel María. A Galería das Ideas acollerá diversos relatorios que abordarán a nova situación política galega e debates sobre o futuro de ENCE, o software libre e o tratado internacional. Ademais a sala NASA ofrecerá a programación audiovisual e na feira presentarán as súas propostas trinta colectivos. ♦



Fernando Cabeza Quiles

‘A ironía é máis galega e a sátira castelá’

M.B.

Máis coñecido polos seus estudos de toponimia, vén de publicar o libro *Domingo de resurrección* (Editorial Toxosoutos). Por que se decide polos relatos?

Non é a primeira vez que opto pola creación literaria, xa escribín algo para os cativos. Gústame o relato curto, especialmente o de tradición oral, aínda que semella ser a cincuenta da literatura. Sempre fun un pouco contrarrente. Tiven moito coidado de que fosen doados de ler.

Con que se vai atopar o lector?

O libro está composto por vinte e dous relatos que teñen en común o humor, máis irónico que satírico. Para min a ironía é máis galega e a sátira, máis descarnada, é castelá. Son relatos sorpresivos, cos que tento conducir o lector por un camiño para colocalo nun final inesperado. Neles tamén existe denuncia social, como é o caso da cota láctea, máis sen caer no panfleto.

Dá en dicir do libro que contén historias que podían ter sido contadas en calquera taberna.

Ao empregar a oralidade podían ser incluso contadas por un contacontos. Están escritas de xeito sinxelo, que non inxenuo e pensadas para ser narradas.

E para a ambientación escolle a Costa da Morte.

Unha gran parte si que teñen como pano de fondo a Costa da Morte. Vivo en Carballo e iso inflúeme á hora de escribir. Mais noutros preferín colocar os personaxes noutros lugares de Galiza.

A que público vai dirixido?

Sempre digo con humor que é para adultos e para adúlteros, pero penso que a partir dos dezaseis anos xa se pode ler.

Vai deixar durante algún tempo o campo da toponimia?

Non a deixarei, gústame moito. Pero é máis difícil publicar relatos, porque hai moita xente que escolle este xénero, que estudosos dos topónimos. Parece que para que te recoñezan como escritor cómpre facer algo de creación literaria e non só elaborar estudos sobre calquera materia. ♦



Urban Trad e, á dereita, Isla Bikini.



OS NOVOS DISCOS DO VERÁN

M. BARROS

Os Carunchos, Urban Trad, Siniestro Total e Isla Bikini xa teñen na rúa os seus novos traballos.

Os meses de xuño e xullo foron a data escollida por varias formacións galegas para o lanzamento dos seus novos discos, entre eles Os Carunchos, Isla Bikini, Siniestro Total, Leilía, unha lista na que tamén cómpre engadir o novo de Urban Trad, a banda belga que conta entre os seus membros con Verónica Codesal.

Despois de tres anos sen publicar, Os Carunchos celebran o seu décimo aniversario co novo traballo *Montealegre*, un disco fiel ao seu estilo no que apostan pola cultura tradicional e os ritmos festeiros. Acabado de saír dos estudos Pai Música, en *Montealegre* aparecen novos instrumentos que van desfilando polos quince temas que agora vén a luz en forma de disco. Pezas tradicionais e outras compostas por diversos autores galegos danlle forma a este novo traballo, o terceiro dunha traxectoria que comezou en 1994 coa particularidade de que mesturaban as pezas cantadas co repertorio dos gaiteiros solistas, feito que naquel momento non adoitaba proliferar. Gaita, percusión, varias voces e o acompañamento da zanfona así como a aparición de novos instrumentos son as claves do novo disco, un repertorio que xa se está a presentar polo país a través de concertos en directo, un dos puntos fortes da formación.

Popular, democrático e científico é o título do último álbum do grupo Siniestro Total, liderado por Julián Hernández. Se se deixa á marxe o triplo disco *Quiénes somos? De donde venimos? A donde vamos?*, un traballo recopilatorio no que se facía repaso a carreira da banda, Siniestro non editaba novo traballo dende había cinco anos, trala publicación de *Sesión Vermá*. Agora están de volta con doce temas gravados no estudo de Gondomar *Casa de Tolos*, que contaron coa produción de Joe Hardy, quen os mesturou posteriormente en Houston. Durante o mes de xullo, a



Arriba, Siniestro Total, abaixo, Os Carunchos.

banda está a presentar estes temas nunha nova xira. *Las piernas de Cristo* é o primeiro single e videoclip que se extrae do álbum e que dá paso a temas como *Eterna relación*, punk rock en estado puro no que se dá unha volta de torca á historia de amor que propón ou No hay banda, con letras á vella usanza de Siniestro.

Saltando do rock ao tradicional aparece unha rareza discográfica por partida dupla. As compoñentes de Leilía decidiron distribuír exclusivamente o seu novo traballo a través de internet, feito

que se converte nas primeiras pandereteiras que empregan esta vía para vender exemplares. O traballo recolle temas inéditos de colaboracións en discos que nunca se chegaron a distribuír en Galiza así como temas de bandas sonoras e colaboracións con outros músicos e grupos, un conxunto que ofrece outra cara da formación compostelá. *Son de Leilía* é o título escollido para o compacto, o mesmo título co que se presenta o espectáculo adaptado ao teatro por elas coa colaboración de Ana Vallés, coa que ce-

lebran o seu quince aniversario.

Pop luqués

O trío lucense de pop Isla Bikini tamén tiran disco. Despois de deixar a súa pegada en festivais de todo o Estado, os que foran teloneiros de grupos como Macaco, The Dismal ou El canto del loco presentan *Photographs*, un segundo álbum con recendos do primeiro. Snny Day Real State, Beatles, Velvet Underground, Placebo, Sexy Sadie, Pixies ou R.E.M. son os grupos que Isla Bikini recoñece ter como influencias e que conforman un estilo pop-rock que lle abriu as portas de moitas salas. Este novo traballo foi producido por Arturo Vaquero, responsábel dos Estudos Abriqreiro, en Frial.

A galega de Eurovisión

Traballo publica tamén Verónica Codesal, a rapaza filla de galegos emigrados a Bélxica que foi descuberta para unha grande parte de Galiza a través da edición do festival de Eurovisión que se celebrou no ano 2003, cando representaba a Bélxica con Urban Trad, grupo da que é membro. É precisamente con esta formación, integrada por unha vintena de músicos procedentes da escena folk, coa que tira este novo disco, titulado *Elem*. Se no festival chamaba a atención de media Europa cun idioma inventado, Urban Trad, que como o seu nome indica quere integrar a música tradicional ao século XXI, desta vez o grupo aposta por cancións en francés, galego, sueco, castelán e holandés. Este novo disco supón ademais un virar na súa traxectoria musical, incluíndo desta banda xa non só a inspiración da música celta senón tamén as sonoridades tradicionais doutras latitudes como Escandinavia, Francia, España ou os Países do Leste. ♦

Hanna Schygulla

MARGA ROMERO


Villa Sachsen, construída en 1843 e rodeada de viñas, hoxe é un Centro Cultural Budista de gran recoñecemento e ofrécense arrogante e privada ás nosas olladas na beira do Reno, insolente na abada do monte de San Roque en Bingen, ten enfrente, na outra beira do río, a fealdade da opulencia dunha Xermania decimonónica. O 6 de xullo abriu as súas portas para ser sede duns dos espectáculos do "RheinVokal. Festival am Mittelrhein 2005", que se espallan no verán por toda esta rexión con concertos, teatro, etc. Bingen ofrecíanos un serán literario, as entradas vendéronse axiña e cun mes de antelación, custaban 29 Euros, o aforo era moi limitado, non chegaba ás 150 persoas. A emoción do acto estaba garantida, a protagonista era Hanna Schygulla acompañada da pianista Erika LeRoux. O salón de lectura sinxelo, cunhas cadeiras bastante incómodas, encheuse á hora combinada e 10 minutos máis tarde entraron as dúas. Entón comprendín a forza de Schygulla, ela que nos dominaba cos seus xestos desde a pantalla, que podía ser ollada que transcendía calquera situación, traía a mesma forza e a grandeza das boas actrices coñecedoras da arte de ollar, elas non ollan a ningún mais todo o público se sente admirado. Af estaba o seu segredo, que se agochou debaixo dos seus lentos cando comezou a ler e ficamos posuídos pola súa voz. Esquecemos a Maria Braun, á Karin que namorou a Petra von Kant e case chegamos a olvidarnos de Lili Marleen. Olvidámonos a musa de Riemer Werner Fassbinder. Agora estabamos diante dunha actriz que lía. Como outras veces alguén tivo a sorte de ver a esta actriz que cantaba textos de Brecht, de Fassbinder ou propios acompañándose da música de Kurt Weil. Ela, vestida cun traxe chaqueta e pantalón granate, unha sinxela camisola negra sentou na súa cadeira, para pasar as páxinas escritas que lle ía ofrecendo a un atril. Nas pausas das súas lecturas, o piano ofrecía pezas de Mendelssohn Bartholdy, Liszt, Puccini, Bellini ou Rossini. Os textos eran anacos de vida que conxugaban o desexo do canto coa escrita, textos da poeta Ingeborg Bachmann, das biografías de María Callas, das de Birgit Nilsson, de Thomas Quasthoff, de Marlene Dietrich, eran a creación e a beleza que se ofrecían desde ser muller, a negritude ou a deformidade fronte aos dogmatismos e intolerancia. Finalmente a súa voz acompañouse dos seus xestos de actriz para interpretar Lili Marleen. Inesquecibel, fermosa, divina. Feliz o público fícou contente por mercar unha entrada para un espectáculo no que o importante era a lectura. ♦

COMEZA O PONTEJAZZ DE PONTEVEDRA

M.B.
O venres 18 de xullo dá comezo na Praza da Peregrina de Pontevedra a XIII edición do Festival Internacional de Jazz Ponte jazz, que este ano ademais de contar con artistas peninsulares tende unha ponte máis aló do Atlántico. Concertos nas prazas da cidade, obradoiros abertos ao público xeral e o Ponte jazz workshop son algúns dos ingredientes desta nova edición, na que o Seminario de Jazz de Pontevedra rende homenaxe a Charlie Parker.

Coincidindo co cincuenta aniversario do pasamento de Charlie Parker, o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra rende tributo a unha das figuras máis destacadas do jazz cunha homenaxe a cargo dos músicos do SPJ Group que acompañarán ao novo saxofonista portugués João Guimarães. Este concerto abre o 18 de xullo a XIII edición do Festival Internacional de Jazz de Pontevedra Ponte jazz, que este ano presenta un programa completo no que ademais dos directos de músicos destacados se inclúen obradoiros e o taller Ponte jazz workshop.

De Lisboa chegaranse o martes 19 de xullo a Pontevedra o TGB (Tuba, guitarra e batería), unha das formacións representativas de Portugal. Mario Delgado, Sergio Carolino e Alexandre Frazao son os músicos que forman este grupo, gabado pola crítica tras a publicación do seu primeiro traballo.



Esbjörn Svensson. Arriba á dereita, Robert Cray Band; abaixo, Richard Galliano.

Os galegos Sumrrá subirán ao escenario do Teatro Principal de Pontevedra o mércores 20 de xullo e o 21 farao The Ultimate JazzE-art-Tet. Con este título preséntase a segunda parte dun proxecto musical que naceu en Boston en 1999, liderado por Paco Charlín. Desta banda, contarase cos artistas neoirquinos Jonathan Kreisberg, Jaleel Shaw e Donal Edwards, cun repertorio que afronta as novas tendencias do jazz moderno.

O acordeonista Richard Galliano actuará na Praza do Teucro



o 22 de xullo. Nacido en Cannes este músico inspirou a unha nova xeración de intérpretes co seu xeito de tocar no que a mestura de raíces italianas, mediterráneas, jazz e música clásica está moi presente.

O sábado 23 será Esbjörn Svensson, recoñecido músico da escena jazzística sueca, cun leve a música ao Pazo da Cultura. O "Deus do blues", como moitos dan en chamar ao bluesman estadounidense Robert Cray, actuará na Praza do Teucro o domingo 24 de xullo. O remate do festival correrá a

cargo de Mavis Staples, cantante destacada do gospel e do blues estadounidense.

Formación no festival

Un dos aspectos destacados do festival de jazz pontevedrés é o apartado dedicado á formación pedagóxica. Unha das grandes apostas é o *Ponte jazz workshop*, un programa de aprendizaxe dirixido por Paco Charlín no que participarán Jonathan Kreisberg, Jaleel Shaw e Donal Edwards. ♦

Ó Bardo na Brêtema

Rudesindo Soutelo

O imenso legado de Johann Sebastian Bach (1685-1750) aínda está lonxe de ser coñecido na súa totalidade. Há uns messes dava conta aquí da estreita en Tokio dunha Cantata reconstruída a partir das partes de dúas voces que apareceran nos bens deixados pola viúva do violoncelista catalán Gaspar Cassadó. Apenas o mes pasado foi descuberto o manuscrito de propio punho do compositor alemán dunha nova cantata: "*Alles mit Gott und nichts ohn' Ihn*" ("Tudo com Deus e nada sem Ele").

O achado tem especial relevancia já que apareceu na Biblioteca Anna Amalia de Weimar depois de sofrer un devastador incêndio em 2 de Setembro de 2004. O abrasamento foi um golpe para o património cultural da humanidade. A Duquesa Anna Amalia (1739-1807) foi patrona das artes e, segundo as recentes pesquisas do italiano Ettore Ghibellino, era o amor secreto do "príncipe dos poetas", Johann Wolfgang von Goethe (1749-1832).

Bach foi organista da Corte de Weimar entre 1708 e 1717, mas a cidade também está ligada à memória de Franz Liszt (1811-1886) que foi director musical da Corte, à do filósofo Friedrich Nietzsche (1844-1900), à do arquitecto Walter Gropius (1883-1969) co-fundador da Bauhaus, à do impulsor da Ópera alemã, Carl Maria von

Dívida histórica

Weber (1786-1826), e sobretudo Weimar é a cidade de Goethe e mais do seu colega Friedrich Schiller (1759-1805), ambos inspiradores de grandes obras musicais, basta recordar a "Nona Sinfonia" de Beethoven e os inúmeros "Fausto". Anna Amalia era uma espécie de caçadora de talentos do século XVIII, recrutando figuras de peso cultural para adornar a fulgurante Corte estabelecida pelos seus antepassados saxões. Schiller e Goethe estiveram entre as suas descobertas. Goethe dirigiu a Biblioteca durante trinta e cinco anos. No momento da catástrofe a Biblioteca possuía mais de 100 milhões de publicações, uns 2000 manuscritos medievais, 8400 mapas históricos e 3900 anotações diversas. O prédio, de estilo barroco, converte-se numa das mais bonitas bibliotecas da Alemanha.

Weimar dá nome também à histórica constituição social e republicana de 1919 que influenciou decisivamente no devir político de ocidente. Assim é que, de modo pioneiro, atribuiu a grupos sociais de expressão não alemã o direito de conservarem o seu idioma, mesmo em processos judiciais, ou nas suas relações com a administração pública. Distinguiu entre diferenças e

desigualdades. As diferenças, biológicas ou culturais, não implicam a superioridade de uns em relação a outros. As desigualdades, pelo contrário, são criações arbitrárias, que estabelecem uma relação de inferioridade de pessoas ou grupos em relação a outros. Portanto as desigualdades devem ser prescritas em nome do princípio da isonomia, igualdade perante a lei, enquanto as diferenças devem ser respeitadas ou protegidas, já que significam uma riqueza cultural. A função social da propriedade foi inscrita na célebre fórmula: "a propriedade obriga". Mas também foi a primeira vez que no direito ocidental se estabelece a igualdade jurídica entre marido e mulher, e equipara os filhos havidos dentro e fora do matrimónio.

É certo que Adolf Hitler, talvez fascinado pelo esplendor cultural de Weimar, a escolheu como sede do primeiro congresso do partido nazi e nos seus arredores situou um campo de extermínio, Buchenwald, onde assassinaram a 65 mil pessoas e marcaram o lado mais tenebroso da história da cidade.

Goethe nascera em Frankfurt mas gostava tanto de Weimar que se perguntava: "Onde mais se pode achar tantas coisas boas num só

local?". Era conhecida a relação do poeta com a puritana Carlota von Stein, um dos mitos do movimento "*Sturm und Drang*" (Tempestade e ímpeto). Mas agora resulta que essa relação com uma dama da Corte não era mais do que uma fachada para disfarçar o amor proibido da duquesa. Como poderia ela, viúva e mãe do príncipe governante, manter uma relação amorosa pública com um poeta de extracção social inferior, burguesa, e dez anos menor?

Weimar tem hoje uns 62 mil habitantes e recebe cada ano uns cinco milhões de turistas culturais que percorrem demoradamente os caminhos que fizeram os grandes artistas e intelectuais que a habitaram, da mão da Fundação Weimarer Klassik und Kunstsammlungen (Clasicismo de Weimar e Coleções de Arte) que gestiona essa imensa indústria cultural e a dirige cara ao futuro. Aqui, na Galiza, historicamente se destrói a cultura própria para favorecer a alheia e logo ainda há quem nos diga que sejamos práticos. Se o novo governo não entendes que a maior indústria que tem a Galiza, a que nos pode tirar do atraso económico, é a nossa cultura, seria melhor que não estregaram a esperança e aguardem uma melhor ocasião. A estultícia política é a que gera a dívida histórica, com a nossa cultura. ♦

ant@soutelo.com

A Ucha das Horas

Felipe Senén


Somos cada un de nós "vivos loquens", viventes que falan. Temos moito en común cos vexetais e os animais. Formamos parte do mundo da vida. Mais somos humanos, dotados dunha cerebralización en constante servizo á realidade cósmica, para unha boa utilización ou para unha posíbel destrución.

Na nosa cerebralización actúan diversos módulos neuronais: intuímos, razoamos, consciente e inconscientemente. A marabilla da mente supera toda formulación. Nos s. XVIII e XIX as afirmacións da fe e da razón parecéronlles a algúns contraditorias. Etapa superada. Joseph Ratzinger, en conversa con Jürgen Habermas, propuxo: "existe a necesidade dunha relación correlativa entre razón e fe". Relacións cada día máis urxentes para ben da humanidade.

Primeiramente depurarse. A relixión ten intuicións da intelixencia, ten modelos humanos fascinantes. Ten forza moral. Mais sen a constante vixilancia da razón cae en delirios, en substitucións e no fundamentalismo. O Padre Feixóo mantivo unha contenda contra os abusos das extralimitacións relixiosas; cansou de dicir que a relixión ten o seu espazo e nunca pode ocupar o da ciencia. No século XX os abusos da razón quedaron manifestos no "holocausto" dos xudeus polo nazismo; despois dos horrores da violencia bélica do século XX impoñese a humildade de filósofos e científicos en xeral. Relixión e ciencia dialoguen e respecten os grandes principios da fe e da razón. Ese é o camiño dunha humanidade que, ás veces, se coloca ao bordo do abismo.

Segundo, relacionarse. Un dos "cantos" para esa relación está a pregoar o Dr. Matthew Fox, antes frade dominico, agora fundador dunha universidade no sur dos USA. Botou ao vento 95 teses, un berro para unha teoloxía aberta e unha ciencia orientada. Anota na introdución: non estamos para reformas, estamos necesitados de transformación eclesial e científica. (7) Nacemos para sermos uns con todos; para sermos profetas. (10) A ciencia non é inimiga da relixión. Fox quere a compaixón do samaritano para esta humanidade ferida e propoñonos a todos o silencio, o amor e a dor como itinerario dunha vida en seguimento de Xesucristo.

Relixión e ciencia teñen de relativizar as súas doutrinas; teñen de xerarquizalas. Hai en cada unha verdades base; hai afirmacións secundarias, diversas e provisionais. O peregrino contempla paisaxes, modos de vida, e elixe. O peregrino satisfai a súa sede nas fontes potabeis e deixa á beira as incertas. O peregrino agradece as orientacións, confirma no seu mapa o que lle din, sorrí a todos e agradece. O que máis vivía o peregrino son os "timos": cómpre ollar a mercadoría que pode estar adulterada. Así é a vida, unha peregrinación. ♦



F. SENÉN

A cidade histórica, destino de cultura e turismo

Ler e viaxar axudan a informarse e formarse, a educar a sensibilidade e madurar socialmente. Un pobo maduro viaxa. Neses camiños aprendemos a significación e importancia do patrimonio cultural e dentro del das cidades históricas, antigas ou "vellas". Escenarios do pasado, centros noutros estratexicos que foron medrando con "ensanches" e alterando a función da orixe, onde entre as pedras, as labras, as canellas e estreitas vedelas, as prazas solitarias, os templos, as casas fidalgas e populares, habita o pouso do tempo e con el as sombras das perseguidas pantomas dos devanceiros. Para conservar e potenciar tal legado cultural existe unha moi cavilada e traballada Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 8/1995, produto dun expurgante acontecer histórico, entre tratados e cartas internacionais, nas que a UNESCO ten moito que dicir, igual que a mesma Lei de Patrimonio Histórico Español do 1985, e sumado a este corpus teórico as declaracións de Bens de Interese Cultural (BIC), a Lei do Solo, plans especiais... e para alimentar o cancro burocrático multiplicáronse comisións, órganos consultivos, consellos, academias e agrupacións culturais sensibilizadas. Mais uns e outros "filtros estéticos", os que, na súa constitución teórica, están encargadas de velar por ese patrimonio denominado con rimpompantes fórmulas que revalorizan a súa significación "Belas Artes", "Tesouro Artístico", "Bens Culturais"... ensañas de identidade, paradoxalmente e até non hai moito tempo infravalorado, por non cotizarse en cartos e si en céntricos terreos cos seus especulativos metros cadrados. Congressos, debates, cursos teñen como obxecto a protección de patrimonio

cultural, e entre el moi especialmente o urbano, a cidade histórica, ensaña orixinaria da identidade, destino museístico, hostaleiro, comercial e polo tanto turístico. Nos espazos de interese patrimonial ábreanse novos retos experimentais para xestores e concelleiros municipais. Co risco tamén de caer nunha especie de parques temáticos gastronómicos. Pero, se se quere, todo se pode ir corrixindo.

En Galiza fóronse dando pasos exemplares nesa metamorfose recuperación do legado urbano, do que foi niño do abandono, dos decibelios, da litrona, da trousadela e do mexo nos currunchos; campo de batalla libre para a expresión práctica dos grafitiros, até tramarse hoxe como residencial e comercial, en relación coa identidade, a cultura e o turismo. Pois féndese o fortín do abandono, da rutina e dos gatos, para rehabilitarse as súas casas, moitas delas brasonadas e constituír un vixilado couto residencial de rango. Así tamén aconteceu no mundo civilizado. Todos queren un pazo urbano con vistas, situado nalgunha céntrica acrópole: as rehabilitacións en calquera das modalidades arquitectónicas, en estilo ou en sinceridade rupturista con marca de arquitecto, son custosísimas e iso decanta e significa os novos habitantes. Non todos poden.

Xa non se escoitan pola banda de certos sectores endomergados -os que levan postas as gafas mentais circunscritas ao triángulo de Venecia, Florencia ou Roma- aquilo de que nesta ou noutra Cidade vella "non hai edificios emblemáticos", cando, a pesar das desfeitas, aínda todas elas son puro saber artesanal. Centrada por igrexas, nese camiño que hai entre os matices do histórico e do artístico (velai

que o concepto artístico oscila cos gustos de cada época). Pedra, casas caleadas, galerías, igrexas románicas, conventos, torres renacentistas nas que sempre pousa calquera ave, palacetes barrocos e neoclásicos, experiencias modernistas, elementos artesanais singulares en carpintaría, reixas de balconadas, magnolios, camelieiras, fontes, murallas e mar...onde os sons das badaladas deberían ter voz propia, fronte á proliferante imposición dos sons electrónicos, plastificados de repetitiva fita magnetofónica; igual que a luz de flashes que na noite chamusca os monumentos e a vista, sen valorar os contrastes coa penumbra... E todo nun ambiente para poñer maxín, para re-crear historia, para o encontro popular, en liturxias, festas e feiras, para acender en vida os días do almanaque. O sensíbel instinto creador levou a artistas a habitar as cidades vellas, a recoller e facer memoria de tan significativos espazos coas súas habilidades en pintura ou fotografía... instintivamente a orixe é sempre punto de retorno, un anaco do nostálgico paraíso perdido na odisea de calquera cidadán.

Allariz, Compostela, Pontevedra... teñen xa gañado tempo e camiño andado na posta en práctica das experiencias: superadas as loitas tribais que inicialmente dividían a cidadáns partidarios ou non da peonalización das áreas históricas. Aínda queda quen entende o progreso como encher as rúas de automóviles ou levalos até o altar da igrexas ou ao mesmo cuarto de estar. Nos programas municipais xa está a lóxica elemental dunha "oficina de rehabilitación", que asesora, evita burocracias, que parte da planificación de rúas de circunvalación

alternativas, de aparcadoiros, acceso a residentes e taxis, paso de coches do lixo, bombeiros, ambulancias... itinerarios turísticos sinalizados con coherencia e de xeito antivandálico... estudo de mobiliario urbano acorde (e non farolios de tipoloxía austrohúngara ou Arco de Cuchilleros...), ubicación de contedores do lixo soterrados, problemas de eliminación, de antenas, cableado... a cidade é sempre algo inacabado. Informar para formar é gañar tempo.

O exemplo espállase, vanse dando pasos, xa eran horas, e cada día máis acelerados. O mundo da especulación aprendeu tarde a lección de que tamén se pode negociar con estética e con ética, pero aprendeunda. Dende o "órgano cooperante" (da Xunta en canto significa patrimonio) inmediato ao seu patrimonio, que é o concello, tómanse medidas, axilízanse burocracias, animase o investimento e o traballo no que son cautelas arqueolóxicas, prescricións técnicas, construcións e comisións de patrimonio. Así imos vendo experiencias en rehabilitación, atinos e desatinos que se acollen a tímidas compensacións fiscais. Os museos, de non morrer diante da inanición, van ocupando espazos como alternativas culturais de lecer e foco de atracción de visitantes. Pero aínda queda moito nese proceso rehabilitador e sensibilizador que vai da administración aos administrados. A cidade histórica, case como un museo, merece inicialmente unha atención e un custoso tratamento especial que acolle canto a circunda e anima. Pois hai moitos valores amais do histórico, o arqueolóxico, artístico, relixioso, etnográfico, manifesto nas artesanías, nas tradicións... velai o valor literario e artístico no que Galiza ten tanto que ofrecer: Picasso fórmase na Coruña, as idas e voltas de Valle, de Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, todo vale para a posta en valor do territorio e do humanismo.

Teoría en función da necesidade da recuperación dun patrimonio inmoible con diferentes titulares: municipal, privado, da igrexas, militar... pero tamén integralmente mobile e ideolóxico. Conservación que pasa pola educación de cidadáns e rexidores, pola posta en marcha de medidas de fomento, información, vinculadas a unha oficina de urbanismo, a facilidades fiscais, actividade lexislativa. Fundamental é actualización dun catálogo que non somentes se deteña no superficial das fachadas, senón que entre en elementos decorativos, no ambiente, nunha coherencia harmónica, natural e nunca falseada ou endominguada.

Peonalizar unha cidade quere dicir humanizala, facela dos visitantes, é onde hai visitantes quere dicir que hai movemento económico, o que estará en función dos retos da oferta e da demanda, e que neste caso pasará por espazos cos espírito, con calidade de deseño: restaurantes, mesóns, anticuarios, *souvenirs*, artesanías... máxín, experiencias e moito máis máxín. ♦

O Trínque

Capital do Teatro

Ribadavia volverá ser capital do teatro a partir do 16 de xullo e até o 23. A XXI edición do festival dramático contará coa presenza das compañías galegas Artello, A Factoría e Teatro de

Adro. Tamén haberá obras teatrais de Extremadura, Madrid, Israel, Catalunya, Andalucía, Arxentina e Italia. Entre os xéneros, destaca a comedia, o musical, o drama e incluso o circo. ♦

leCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Na Fundación Barrié da CORUÑA podemos contemplar unha mostra adicada ao arquitecto e deseñador Marcel Breuer. Na imaxe, o Begrish Hall no campus University Heights de New York.



Allariz

EXPOSICIONS

A Fundación Vicente Risco acolle unha mostra de manuscritos e debuxos sobre a cultura hindú asinados polo propio escritor, así como libros lidos por el da mesma temática. Complémentase con fotografías do bengalí Sumit Kumar Das e do ourensán José Antonio Fernández Martínez.

O Barco

EXPOSICIONS

ENCUNTROS
Colectiva de 10 pintores da zona na galería Sargadelos.

Betanzos


ACTOS

FELECTIVA
Esta actividade xuvenil organiza, para o venres 15 e sábado 16, un obradoiro de malabares ás 6 da tarde. Para o venres 22 e sábado 23, tamén ás 6, obradoiro de clown. E o sábado 30 farase a festa final coa demostración dos obradoiros impartidos, animación musical polas rúas a cargo da Compañía do Ruído e o concerto dos Cuchufellos (folk-rock de Ourense) e Dios ke te crew (hip hop).

Boiro

ACTOS

QUERIDO RAMÓN...
...un testimonio de amor, libro de Ramona Maneiro (coa colaboración de Xabier R. Blanco) que será presentado este xoves 14 ás 12 no Centro Social coa intervención de Rosalía Mera, presidenta da Fundación Padeira, e Suso de Toro, escritor.



Fotograma de Million Dollar Baby, que proxecciona no CGAI.

Cangas

MÚSICA

BRAITH
O grupo lucense toca este venres 15 na Praza das Pontes.

Celanova

MÚSICA

BALLET GALEGO REI DE VIANA
Presenta o seu espectáculo Lumieira este venres 15.

Cerdido

EXPOSICIONS

RECREARTE 2005
Até o domingo 17 poden verse as obras de Antonio García Candales na área recreativa O Castro.

UNHA OBRA, UNHA MIRADA
Cerámicas de Rosa Jove, durante todo o mes, no Centro de Saúde e no Concello.

A Coruña

CINEMA

JOSÉ LUÍS BORAU
Dentro do ciclo adicado ao director zaragozano, este xoves 14 o CGAI proxecta La Sabina (1979) e o mércores 20 Leo (2000). O ciclo

Fóra de serie inclúe Million Dollar Baby (2004), de Clint Eastwood o venres 15 e luns 18; o martes 19 poderemos ollar a fita Shara (2003), de Naomi Kawase, e o vindeiro xoves 21 El cielo gira (2004), dirixida por Mercedes Álvarez. Todos os pasaxes serán ás 20:30 h.

EXPOSICIONS

CINCO SÉCULOS DE EXPLORACIÓN
Os fondos cartográficos da Hispanic Society of America poden ollarse na sede da Fundación Caixa Galicia.

JUAN DÍAZ

El color del silencio é o título da mostra que reúne unha selección das súas acuarelas na galería Ana Vilaseco até o 15 de setembro.

MURAI 2005
A galería Panaderas acolle esta mostra de Miguel Karballo até o venres 22.

MARCEL BREUER

Por primeira vez no Estado poderemos contemplar a mostra Marcel Breuer. Deseño e arquitectura, organizada polo Vitra Design Museum de Weil am Rhein, mercede á Fundación Barrié, que é onde se encontra. Breuer (1902-1981) está considerado como un dos máis sobranceiros deseñadores de mobiliario e arquitectos de interiores do s. XX. A exposición xunta 15 pezas de mobiliario, 13 maquetas interactivas e proxectos de maior envergadura como a sede da UNESCO en París, o Centro de Recursos de IBM en La Gaude e o Museo Whitney de Arte Americana de New York. Programámanse obradoiros didácticos para campamentos de verán, centros de ensino... visitas comentadas para adultos gratuitamente e previa reserva no tel. 981 060 095. Dossier didáctico en www.fbarrie.org. Até o 16 de outubro.

ARTE E SOLIDARIEDADE

A Fundación Luís Seoane acolle, desde este xoves 7, Arte y solidaridad. Los artistas españoles y el cartellismo sociopolítico, na sala de exposicións temporais, comenariada por J. Gómez Alén, director da Fundación 10 de marzo. Oitenta e seis cartéis, escolmados de entre do máis de 15.000 dos arquivos de CC OO, realizaos por artistas do máis destacado a partir da 1ª metade do século pasado e dos diferentes movementos estéticos. Os galegos están representados con 22 obras pertencentes a L. Seoane, I. Díaz

As Nosas Músicas

O ciclo artellado por Caixa Galicia para o verán achegaranos a María do Ceo o venres 15 ás 22 h. á Praza do Concello de FENE; ás pandeiras de Leilia o sábado 16 ás 23 h. ao Parque da Xunqueira en VILAGARCÍA e o luns 18 en XINZO ás 23 h. na Praza de C. Casares; Mercedes Peón estará o martes 19 ás 23 h. na Praza do Concello de SANXENXO e o mércores 20 ás 22 h. na Praza de Galicia de NARÓN. Todos os concertos son con entrada libre. ♦



María do Ceo.

Deluxe

Ademais de tocar o sábado 16 no festival Cultura Quente de Caldas de Reis (reseñado nestas mesmas páxinas), estará o domingo 17 en XINZO DE LIMIA. En agosto pode-

rémolo escoitar o luns 1 no Parque de Castrelos de VIGO e o venres 12 en VIVEIRO. Ademais destas citas ten outras polo Estado adiante e Portugal ♦

az Pardo, X. Quessada, J.L. de Dios, Conde Corbal e Mercedes Ruibal. Exíbense obras de Picasso, Miró, Alberti, Ortega, Brossa, Saura, Genovés, Ibarrola, Tapiés, Arroyo, Guinovart, M. Valdés ou o Equipo Crónica.

LUÍS LÓPEZ GABÚ

A biblioteca pública González Garcés acolle, até o martes 26, unha mostra da súa pintura.

TAPIÉS

Até este venres 15 poderemos admirar, no centro de arte Atlántica, obras súas dentro dunha colectiva na que tamén se reúnen traballos de Miró, Dolores Gálvez, Canogar, Arroyo, Saura e Caruncho.

O LADO DA SOMBRA

A Fundación Luís Seoane realiza esta exposición sobre o devenir da cultura non institucional na Galiza durante o período 1971-89. Incide sobre tres grandes cam-

pos da cultura popular contemporánea, como son a edición de revistas e libros, a edición de discos e a cinematografía, prestando, tamén, atención a outras empresas colectivas de carácter cultural. Até o 18 de setembro na sala da fundación.

MUNDOS DIXITAIS

Podemollos ollar esta mostra no Centro On até o 27 de xullo.

PINCELADAS DE REALIDADE

Amalia Avia, María Moreno e Isabel Quintanilla, tres destacadas artistas do realismo contemporáneo español, presentan a súa obra no Museo de Belas Artes até o mes de setembro.

GALEGUIDADE UNIVERSAL

A Fundación Luís Seoane acolle esta magnífica mostra sobre a relación entre o propio Seoane e Lorenzo Varela, até xaneiro de 2006.

Carteleira

— A GUERRA DOS MUNDOS. Un pai separado e irresponsable queda a cargo dos seus fillos un fin de semana, cando comezan a atacar a Terra seres extraterrestres. A familia sobrevivirá grazas a el. Só para os interesados no cinema de catástrofes, xa que conta con moi bos efectos especiais.

— FUXITIVOS. Ao principio da Segunda Guerra Mundial, unha muller fuxe de París cos seus dous fillos. Ao perder o coche nun bombardeo, recibe a axuda dun mozo que di que perdeu os seus pais. Entón, os catro refúxianse nunha casa nese momento deshabitada. Guión pouco elaborado.

— O SOÑO DUNHA NOITE DE SAN XOÁN. Unha nena protagonista, un mao que é director de banco, unhas bruxas que fan surf na basoira e o trasiñío Perecho que é o máis simpático. Hai versión en galego, pero cómpre fixarse na sala para que non dean castelán por lebre.

— DEAD END. Unha familia viaxa de noite can-

do atopa de socato unha moza cun bebeciño. A partir dese encontro, empezarán os acontecementos estráños e as mortes nunha estrada que non ten saída. Terror para mozos con baixo presuposto e humor negro.

— MADAGASCAR. Os animais dun zoo de Nova York, liderados por unha cebra e aburridos da súa vida habitual, deciden marchar a África a experimentar a vida salvaxe. O león Alex terá algúns problemas. Película de debuxos para levar os nenos se non hai outra cousa. A obra non pasa do cinco raspado.

— PRIMER. Dous exenxeiros descubren unha máquina que reduce o peso das cousas pero que ten características inesperadas e paradoxais. A súa tentativa de tirar partido económico co aparello volvecase contra eles. Intriga tramposa que administra os datos a pingas e desenfocados.

— NO SOS VOS, SOY YO. Comedia argentina intelxente, coproducida por

Filmanova (a empresa de Antón Reixa). Historia dun home abandonado pola súa muller e todo o que lle sucede a partir de aí. Para pasar hora e media agradable.

— CÓDIGO 46. Un home investiga unha trama de tráfico de documentos de acceso ás cidades, onde se entran persoas sen mácula, mais namórase da traficante. Esta queda embarazada del e despois descubríse que comparten código xenético, algo que está prohibido.

— OMAGH. Película sobre un atentado dun grupo escindido do IRA en Irlanda do Norte despois do alto o fogo. A perspectiva das vítimas non impide centrarse nos erros policiais e nos equilibrios necesarios para non rachar o proceso de paz. Dura, mais interesante.

— A VINGANZA DOS SITH. A república está en guerra, o chanceler Palpatine, cada vez máis malévolo, ten poderes do Senado, os jedi loitan contra o lado escuro da forza e a senadora Padmé está

embarazada de Anakin Skywalker, como pensa que o ninguem os jedi. Por fin remata a saga das galaxias.

— NO MEU PAÍS (IN MY COUNTRY). Un xornalista americano negro e unha poeta surafricana seguen por todo o país os procesos da Comisión da Verdade e da Reconciliación, na que saen a relucir todos os crimes do apartheid, polos que toda a Sudáfrica branca ten manchadas as mans e a conciencia.

— UN CANGURO SUPERDURO. Trama demasiado adulta para os nenos e tópica para os grandes. Polo demais, a propaganda é tan explícita que George Bush debería figurar nos créditos.

— O REINO DOS CEOS. Tras coñecer ao seu pai, o fillo dun cabaleiro vai a Xerusalén a herdar as súas propiedades. Alí atopa un rei que loita contra fanáticos cristiáns que tratan de forzar unha guerra cos musulmáns, que son maioría. Drama épico politicamente correcto. ♦



FESTIVAIS



Deluxe está en Caldas o venres 15 e o domingo 17 en Xinzo.

Cultura Quente

CALDAS DE REIS celebra unha nova edición do festival do dragón, que xa se ten recoñecido como un espazo alternativo que promove unha cultura viva, comprometida e participativa. O vindeiro venres 15 tocarán en directo as bandas **The Gift, La Mala Rodríguez, El Bicho, Super Ratones, Def Con Dos, Kannon, Bumme, Día de Furia, DJ Prozac, DLK;** e o sábado 16 **Love with Arthur Lee, Deluxe, Rinôçeroe DJ's Club, Second, Atom Rhumba, Vacazul, Steelwood, Avant Gardé, ou Dj Amable.** Os concertos e a acampada son de balde. O horario de todas as actividades e dos concertos pódese consultar en www.culturaquente.com.

Festgal 05

Baixo o lema **O noso país, a nosa festa,** a comisión **Festgal,** a **Fundación Galiza Sempre e Galiza Nova** presentan tres noites de música para conmemorar o Día da Patria no Campus Universitario Sur de **SANTAGO DE COMPOSTELA.** O sábado 23 desde as 23 h. teremos a **Samsugas, Diplomáticos,** na súa xira de despedida, e aos **Deus Ke Te Crew.** O domingo 24 por volta das 22.30 h. o actor e humorista **Carlos Blanco** vai presentar a **Safari Orquestra, Presencia Zero,** os portugueses **Expensive Soul,** os franceses **La Phaze** e, para rematar, o **DJ Vadim** (GB.). O luns 25 ás 21h. poderemos escoitar a **NARE, Berrogietto e Manecas Costa** (Guiné-Bissau). O recinto do Festgal

acollerá actividades ininterrompidas desde o 24 pola mañá, todas de balde e abertas a todos os públicos, como charlas e debates, exposicións, presentacións literarias e musicais, proxeccións, pasarrúas, degustacións gastronómicas, etc... que se desenvolverán en espazos como as **Galerías das Ideas, das Letras, Infomú,** do **Audiovisual** ou do **Software Libre,** a **Feira de Artesanía,** o **Exposito das Asociacións,** ou o **Café Concerto.** Ademais a organización dispón de zonas de xantar e acompañamento. Máis información en www.festgal.com.

Naviza Rock

Os asistentes á **Romaría da Fraga d'AS PONTES** de García Rodríguez poden gozar de 3 días de música de diferentes estilos. O sábado 23 tocarán os grupos de rock local **Dr. Funkenstein, Ak-47, Ogmios, Anatolox,** os cataláns **Sol Lagarto, Avallanch** de Asturias e os veteranos **Barón Rojo.** O domingo será tempo da música folk, cos ponteses **Muxarega,** a gaitreira **Susana Seivane,** os belgas **Urban Trad** e os irlandeses

Mavis Staples participa no festival de jazz de Pontevedra.



WILDLIFE

PHOTOGRAPHER
As imaxes do máis coñecido concurso internacional de fotografía sobre a natureza, na súa edición correspondente ao ano 2005, poderanse contemplar no **Aquarium Finisterrae** até este domingo 17.

MÚSICA

SEOANE SESSION'S
No patio da **Fundación Luís Seoane** temos, durante todos os venres de xullo, concertos en directo, sesións de DJs e proxeccións en súper 8.



A galería **Sargadelos** de Ferrol adicalla unha mostra a **Lorenzo Varela.**

Fene

EXPOSICIÓNS

CURUXAS 2005
No **Museo do Humor,** co-

ses **Kíla.** O luns 25, a sesión vermú contará coa orquestra **Fortaleza** e á tardiña actuará **A Roda.**

Festival de Jazz

Desde o luns 18 ao luns 25 celébrase a XIII edición do Festival Internacional de Jazz de **PONTEVEDRA.** Na Praza da Peregrina, o luns 18 ás 21 h, estarán **João Guimarães e SPJ Group,** que lle rendirán tributo a **Charlie Parker;** neste mesmo lugar estará o grupo lisboeta **TGB** ás 21 h, do martes 19; o mércores 20 o grupo compositéan **Sumrra** toca no **Principal** ás 22; lugar que tamén vale para o concerto de **The Ultimate Jazz Earth-tet** (Galiza-USA) ás 22 h; ademais o teatro **Principal** acollerá as repichocas de **João Guimarães e SPJ Group** desde o martes 19 ao sábado 23. O venres 22 ás 22.30 e con entrada libre na Praza do Teucro estará **Richard Galiano New York Trio;** o sábado 23 no Pazo da Cultura ás 22.30 e por 10 euros na telebilleiteira ou por 12 na billeiteira estará **EST Eshjörn Svensson Trio;** o domingo 24 na Praza do Teucro ás 22.30 con entrada libre toca **The Robert Cray Band;** e o luns 25 no mesmo lugar e condicións, **Mavis Staples.** Ademais do 18 ao 22 celebrarase o **Pontejazz Workshop** no Antigo Conservatorio, proxecto formativo para o que o director do seminario, **Paco Charlin,** contará co guitarrista **Jonathan Kreisberg,** o saxo alto **Jaleel Shaw** e o batería **Donald Edwards.**

MÚSICA

IVÁN FERREIRO
Presentará o disco **Canciónes para el tiempo y la distancia** o venres 15 na **Alameda** ás 23 h. O sábado 16 teremos, no mesmo lugar, ao recoñecido gaiteiro **Xosé Manuel Budiño.**

Lugo

EXPOSICIÓNS

CERTAME DE PINTURA RÁPIDA
As obras deste certame poden ollarse, até o sábado 23, no **C.C. Uxío Novoneyra.**

EXPOSICIÓNS

LUIF-ALBERT DESCHAMPS
Podemos ollar esta mostra de imaxes sobre a Guerra Civil Española no **Arquivo Histórico** até o 31 de agosto.

EXPOSICIÓNS

SÁNCHEZ FOLGUEIRA
A **Biblioteca Pública** exhibe, até o martes 26, algúns traballos deste fotógrafo.

EXPOSICIÓNS

JESÚS OTERO-YGLESIAS
O pintor expón a súa obra na galería **Clérigos.**

EXPOSICIÓNS

ASIA
Podemos visitar esta retrospectiva de pezas pertencentes ás coleccións do **Museo Nacional de Artes Decorativas** até este domingo 17 no **Museo Provincial.**

Ferrol

EXPOSICIÓNS

LORENZO VARELA
De mar a mar titúlase esta mostra documental en homenaxe ao escritor que este ano se lle adicou o Día das Letras. Na galería **Sargadelos** durante xullo e agosto.

EXPOSICIÓNS

COLECTIVA CAIXA GALICIA
O novo centro cultural da cidade mostra, até o 4 de setembro, as súas novas incorporacións.

EXPOSICIÓNS

MOVEMENTO HOMOSEXUAL EN GALIZA
Esta mostra clausúrase este xoves 14 no **Ateneo Ferrolán.**



Iván Ferreiro e X.M. Budiño tocan en GONDOMAR.

Gondomar

ACTOS

XEIRAS DO IEM
A primeira saída dos roteiros guiados organizados polo **Instituto de Estudos Miñoranos** será o mércores 20 desde a estatua de **Alfonso VIII,** para facer unha visita histórica e botánica ao **Monte do Boi** acompañados por **Xosé Lois Villar e Xosé R. García.** As saídas son ás 18 h.

MÚSICA

IVÁN FERREIRO
Presentará o disco **Canciónes para el tiempo y la distancia** o venres 15 na **Alameda** ás 23 h. O sábado 16 teremos, no mesmo lugar, ao recoñecido gaiteiro **Xosé Manuel Budiño.**

Lugo

EXPOSICIÓNS

CERTAME DE PINTURA RÁPIDA
As obras deste certame poden ollarse, até o sábado 23, no **C.C. Uxío Novoneyra.**

EXPOSICIÓNS

SECANDO A LUZ
A **Capela de Santa María** acolle, até o 28 de agosto, esta mostra de cerámica.

EXPOSICIÓNS

LUIF-ALBERT DESCHAMPS
Podemos ollar esta mostra de imaxes sobre a Guerra Civil Española no **Arquivo Histórico** até o 31 de agosto.

EXPOSICIÓNS

SÁNCHEZ FOLGUEIRA
A **Biblioteca Pública** exhibe, até o martes 26, algúns traballos deste fotógrafo.

EXPOSICIÓNS

JESÚS OTERO-YGLESIAS
O pintor expón a súa obra na galería **Clérigos.**

EXPOSICIÓNS

ASIA
Podemos visitar esta retrospectiva de pezas pertencentes ás coleccións do **Museo Nacional de Artes Decorativas** até este domingo 17 no **Museo Provincial.**

EXPOSICIÓNS

ILUMINA
Até finais de xullo podemos ollar na sala da **Deputación Provincial** a mostra **Colección de lucernas.**

Nogueira de Ramuín

EXPOSICIÓNS

JULIO E SILVIA POUASADA
Nas salas do **Mosteiro de San Estevo** preséntanse as súas pinturas até este domingo 17.

Noia

MÚSICA

LA TROVA CAMAGUEYANA
O mellor danzón, cha cha



Iván Ferreiro e X.M. Budiño tocan en GONDOMAR.

Pedrafita

EXPOSICIÓNS

AINHOA PÉREZ SÁNCHEZ
As súas pinturas poden ollarse no hórreo-museo **Filandón** até final de mes.

Poio

EXPOSICIÓNS

PATRICIA SOTO
Até o domingo 31 pode verse esta mostra no **Casal de Ferreiros.**

As Pontes

EXPOSICIÓNS

PINTURA ANDALUZA
Fondos da colección **Carmen Bornemisza** no **Café Moderno.**

EXPOSICIÓNS

FIGURAS SALIENTES
Pinturas de **Amábel Migués** que podemos ollar na sala **Teucro** até o xoves 28.

EXPOSICIÓNS

FOTOGRAFÍAS ANTIGAS
Até o 30 de xullo o **Centro de Maiores do Café Moderno** acolle esta mostra de imaxes dos anos 50.

EXPOSICIÓNS

ANTONIO HEREDERO
Luz e color chámalle a súa última mostra que se encontra na sala **Teucro** até o 31 de xullo.

EXPOSICIÓNS

CERTAME R. PORTELA DE GAITA
Os grupos inscritos realizarán pasarrúas este sábado 16 pola mañá para escoller os 8 finalistas que tocarán pola tarde, de onde saíran os tres primeiros premios. O domingo 17 haberá unha feira de artesáns de instrumentos tradicionais con obradoiros, charlas e un festival de música, que poñerá o ramo desta VI edición do **Memorial Ricardo Portela.**

O Porriño

EXPOSICIÓNS

FÉLIX CAL E TATÁN
Portas e texturas chámase a mostra fotográfica de Cal, fotógrafo profesional, e Tatán, titiireiro de **Tauxarina** e actor. Os cartos recaudados coa venda destináranse ao centro de disminuídos psíquicos **Lenda de Redondela.**



O grupo cubano **Orishas** estará n'AS **PONTES** o sábado 16.

Para a inclusión de información nestas páxinas do **leCeR** pregámosvos nosas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, **Apido, 1.371, 36200** Vigo; por Telf., **986 222 405,** por Fax **986 223 1010** ou correo electrónico **info@ano-saterra.com**

O fotógrafo Fran Herbello expón no Espazo Anexo do MARCO en VIGO.



ROBERTO RIBAO
A sala *Mobob* exhibe as súas magníficas fotografías até o mércores 20.

ENSUEÑOS
A galería *Chroma* (Avd. da Florida 34, baixo) amosa a obra máis recente do pintor **Álvaro Mougán** até o sábado 30, de luns a sábado de 18 a 21 h. e os domingos e festivos de 11 a 13 h.

ESTRAÑAMENTE FAMILIARES
Na planta baixa do MARCO podemos contemplar a mostra *Deseño e vida cotiá*. Producida polo Walker Arte Center de Minneapolis, a mostra reúne a 31 artistas e deseñadores que aportan máis de corenta obras entre proxectos arquitectónicos, obxectos de uso cotiá, mobiliario doméstico e urbano, prendas de vestir e obras de deseño gráfico, entre outras áreas de investigación e creación que, en ocasións, provocan pezas híbridas de distintos campos. Até o 25 de setembro.

INCLUSIÓN
Na *Casa da Xuventude* podemos ollar os traballos, fotografías, publicacións e actividades realizadas pola asociación *Inclusión Social*, que trata a exclusión que sofren certos sectores da sociedade, até este venres 15. Do martes 19 ao venres 29 teremos neste lugar a mostra *Pinturas solpísticas/ Egotismos Trigonométricos*.

SYLVIE BUSSIÈRES & JOAN FONTCUBERTA
A galería *Bacelos* (Progreso 3) mostra as súas obras até o 30 de xullo.

DIÁSPORA
O MARCO alberga a mostra *10 Artistas galegos no exilio latinoamericano (1930-1970)*, coa que se pretende aportar novas claves de lectura da historia da arte galega do s.XX, amosando datos que permitan reconstruír unha historiografía alternativa ao discurso oficial académico. Até o 11 de setembro poderemos contemplar 72 obras, entre pinturas, debuxos, fotografías e esculturas, ademais de proxeccións e bibliografía diversa de 10 artistas claves como **Ángel Botello, Castelaio, Manuel Colmeiro, Eugenio Granell, Maruxa Mallo, Luís Seoane, Arturo Souto, Xosé Suárez** e **Carlos Velo**.

TEATRO
ZOO NOCTURNO
Este venres 15 a compañía do teatro *Ensalte* presenta a *RGT* e lectura dramatizada da tradución á lingua galega desta peza. Máis información en www.teatroensalle.com.

NON É COUSA DE NENOS
Baixo este nome agrúpanse uns cantos actores, uns coreceiros, outros non tanto,

Anuncios de balde

■ **Búscase delineante de construción** con dominio de Autocad e CYPE para traballar na Costa da Morte. Enviar currículo ao Apartado 7, 15,270 de Cee.

■ **Realizanse peches e limpeza de fincas e montes, repoboacións forestais**, xardinaría ou calquera outro traballo. Orzamento sen compromiso. Telf. 686 753 105 e 689 005 584.

■ **Casa Solveira, vivenda turística vacacional na Ribeira Sacra Lucense** (Piñeiro e Bolmente, Sober). Alúgase por días durante todo o ano. Reservas no 647 538 325 e en www.casasolveira.com.

■ **Alúgase casa de campo completa en Meira (Lugo)**, á beira do nacemento do río Miño. Tres cuartos duplos con baño incorporado, calefacción e terreo de 10.000 m. Fins de semana ou tempadas. Telf. 686 753 105.

■ **Alúgase casa na Penalba (Nogueira de Ramuín), en plena Ribeira Sacra**, por semanas, quincenas ou fins de semana. Totalmente equipada e con garaxe. Máis información nos telf. 986 376 022 ou 661 624 070.

■ **Obradoiros de sexualidade para asociacións, nais e pais, alumnado...** impartidos por experta en Sexoloxía e Educación Sexual, en toda Galiza e norte de Portugal. Máis información nos telf. 654 489 082 / 629 867 824.

■ **Escultora vende cruceiro de 2,6 m**, en pedra do país, feito a man con moito cariño, por 1.150 euros. Telf. 686 482 967.

■ **Véndense cortadora, balanza e neveira de embutidos, etiquetadora, arcón conxelador, estanterías metálicas e unha cadeira de cativo**. Chamar ao telf. 986 376 702.

■ **Busco piso no Casco Vello (ou arredores) de Vigo para alugar a**

partir de setembro. Amoblado ou semi-amoblado e con 1-2 dormitorios. Telf. 687 315 234 ou 699 103 510.

■ **Merco banda deseñada de Tintín en galego, portugués e inglés e do Corto Maltés en portugués**. Chamar ao telf. 655 405 521.

■ **Precísanse Mestres Especialistas em Educação Infantil e Técnicos Superiores em Educação Infantil** (ou titulacións equivalentes) para criar cooperativa de ensino em Vigo. Interessados/as enviar *currículum vitae* a caixapostal@terra.es, ou a escolaemgalego@yahoo.com.br

■ **Alúgase casa na ría de Muros-Noia**, nos meses de xullo, agosto, setembro ou quincenas. Interesados chamar aos telf. 986 208 626 ou 615 864 477.

■ **Véndese finca de 1.030 m² en Vagüín-Mogor (Marín)** con boas vistas á ría, enriba da praia de Mogor. Tamén se aluga casa antiga con finca en Agüete, o mes de xullo, por 600 euros. Máis información no telf. 608 086 107.

■ **Alúgase habitación en piso novo**, con calefacción e lavadora, na zona de **Conxo en Santiago**. Telf. 687 581 137.

■ **Vendo gaita de pau santo** en si B con ronqueta, fol de cabuxo, funda de terciopelo de cor granate e farapos en azul ceo. Vivo na Laracha, por se algún quere ve-la. Prezo 400 euros. Telf. 653 618 955.

■ **Bibliófilos: vendo orixinal asinado por Celso Emilio Ferreiro de Cartigas de escamio e maderir**, publicado en Caracas no 1968 baixoseudónimo de Aristides Silveira. Telf. 635 869 108 pola maná.

■ **Vendo colección completa de Biblioteca Galega**, de La Voz de Galicia, composta por 120 libros e totalmente nova por 120 euros. Tlf. 653 618 955.

■ **Urxe vender**, por problemas, precioso

e orixinal **apartamento en Mondariz Balleario**, 60 m², 2 dormitorios, baño, salón-cozinha, calefacción, chans e teitos forrados de madeira, abafardado, duplas e grandes xanelas, vistas ao ceo desde toda a casa e desde as camas, decorado estilo montaña, rústico e a estrear, con garaxe e trastero. Merece ser visto. Prezo 22.000.000 de pta. Información nos telf. 679 697 055 / 986 226 026.

■ **Alúgase piso amoblado con calefacción** na zona da Rúa de San Pedro en **Santiago**. Perguntar por Vitoria nos telf. 981 589 539 ou 646 693 025.

■ **Estancias lingüísticas para crianzas desde os 13 anos**, adolescentes e adultos en Inglaterra e Gales. Máis información en pazzilva2000@yahoo.es ou chamando ao 986 415 666/ 986 639 172.

■ **Busco casa con finca perto de Pontevedra** para todo o ano en aluguer cidade. Prezo razoábel. Telf. 986 767 187.

■ **Quixera manter correspondencia con muller progresista galega, de 35 a 40 anos**. Chámome Antón Roldo Pérez e o enderezo é Centro Penitenciario de Villabona. Finca Tabladello Alto 33271, Lanera-Gijón.

■ **Véndese dúplex de 90 m² en Bertamirans** (perto de Santiago) con 3 cuartos, cozinha amoblada, sala, 2 baños, xardín e piscina. Exterior. Menos de 80.000 euros. Telf. 605 548 848.

■ **Mozo de 34 anos, en Vigo, ofrécese para traballar como conserxe de comunidade**, na construción como peón, ou para traballar como peón en serrería. Preguntar por Alberto no 616 870 908.

■ **Técnico con experiencia en produción gandeira e leiteira busca emprego** en explotacións agropecuarias en toda Galiza. Teléfono de contacto 686 513 125. ♦

A Rede



ARROTADA NOTICIAS
www.arrotadadanoticias.com

Páxina de noticias galegas de Arrotada. Inclúe novas do país, internacional e opinión. Ademais conta cunha hemeroteca de informacións anteriores, un foro para os visitantes, un arquivo e ligazóns con outros enderezos. ♦

GALICIA, LATIDOS DE ARTE
Colectiva de 32 pintores que se pode visitar até o mércores 20 no centro de arte *Alpide*.

ARQUEOLOXÍA VIGUESA
Podemos visitar esta mostra no museo municipal *Quiñones de León*.

PORTO MEU
Fotografías de **João de Meneses** que podemos ollar, até o 21 de agosto, na *Casa das Artes*.

FRAN HERBELLO
No *Espazo Anexo*, sito na praza peonal posterior ao MARCO, preséntase unha mostra monográfica deste fotógrafo, até o 4 de setembro.

LUÍSA VALDÉS
Podemos ollar a mostra *Lo lejano y lo cercano* até o luns 18 de xullo na galería *Dua2*.

SÍNTESE MONOCROMA
A *Casa Galega da Cultura* acolle esta mostra de **Carmen Lage**, na que presenta as pezas de audio e vídeo *Un son no silencio* e *Unha mirada, un instante*, realizadas para a exposición por **Minúsculo e d-rndm**.

Vimianzo

■ **MÚSICA**

SUGAR MOUNTAIN
O sábado 30 ás 00 h. presentan o seu disco *Hand Crafted Tunes* no Campo de Areosa. Guiños sureños e incursións efectísimas no rock duro e visceral fan deste un dos álbumes máis impactantes do momento.

Viveiro

■ **EXPOSICIÓNS**

400 QUIJOTES
Mostra de debuxos, óleos,

cerámica e escultura que podemos visitar, até o mes de novembro, no *Pazo de Trabe*.

Lisboa

■ **EXPOSICIÓNS**

FUNDAÇÃO CALOUSTE GUBELKIAN
A sede da *Fundação* e o *Centro de Arte Moderna José de Azeredo Perdigão (CAMPJAP)* acolle, até o 3 de setembro, a mostra *Paradoxos: Incorporar a cidade*, integrando traballos en vídeo, fotografía, deseño, pintura e instalacións

de algúns dos artistas romenos máis destacados da actualidade, como **Ion Grigorescu, Dan Persjovsky**, o colectivo **sub-BREAL**, e **Mircea Cantor**, todos os días de 10 a 18 h. menos os luns, con entrada libre. Tamén podemos ollar as mostras *Expelidos do Paraíso: Tapetes do mundo islámico dos séculos XIV-XX*, até o domingo 31; *Textos e Fotografías* do belga **Marcel Broodthaers**, até o 25 de setembro; ou *Metamorfosis: Arte Británica dos anos 60*, até a mesma data. Máis información en www.gubelkian.pt.

Non vos riades que o conto é triste



Non se sabe ben se é un aparcadeiro ou un comedeiro, pero neste restaurante de Oleiros, ou o que sexa, hai que facer o propio dun país civilizado, é dicir: comer, beber e pagar. Mais, iso si, comida civilizada.

Quédalle pouco a este ano dedicado ao escritor Lorenzo Varela. Durante este tempo pensei moitas veces que as celebracións do Día das Letras non serven xa para nada. Pensá-

baio deica onte que atopei a Mariana. Mariana ten sete anos. Estaba nunha librería pedíndolle á súa nai que e camenteira e que veu hai poucos anos de Venezuela que lle mercase un libro de Lorenzo

Varela. De súpeto Mariana correu para o andel, trouxo un exemplar e comezou a ler en alto a letra pequena. O exilio, os poemas... Alí quedamos durante unha miga a nai e máis eu escoitádoas. ♦

Director: Alfonso Eiré López. Empresa XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. Presidente: Xosé Fernández Puga. Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr/m²



Beatriz Esteban

‘É unha lenda que os vixilantes da praia liguemos moito’

H. VIXANDE
Atopámola nunha praia que conta con outros sete socorristas máis. É o seu primeiro ano de traballo vixiando os bañistas e confesa que hai días nos que pasa moito calor. Chámase Beatriz Esteban.

Seguro que de vixilante da praia ligase moito.

Achéganse algúns e iso, pero nada excesivo. Unha lenda.

Entre os bañistas, que abundan, os que saben nadar ou os que saben bucear?

Os que nadan. A xente é prevenida e os que non saben nadar non se meten moito. Móllanse e saen de contado. Pode que algún despistado pase algún apuro.

Dígame, todos os vixilantes son socorristas?

Todos. Temos un título, de socorrismo e de primeiros auxilios. Piden unhas marcas de natación moi rigorosas e facemos prácticas no mar. Hai que estar moi preparado.

Non hai moito furtivismo nas praias?

Se fala de mariscadores furtivos, non hai ningún, polo menos nestas praias.

E dos que se fan o afogado para que lle fagan o boca a boca?

Deses, algún máis. Aínda este domingo, tres rapaces que estaban bebédos botáronse ao mar. Pero todo foi unha falsa alarma e saíron polo seu propio pé.

Ninguén lle pide os prismáticos para espíar aos outros bañistas?

Non. E levamos. Cada un de nós temos un botiquín e uns prismáticos por se acaso.

Sempre din que o principal perigo das praias é a exposición ao sol.

Coido que non. Tampouco



PACO VILABARROS

hai problemas dese tipo. A xente vai protexida e usa cremas para non queimarse.

E afogados, leva algún?

Afogados tampouco. Non tivemos ningún, agás eses tres borrachos dos que falei antes. O ano pasado tampouco houbo ningún. Seino porque mo contaron, xa que este é o meu primeiro ano de socorrista. Se hai vixilancia, prevención, xa non hai ningún incidente. A xente ve que estás presente e non fai parvadas. E si ves a alguén facéndoas, chega con darlle un aviso.

Nas praias nudistas, os vixilantes deberían ir espidos?

Non. Se vixías, tes que estar ben visíbel e precisas levar unha roupa como esta, que chame a

atención, por se hai calquera problema, para recoñecerte rápido.

Ao mellor nunha praia nudista, abundaba cunha tatuaxe que puxese “Socorrista” para levar no peito e nas costas.

Coido que non.

Despois dun verán, estará máis morena que Pamela Anderson [a protagonista da serie de televisión “Os vixilantes da praia”].

Moito máis. E moito mellor.

Desde logo, nin coa metade dos cartos que ela.

Desde logo. E iso que traballamos moito máis ca eles: sete horas e medio ao día.

Cantos son e en que época funciona este servizo?

Nesta praia somos oito, en

todo o concello de Vigo, uns trinta. O sistema comeza a funcionar a mediados de xuño e remata a mediados de setembro. A verdade é que está moi ben organizado todo.

E tempo para aburrirse, hai?

O problema son os días malos; cando non hai xente, non sabes que facer e o día faise interminábel. En troques, os días como hoxe [con sol e altas temperaturas] pasan moito antes, sempre tes algo que facer.

E calor, non se pasa?

Ás veces moito e só poden darte un baño moi rápido para refrescarte. En seguida tes que saír da auga e poñerte a camisa de socorrista, por se pasa algo e precisas da túa axuda. ♦



O reino medieval de Galicia

Anselmo López Carreira

Unha contribución á historia política do Reino de Galicia, amplamente documentada, e unha crítica dos tópicos da historiografía oficial.

HISTORIA DE GALICIA
A NOSA TERRA

Fantasmás

XOSÉ A. GACIÑO

O século XXI comezou cos atentados do 11-S nos Estados Unidos. Non sei se era un agoiro do que podería ser o signo dos novos tempos, pero, polo de agora, o agoiro vai adiante. Unha nova forma de terror global esténdese polo mundo (occidental ou oriental, desenvolvido e menos desenvolvido) como resposta brutal e indiscriminada a difusos agravios históricos e a torpes, e non menos brutais, métodos de control do poder mundial.

Algúns din que é unha guerra, e mesmo actúan como nunha guerra, con resultados evidentemente pouco axeitados e até contraproducentes con respecto a este novo fenómeno, que sobarda as características do terrorismo tradicional (máis localizado territorialmente e cos obxectivos máis claros) para converterse na auténtica fantasma que percorre hoxe o mundo, pero neste caso non para establecer a xustiza universal que nos levase ao paraíso da sociedade sen clases (como aquela outra fantasma histórica que alentou esperanzas na segunda metade do século XIX), senón para reanimar os combates das guerras santas, con paraísos que non son deste mundo e que se reparten en función das crueldades que ditan os portavoces de deuses arbitrarios (e perdón pola redundancia), e que, na realidade, son instrumentos de novas forzas de poder totalitario, ao servizo obxectivo dos poderosos máis reaccionarios —mesmo dos que din combater— e co único resultado real de servir de coartada para que os gobernantes das sociedades democráticas reforcen os seus poderes de control, convencidos de que, ante semellantes escenarios de terror, os cidadáns sempre van preferir sacrificar as súas liberdades para ter máis seguridade. Gravísimo erro, por certo, no que se poden estrelar as sociedades libres: con esa falsa dicotomía, o único que se consegue é perder liberdades, porque a seguridade nunca está garantida.

Son outras armas (de investigación policial, por unha banda, e de cooperación real e de equilibrios internacionais xustos, por outra) as que, a longo prazo, poden aliviar esta incerteza. Se xa nos castiga o terrorismo global indiscriminado, que non aumenten o noso sufrimento coa represión indiscriminada. ♦